

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

CEIP RAMÓN DE LA SAGRA - CURSO 2022-2023

Programación condicionada por 2º ano, polo non cubrimento dunha praza de profesorado do Catálogo de Postos docentes dos centros públicos da CCAA de Galicia.

ÍNDICE

	Páx.
1.- INTRODUCCIÓN – CONTEXTUALIZACIÓN – O CENTRO.	4
2.- CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO	5
3.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO EDUCATIVO	7
4.- CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	8
5.- CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA	14
6. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS	15
7 ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	17
7.1. EDUCACIÓN INFANTIL	17
7.2. EQUIPOS DE PRIMARIA (tres ciclos a nivel organizativo)	24
7.2.1. PRIMEIRO E SEGUNDO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	24
7.2.2. TERCEIRO E CUARTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	27
7.2.3. QUINTO E SEXTO DE E. PRIMARIA.	35
7.2.4. ESPECIALIDADE LINGUA ESTRANXEIRA – INGLÉS	41
7.2.5. ESPECIALIDADE MÚSICA	45
7.2.5. ESPECIALIDADE EDUCACIÓN FÍSICA	52
7.2.6. RELIXIÓN E MORAL CATÓLICAS.	55
7.2.7. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.	59
7.2.8. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	59
7.2.9. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	63
7.3.0. EQUIPO DE BIBLIOTECA	65
7.3.1. EQUIPO DE TICs.	69
8. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	72
9.- PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO	97
10.- XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO	97
11. HORARIO DO PROFESORADO - QUENDAS DE VIXIANCIA – GARDAS DE ENTRADAS E SAÍDAS. (ADXÚNTASE ANEXO I).	98
12.- PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.	101
13. DISTRIBUCIÓN DA LINGUA NAS DIFERENTES MATERIAS DE E. PRIMARIA PARA ACADAR O EQUILIBRIO ESTABLECIDO POLO DECRETO 79/2010.	102
14.- LIBROS DE TEXTO E DE MAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO.	103

15. OFERTA EDUCATIVA DAS DISTINTAS OPCÍONS RELIXIOSAS E ACTIVIDADES PREVISTAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POR ENSINANZAS DE RELIXIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL.	103
16. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO.	104
17. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE	104
18.- HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO	105
19.- PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE EDUCATIVA	105
20.- PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR	106
21. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO	109
22. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTO POLA ANPA.	110
23.- PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO	110
24.- ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PLAN DE CONVIVENCIA PARA O ANO ACADÉMICO	111
25.- PLAN DE MELLORA CEIP RAMÓN DE LA SAGRA 2021/2022	111

ADDENDA. CALENDARIO ESCOLAR. DÍAS NON LECTIVOS DESTE CENTRO.

Aprobados en claustro e consello escolar como días non lectivos neste curso o:

- 28 DE ABRIL DE 2023.
 - Lembrar que o 7 de outubro de 2022 é festividade local.

ANEXO I. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

ANEXO II. CADRO HORARIO DO PROFESORADO, GARDAS, QUENDAS...

ANEXO II. SERVIZOS E PROXECTO ACTIVIDADES PROPOSTAS E DIRIXIDAS POLA PROPIA ANPA.

1.- INTRODUCCIÓN – CONTEXTUALIZACIÓN – O CENTRO.

O CEIP Ramón de la Sagra está ubicado na Rolda Camilo José Cela, nº4. Tamén dispón de acceso pola Avenida Salvador de Madariaga.

Estende a súa área de influencia polo barrio de Monelos, barrio das Flores, 2ª fase do polígono de Elviña e Matogrande.

Tamén recolle alumnado das zonas de Eirís, Palavea, Pedralonga e A Pasaxe, malia que esta última non se atopa propiamente na nosa área.

O centro escolariza a un total de **412 alumnos/as**. Compre salientar que falta a data de hoxe a cumplimentación do catálogo de postos dos centros públicos de ensino da CCAA de Galicia ao igual que o curso pasado, o cal sitúanos en clara desventaxa a toda a comunidade educativa fronte a outros centros.

Asemade, o noso plantel de persoal é o que se relaciona a continuación, quedando recollida a súa distribución dentro da epígrafe 5.3 desta Programación Xeral Anual:

- 8 docentes de Educación Infantil.
 - 10 de Educación Primaria (**falta un posto por cubrir do catálogo de postos vixente**).
 - 2 de Filoloxía Inglesa.
 - 1 de Filoloxía Francesa.
 - 2 de Educación Física.
 - 1 de Educación Musical.
 - 1 da Xefatura do Departamento de Orientación.
 - 1 + 1 de Audición e Linguaxe, un compartido co CEIP A Rabadeira.
 - 1 + 1 de Pedagogía Terapéutica.
 - 1 de Relixión.
- **SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:**
- **TRANSPORTE:** contamos con 3 roteiros de autobuses, dous deles compartidos co alumnado do CEIP María Pita. Este curso comeza unha nova adxudicataria, tendo xa varias incidencias de retraso por non cumprir á hora de saída da ruta. Xa se comunicou a Servizos Complementarios – Transporte Escolar. A día de hoxe, mantense a obriga de levar mascarillas no transporte.
 - **COMEDOR ESCOLAR:** xestionado pola ANPA en horario de 14.00 ás 16.00 h; a súa organización e funcionamento acolléase ao disposto no Regulamento Interno de uso aprobado pola ANPA.

- **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:**

A ANPA do Centro xestiona e promociona Programas de Actividades Extraescolares propias e ofertadas polo Concello, a través da Federación de ANPAs.

2.- CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO

A premisa fundamental deste centro, é e seguirá sendo:

"en calquera actuación, acordo, estrutura ou acción, basearase en conquistar unha escola aberta á comunidade, flexible, integrada no entorno, baseada en valores democráticos, onde o obxectivo único e primordial só é un posible: o desenvolvemento integral do alumnado".

Sen desbotar ningunha das funcións do claustro, mantense novamente o obxectivo de que a comunidade educativa participe activamente, máis aló do que prescribe a normativa vixente, avanzando na necesidade e principio de afianzar outras "participacións" ou "actuacións" que non sexan esporádicas, senon continuas no tempo.

A atención á diversidade é unha premisa fundamental en calquer acción educativa, de xeito que calquera neno/a terá unha resposta axeitada ás súas necesidades. A comunidade educativa actuará de forma conxunta de cara a acadar dito obxectivo así como para evitar calquera conducta que poida alterar aspectos relacionados coa igualdade de oportunidades entre o alumnado ou o respecto pola liberdade de cada un.

En definitiva, prevalece a premisa de crear entre toda a Comunidade Educativa, unha escola baseada en valores democráticos, de esforzo e compromiso, respetuosa coas diferenzas individuais de cada un dos membros que formamos a comunidade educativa, e traballando na liña de que en educación, ninguén pode quedarse atrás.

2.1.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2022/2023

1. Adaptación á LOMLOE. Este curso comeza en E. Infantil e 1º, 3º e 5º de E.Primaria. Convén deixar constancia do seguinte, toda vez que o curso comezou o día 8/9/22:
 - a.) O Decreto 150/2022 polo que se establece o currículo de E. Infantil é do 8/9/22 e publícase o 9/9/22.
 - b.) O Decreto 155/2022 polo que se establece o currículo de E. Primara aprobouse o 15/9/22, e publicóuse o día 26/9/22.
 - c.) A aplicación PROENS non estaba lista ao comezo de curso e é unha queixa constante que non é operativa, dá moitos erros sen indicar cales son e unha unidade didáctica leva mínimo dúas ou tres horas.

a. Os cursos para o seu manexo estanse a convocar en horario lectivo, polo que é imposible que o profesorado que está aceptado no curso o poida facer.

d.) Solventar todas as incidencias características existentes deste centro e a súa posta en marcha con todos os servizos ao noso alcance.

- Adecuación progresiva dos documentos preceptivos a nova normativa en vigor.
- Elaborar as programación didácticas, o seu seguimento e cumprimento en todos os niveis.
- Establecer proxectos entre a comunidade educativa que formen un continuum.

3. Garantir, **condicionados polos recursos humanos que temos**, que o alumnado teña todas as posibilidades e recursos para que poida adquirir o nivel de competencias esixido, creando actitudes positivas de cara ao aprendizaxe, potenciando:

- A adquisición de habilidades para desenvolver as capacidades intelectuais.
- O coñecemento das características do proceso de aprendizaxe individual e de grupo.
- A curiosidade e o gusto por aprender.
- O coñecemento e a utilización de diversas fontes e recursos de información.
- Ser competentes en todo aquilo no que están inmersos.

4. Dar resposta á diversidade do alumnado.

- Facer un seguimento de NEAE e observar as necesidades que van xurdindo para darlle resposta, sempre e cando o centro teña os recursos suficientes para facelo e entren dentro das posibilidades e características dun centro ordinario e as características psicoevolutivas do alumnado.

5. Fomentar a innovación educativa e a formación continua do profesorado.

6. Favorecer as relacións da comunidade educativa e coas institucións e entidades do contorno, dentro das competencias que cada institución ten de seu.

7. Optimizar os recursos dos que dispoñemos, tanto persoais como materiais.

Realizaremos un simulacro de evacuación segundo a normativa existente lembrando á necesidade de crear unha escada de evacuación ao final dos pasillos da primeira e segunda planta posto que só existe unha saída de emerxencia que en caso de producirse unha situación de risco non controlado, non se podería evacuar ao alumnado (xa requerido dúas veces a X. Territorial de A Coruña, e solicitarase novamente neste curso).

2.2.- MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

Para acadar os obxectivos propostos na citada concreción anual, adoptaremos as medidas seguintes:

- Empregar a CCP como órgano fundamental de coordinación docente e dinamización e mellora do funcionamento do centro, canalizando as achegas dos distintos niveis e etapas.

- Tentar de dinamizar os diferentes equipos e traballar conxuntamente na procura dos obxectivos básicos propostos para este curso escolar.
- Mellorar a coordinación entre os equipos dinamizadores, para unificar actuacións e propostas de actividades, que resulten viables e efectivas non so no actual contexto sanitario no que nos atopamos.
- Continuar impulsando a *hora de ler*, na que adicamos un tempo diario de 20 minutos previos ou despois do recreo, en función do que corresponda nas quendas establecidas.
- Reforzar o emprego da titoría como espazo para crear un clima de traballo e convivencia positiva, no que se favoreza o esforzo persoal no estudo e a competencia socioemocional do alumnado.
- Continuar a solicitar, tanto ao Concello como á Xefatura Territorial, obras encamiñadas á mellora das instalacións do noso centro.

2.3.- RECURSOS PREVISTOS PARA O PATIO

Namentres non poidamos ir desenvolvendo o plan director de patio existente no noso centro, terán xogos distribuídos polo patio de uso libre.

Favorecerase o xogo cooperativo, colectivo, inclusivo. Aproveitando xogos de refugallo que se irán elaborando e tamén mercados.

Establécese colaboracións co CIFP Someso e o IES Rosalía Mera, para colaborar na elaboración de estruturas e mobiliario.

3.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO EDUCATIVO

Primeiro ano da implantación da LOMLOE en E. Infantil e cursos impares de E. Primaria, iránse tratando e engadindo ás modificacións oportunas en cada caso.

4.- CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. INTRODUCCIÓN

O Plan Xeral de Atención á Diversidade o documento que artella e concreta todas as actuacións e medidas de atención que neste sentido, se desenvolven no centro para adecuar a resposta educativa ás necesidades de todo o noso alumnado.

A actuación basearase no recollido no Decreto 229/2011 pola que se regula a atención á diversidade en Galicia e a Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve dito Decreto.

Teranse en conta os Protocolos de referencia establecidos pola Consellería, que se indican a continuación:

- Protocolo para a Atención Educativa ao Alumnado con Altas Capacidades Intelectuais
- Protocolo para a Atención Educativa ao Alumnado con Discapacidade Auditiva
- Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con TEA
- Protocolo Educativo para a Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar (2018)
- Protocolo de Urgencias Sanitarias e Alumnado con Enfermidade Crónica
- Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria
- Protocolo para a Intervención Psicoeducativa da Dislexia e outras Dificultades Aprendizaxe.
- Protocolo para a Atención Educativa do Alumnado coa Síndrome de Down e D. Intelectual
- Protocolo de Prevención, Detección e Intervención de Risco Suicida en Ámbito Educativo
- Protocolo de Coordinación, Intervención e Derivación en Atención Temprá

2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN		
EQUIPO DIRECTIVO	PROFESORADO TITOR	RESTO PROFESORADO
Asegurar presenza atención á diversidade no PE, nos plans, programas e a promoción dos principios do deseño universal de aprendizaxe	Organización da avaliación inicial do alumnado	Colaboración co profesoradotitor e xefatura do DO na planificación e no desenvolvemento de actuacións
Distribución e organización equitativa dos recursos	Participación nas propostas que realice a xefatura do DO en relación medidas e recursos para atender a diversidade do alumnado da súa tutoría	Utilización de estratexias metodolóxicas promotoras cara á convivencia e o desenvolvemento do alumnado que atende
Información a Comunidade educativa dos	Coordinación dos procesos E/A e a promoción da súa participación nas actividades aula/centro	Consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe

proxectos, plans, programas, medidas, recursos e servizos		
Promoción da convivencia, traballo en equipo, formación e innovación do profesorado	Intercambio de información co resto profesorado e familia	Participación na coordinación do equipo docente baixo a dirección do profesorado titor
Seguimento e avaliación dos plans, proxectos, programas e propostas de mellora.	Solicitude de intervención da xefatura do do no caso de alumnado no que se detecten dificultades de aprendizaxeousituacións que requiranunha valoración especializada; colaborando no proceso de avaliaciónpsicopedagóxica ena aplicación das medidas que se propoñan e dos informes que se requiran.	

CONCEPTOS		
ALUMNADO CON NECESIDADE ESPECÍFICA DE APOIO EDUCATIVO	CON DE	Alumnado que require atención educativa DIFERENTE Á ORDINARIA por: <ul style="list-style-type: none"> - Presentar necesidades educativas especiais - Retraso madurativo - Trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación - Trastornos de atención ou de aprendizaxe - Descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe - Situación de vulnerabilidade socioeducativa - Altas capacidades intelectuais - Incorporación tardía ao sistema educativo - Condicións persoais ou de historia escolar -
ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	CON	Alumnado con barreiras que limitan acceso, presenza, participación ou aprendizaxe; por un período ou ao longo da súa escolarización e que require determinados apoios e atencións educativas específicas : <ul style="list-style-type: none"> - Discapacidade - Trastornos graves de conducta - Trastornos da comunicación e linguaxe
ALUMNADO EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE SOCIOEDUCATIVA E/OU CULTURAL	EN DE	Presenta desigualdades derivadas de FACTORES : <ul style="list-style-type: none"> - Sociais - Familiares derivados de violencia de xénero - Económicos - Culturais

	- Étnicos, etc
ALUMNADO ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS	Capacidade intelectual igual o superior a 130 de CI, un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas área de interese.
ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA AO SISTEMA EDUCATIVO	Alumnado procedentes doutros países ou por outro motivo xustificad o, se escolarizan tardiamente e presentan dificultades: <ul style="list-style-type: none"> - Linguas - Desfase curricular

MEDIDAS
ORDINARIAS: todas as que faciliten a adecuación do currículo SEN ALTERACIÓN SIGNIFICATIVA dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
ADECUACIÓN DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO, E DA ORGANIZACIÓN E A XESTIÓN DA AULA ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO
ADECUACIÓN DAS PROGRAMACIÓN DIDÁCTICAS AO ALUMNADO E ÁS CIRCUNSTANCIAS DO SEU CONTORNO
METODOLOXÍAS BASEADAS NO TRABALLO COLABORATIVO EN GRUPOS HETEROXÉNEOS, TITORÍA ENTRE IGUAIS, APRENDIZAXE POR PROXECTOS E OUTRAS QUE PROMOVAN INCLUSIÓN.
ADAPTACIÓN TEMPOS, INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
AULAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA
REFORZO EDUCATIVO E APOIO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA
PROGRAMAS DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR
PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO (OBLIGATORIO DURANTE TODO O CURSO)
PROGRAMAS DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS

EXTRAORDINARIAS: dar resposta ao alumnado NEAE que poden requirir modificacións significativas do currículo e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. APLICARANSE UNHA VEZ ESGOTADAS OU RESULTAREN INSUFICIENTES AS MEDIDAS ORDINARIAS.
ADAPTACIÓN CURRICULARES

AGRUPAMENTOS FLEXIBLES
APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PT E AL
FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN NAS ETAPAS DE EI,EP
ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE PRESENTA DIFICULTADES PARA UNHA ASISTENCIA CONTINUADA A UN CENTRO DOCENTE
ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO SOMETIDO A MEDIDAS DE PROTECCIÓN E TUTELA
ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO AFECTADO POR MEDIDAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E/OU ACOSO ESCOLAR
ATENCIÓN EDUCATIVA ALUMNADO PROCEDENTE DO ESTRANXEIRO

3. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN DE RECURSOS E APLICACIÓN DE MEDIDAS

Actuacións preventivas e de detección temperá.

A detección das necesidades educativas do alumnado e a correspondente intervención realizarase desde un enfoque multidisciplinar e interinstitucional. Nesadetección e intervención colaborarán:

- profesorado titor
- equipos docentes
- servizos de orientación
- equipos directivos
- familias
- servizos sanitarios, sociais e persoas/institucións

Avaliación inicial.

Considérase fundamental a avaliación inicial de todo o alumnado que se incorpore ás ensinanzas de cada etapa:

- 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL
- 1º ED. PRIMARIA

Realizada polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

Os resultados servirán para adoptar as decisións de tipo educativo e, no caso que corresponda, demandar da xefatura do DO a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

O DO asesorará no proceso da avaliación inicial así como dos materiais e instrumentos para a recollida de información.

O profesaradotitor + xefatura do do, informará familias sobre o procedemento a levar a cabo e de ser o caso, a identificación temperá das necesidades educativas. achegaralles información sobre os resultados, e cando proceda, sobre a aplicación das medidas de atención ádiversidade que se consideren necesarias.

Para procurar a mellor resposta educativa posible para todo o noso alumnado estableceremos, unha serie de **criterios prioritarios** para organizar a atención por parte das mestras especialistas de **Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe** do centro, salientando os que seguen a continuación:

- ❖ Atención ao alumnado con NEE, o que segundo o actual marco normativo en atención á diversidade abrangue a aqueles que presenten discapacidade e/ou trastornos graves de conduta (TEA, TXD, TDAH e outros).
- ❖ Alumnado con Adaptacións Curriculares Significativas tanto de acceso coma relacionadas co seguemento do mesmo.
- ❖ Alumnado con NEAE ou que poida presentar outras Dificultades Específicas na súa aprendizaxe, priorizando aqueles alumnos/as que xa viñan recibindo atención e/ou presentan maiores dificultades polas súas condicións persoais ou de historia escolar previa.
- ❖ Alumnado que presente dificultades na linguaxe de menor gravidade, sempre que a planificación horaria o permita e se xustifique previamente a valoración das necesidades en cada caso.

O persoal auxiliar coidador como recurso

O alumnado ten que presentar:

- necesidade de ser acompañado en todos ou en parte dos seusdesprazamentos
- Necesidade de asistencia nasúahixiene e aseo
- Necesidade de asistencia imprescindible nasúa alimentación.
- Necesidade de cambios posturais frecuentes ao longo da xornada escolar, para os que careza de autonomía.
- Ausencia de hábitos básicos de autonomía e de vida en sociedade.

FUNCIÓNS DO PERSOAL AUXILIAR COIDADOR:

- Atender ao alumnado nas entradas e saídas do centro, hábitos de hixiene, aseo e alimentación; nos recreos, xogos e tempos de lecer; nos cambios de actividade e nasdemais necesidades análogas
- Realizar os cambios e o control postural que ese alumnado necesite
- Facilitar os traslados polos espazos do centro.
- Contribuíraoseucoidado durante todo o período lectivo, mesmo dentro da aula, cando resulte necesario.
- Colaborar na atención dese alumnado durante o tempo de recreo, xogo e/oulecer.
- De ser o caso, atender ao alumnado durante o servizo de comedor, así como no momento anterior e posterior a este servizo.
- Nos casos excepcionais que resulte necesario, acompañar na ruta escolar ao alumnado que requira da presenzadeste profesional.
- Colaborar nas actividades complementarias nas que participe este alumnado.
- Participar, logo de debida convocatoria, nasreuniónsnas que se aborden temas relacionados co alumnado que atende.

A intervención será gradual, de maior a menor atención, en función do nivel de autonomía que o alumnado que atende vaiaadquirindo.

Intérprete de lingua de signos e Guías-Intérpretes con xordocegueira nos centros docentes.

Recursos extraordinarios coas seguintes funcións:

- Normalizar a situación comunicativa
- Colaborar cos equipos docentes e outros profesionais
- Establecer canles de coordinación cos equipos docentes e DO
- Colaborar na formación especializada
- Desenvolver canles de colaboración coas familias, entidades ou asociacións.

4. CANLES PARA A COMUNICACIÓN E COORDINACIÓN DURANTE O CURSO

Manteremos vías de comunicación como poden ser: Presencial, Web do centro, contactos telefónicos e telemáticos.

Empregando as canles anteriores, neste curso incidiremos en tratar de manter unha coordinación o máis efectiva que sexa posible, tanto á hora de proporcionar asesoramento coma intercambiar información e proporcionar apoio ás familias do noso alumnado.

Por outra banda, pola gran cantidade de necesidades educativas que abrangue o alumnado do noso centro e preciso coordinarnos con Servizos Sociais Municipais e Sanitarios, especialmente coas Unidades de Atención Temperá, SERGAS ou Asociacións e Gabinetes Psicopedagóxicos.

5. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Necesidade de avaliación continua do mesmo.

Introduciranse as modificacións e propostas de mellora que resulten necesarias, que se recollerán tamén ao finalizar o curso, para procurar a mellor organización e posta en práctica das medidas de atención á diversidade.

Establecemos os seguintes indicadores:

OBXECTIVOS DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	VALORACIÓN		
	SI	EP	NON
Adequar o desenvolvemento da acción educativa á diversidade do alumnado.			
Optimizar o uso dos recursos do centro.			
Xerar oportunidades de mellora en colaboración con servizos da propia Consellería ou outras entidades.			
Aplicar criterios pedagóxicos que orienten na adopción de decisións respecto do alumnado con NEAE.			
Deseñar respostas educativas e planificar actuacións para a atención á diversidade do alumnado.			
SI (acadado) EP (en proceso) NON (non acadado)			

5.- CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

CLAUSTRO DE PROFESORES. ADSCRICIÓN:

A adscripción do profesorado para o presente curso 2022/2023, será a que segue a continuación (*Condicionada pola falta de persoal de E.P. do catálogo de postos non cuberto):

O claustro deste centro, así como as funcións de cada membro quedan reflectidas nos seguintes apartados:

TITORÍAS EDUCACIÓN INFANTIL

4º A	Ruth Palomar Fernández
4º B	Rebeca González Antelo (sustitúe Juan Casal López).
5º A	Lidia Fuentes Naya.
5º B	Marta Méndez Guerras.
6º A	Carmen Pailos Montáns
6º B	Margarita Canosa Prego
APOIO	Mª Pilar Bermúdez Mallón
	Sulema Meizos Bermúdez (sustitúe Raquel Moruja Aller.)

TITORÍAS EDUCACIÓN PRIMARIA (Condicionadas pola falta dun posto de mestre/a de E. P. do catálogo)

1º A E.P	Ana Chouciño Garrido
1º B E.P	Pablo Reimúndez Castiñeiras
2º A E.P	Marta Lorenzo Cousillas (Especialista E. Física).
2º B E.P.	Laura Rodríguez Calderón
3º A E.P	María José Reija Martúl
3º B E.P	Mª Pilar Ojea Montes
4º A E.P	Mª Carmen Maceiras Freire
4º B E.P	David Guiu Blade
5º A E.P	Leticia Recarey Pérez
5º B E.P	Mª Teresa Rodríguez Álvarez (Especialista Música)
6º A E.P	Carina Gloria Gradaille Camba (Especialista L. Estranxeira Inglés).
6º B E.P	Inmaculada Quiñoy Pita

PROFESORADO ESPECIALISTA

EDUCACIÓN FÍSICA	Paz Santiso Andrade Marta Lorenzo Cousillas
MÚSICA	M ^o Teresa Rodríguez Álvarez
INGLÉS	Laura Somoza Louro Carina Gloria Gradaille Camba
RELIXIÓN	M ^a Jesús Gantes Pazos
PEDAGOXÍA TERAPEUTICA	Carmen Castro Vázquez Sabela Ramos Campos (compartida con outro centro).
AUDICIÓN E LINGUAXE	Laura Martínez Pan Sara García do Campo
ORIENTADOR	Juan Ignacio Castro Rivas

EQUIPO DIRECTIVO

Francisco J. Mourelo Barreiro	DIRECTOR
Alba Rodríguez Bermúdez	XEFA DE ESTUDOS
Laura Martínez Pan	SECRETARIA

6. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Claustro: Todol@s Mestres/as.

Consello Escolar:

REPRESENTANTES DO PROFESORADO:

D^a M^a Carmen Castro Vázquez, D^a Carmen Pailos Montáns, D^a Laura Rodríguez Calderón, D^a Pilar Ojea Montes, D^a Marga Canosa Prego.

REPRESENTANTES DOS PAIS: D. Pedro Coladas Lois, D^a Gema Pérez Daquinta, D^a Marta Vázquez Patiño.

REPRESENTANTE DA ANPA: D^a. Lucía Fernández Díaz.

REPRESENTANTE DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS: D^a Nora Bonilla Martínez.

REPRESENTANTE DO CONCELLO: D^a Paloma Vázquez Valcuende.

Os órganos colexiados deberán en todo momento:

- Velar pola efectiva realización dos fins da educación e pola mellora da calidade do ensino.
- Garantir o exercicio dos dereitos do alumnado, profesorado, familias do alumnado e persoal de servizos.
- Favorecer a participación efectiva de todos os membros da comunidade educativa na xestión e avaliación do Centro.

En definitiva, todos aqueles recollidos da normativa vixente, e aqueles que non estando recollidos, redunden en beneficio da Comunidade Educativa e na mellora na formación dos alumnos.

CALENDARIO DE REUNIÓN DE COORDINACIÓN DOCENTE E ÓRGANOS DE GOBERNO

O calendario de reunións establécese do seguinte xeito, entendendo sempre que se poderá alterar en función das necesidades do Centro ou do calendario escolar establecido por normativa.

1º luns do mes	2º luns	3º luns	4º luns
CCP/C. Convivencia	DINAMIZACIÓNS	CICLO-NIVEIS	CLAUSTRO

- O Consello Escolar reunirase preceptivamente unha vez por trimestre, sen perxuízo de que se reúna as veces que se considere segundo as necesidades e incidencias no centro.

7 ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

7.1. EDUCACIÓN INFANTIL

A. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

A.1. ORGANIZACIÓN ESPACIAL

As aulas de Educación Infantil ocupan a zona esquerda da planta baixa do edificio. En seis delas lévanse a cabo tarefas docentes, existindo outra a maiores, que funciona como sala de xogos e na que se atopa a PDI. Contamos, ademais, cun cuarto que serve de almacén para o material e no fondo a man dereita atópanse os servizos hixiénicos adaptados aos nenos/as.

Outras aulas onde o alumnado normalmente desenvolve as súas actividades son: a biblioteca, a sala de xogos, o ximnasio e a aula de música. Non obstante, poderán desfrutar de outras aulas coma á aula de informática, en función da súa dispoñibilidade.

A.2. ORGANIZACIÓN TEMPORAL

A actividade escolar desenvolverase das 09h00min ás 14h00min. A nova organización do período de adaptación para o alumnado de tres anos, e de acordo co Plan de acollida, será o seguinte:

Os dous primeiros días, **xoves 8 e venres 9** de setembro, as nenas e nenos asistirán á clase en tres grupos e no seguinte horario:

A1	A2	A3
10:30h a 11:15h	11:30h a 12:15h	12:30h a 13:15h

O primeiro día será acompañados dun familiar, mentres que o segundo acudirán sen acompañante.

Os días **luns 12, martes 13**, asistirán repartidos en dous grupos e no seguinte horario:

A1	A2
10:15h a 11:15h	12:00h a 13:00h

O quinto día, **mércores 14**, asistirán repartidos en dous grupos e no seguinte horario:

A1	A2
9:30h a 11:00h	12:15h a 13:45h

Os días **xoves 15 e venres 16**, asistirán todos xuntos de 10:30h a 12:30h e de 10:30h a 13:30h respectivamente.

E a partir do **luns 19**, empezaremos o **horario completo**:

A PARTIR DO LUNS 19	9:00h. a 13:50h.
------------------------	------------------

Tras a retirada das medidas do Protocolo COVID-19 no curso 2022/2023, modifícanse as entradas e acceso ao centro. De maneira que as familias poderán acompañar aos seus fillos e fillas ata á porta de cada aula de infantil, respectando a porta de entrada propia desta etapa educativa.

As entradas serán comúns para tódolos curso, ás 8:55h, polo portalón de acceso ao patio exterior (lado dereito) ou pola porta de transporte. Aquelas familias que demoren a súa chegada (máis tarde das 9:10) deberán acceder pola porta principal.

Por outra banda, ó alumnado de madrugadores e de transporte acompañarase á entrada de infantil ou ao *hall* ata o momento no que soe a música (8:55h), ata ser recollidos polas titoras.

Antes de saír ó recreo, tomarán na aula os alimentos que traian da casa, mantendo as medidas de hixiene básicas que xa se realizaban de maneira cotiá (previo lavado de mans e limpeza de mesas).

Os recreos tamén volven á normalidade grazas a posibilidade de mesturar os grupos dos distintos niveis. De forma que se manteñan o horario habitual previo á pandemia, 11:30h a 12:00h. Para iso cóntase cunha organización de centro que permita a presenza de 5 mestras xunto coa compañía das dúas auxiliares técnico educativas. Coa finalidade de atender e coidar a tódolos nenos e nenas dos posibles risco e imprevistos.

Os días de choiva o alumnado permanecerá na súa aula.

A saída realizarase tamén gradualmente para evitar á obstrución da porta de entrada da seguinte forma:

Os alumnos de 3 anos sairán ás: 13:50horas.

Os alumnos de 4 anos sairán ás: 13:55 horas.

Os alumnos de 5 anos sairán ás 14:00 horas.

A.3. ORGANIZACIÓN PERSOAL

Coordinadora: Sara García do Campo (mestra especialista de AL)

Titora de 3 anos A: Ruth Palomar Fernández.

Titora de 3 anos B: Rebeca González Antelo.

Titora de 4 anos A: Lidia Fuentes Naya

Titora de 4 anos B: Marta Méndez Guerras

Titora de 5 anos A: Carmen Pailos Montáns.

Titora 5 anos B: Margarita Canosa Prego.

Música: Sulema Meizoso Bermúdez.

Psicomotricidade: Pilar Bermúdez Bellón

Lingua inglesa: Laura Somoza Louro

Relixión: M^a Jesús Gantes Pazos.

Apoio: Pilar Bermúdez Bellón e Sulema Meizoso Bermúdez.

B. OBXECTIVOS

Segundo o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, tentamos proporcionar unha educación integral, que poida contribuír a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.

- Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

- **METODOLOXÍA**

Os métodos de traballo basearanse: nas experiencias, nas actividades e no xogo e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a autoestima e a integración social. Para iso, teranse en conta as características persoais e contextuais de cada alumnado así coma os seus intereses. O traballo globalizado permitirá fomentar o desenvolvemento integral de todo o alumnado, inclusive o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Os materiais son seleccionados en función dos obxectivos plantexados e do momento evolutivo do alumnado. A distribución dos materiais nas aulas facilitarán a orde e o uso autónomo e comunitario. Haberá recantos de actividade para traballar individualmente ou en pequeno grupo. Tamén un espazo para a asemblea, onde poida participar toda a clase.

Organizarase o tempo, na medida do posible baixo presupostos de flexibilidade, que lle permitan ao profesorado axeitalo ás características das tarefas, procurando que o horario estea ao servizo da metodoloxía. No desenvolvemento da xornada escolar combinarase tempos de rutinas con tempos de actividades específicas, segundo as necesidades do alumnado.

Iniciarase na lectoescritura baixo diferentes enfoques metodolóxicos sempre fomentando unha lectura funcional en situación contextualizadas.

- **CONTIDOS**

Os contidos educativos organizaranse entorno ás seguintes áreas:

D.1. Área de Comunicación e Representación da Realidade.

- **Intención e interacción comunicativa.**
- **As linguas e os seus falantes.**
- **Comunicación verbal oral. Comprensión, expresión e diálogo.**
- **Aproximación á linguaxe escrita.**
- **Aproximación á educación literaria.**
- **Linguaxe e expresión musical.**
- **Linguaxe e expresión plástica e visual.**
- **Linguaxe e expresión corporal.**
- **Alfabetización dixital.**

D.2. Área de Crecemento en Harmonía.

- **O corpo e o control progresivo deste.**
- **Equilibrio e desenvolvemento da afectividade.**
- **Hábitos de vida saudable para o autocoidado e o coidado da contorna.**
- **Interacción socioemocional na contorna. A vida coas demais persoas.**

D.3. Área de Descubrimento e Exploración da contorna.

- **Diálogo corporal coa contorna. Exploración creativa de obxectos, materiais e espazos.**
- **Experimentación na contorna. Curiosidade, pensamento científico, razoamento lóxico e creatividade.**
- **Indagación no medio físico e natural, Coidado, valoración e respecto.**
- **Descubrimento e participación na contorna social. Relacións, servizos e actividades culturais.**

Ademais destes contidos incorporaremos a educación en valores de xeito transversal e tomaremos as 8 competencias clave recollidas no decreto de currículo como referentes na nosa práctica educativa.

E. ACTIVIDADES

As actividades que imos desenvolver serán elaboradas polo Equipo de Infantil, de acordo cos contidos mencionados anteriormente.

Teranse en conta as características socio-culturais do contorno, as características do propio centro, a organización das actividades internivelares, así como, a colaboración coas familias e con diversas entidades e Institucións.

Traballaremos:

1º trimestre: *A escola, a familia, o corpo humano. O outono: condicións atmosféricas, cambios na paisaxe, prendas, froitos... O Samaín.*

Celebracións: o magosto e o Nadal.

Proxectos relacionados co medio físico e natural.

2º trimestre: *O inverno. O cultivo das plantas: o noso horto. Celebracións referidas ó día da paz, o entroido, o día da árbore.*

Proxectos relacionados co medio físico e natural.

3º trimestre: *a primavera e o verán, as árbores, as flores.*

Celebracións: o día do libro, o día das letras galegas, o día da familia.

Proxectos relacionados co medio social e coas artes.

En tódolos trimestres faremos referencia *ós animais, ós oficios, ás estacións e, dentro da educación para a diferenza, outros lugares, outras xentes e outras culturas.*

Porén, neste curso 2022/2023 propoñeranse actividades complementarias e extraescolares a favor do noso alumnado e o contacto con aprendizaxes prácticas e contextualizadas no entorno máis próximo. De forma que teñan posibilidade de experimentar vivencias ao alcance de todos e todas. Do mesmo modo, aproveitaranse espazos libres coma o patio, fora dos recreos, para realizar actividades ou segmentos de ocio dirixido.

F. ATENCIÓN EDUCATIVA: ACTIVIDADES ALTERNATIVAS Á RELIXIÓN.

Será impartida pola mestra Pilar Bermúdez Bellón. Realizarase en horario simultáneo ás ensinanzas de relixión desdoblado o grupo e traballando uns na aula e outros na sala polivalente. Serán actividades relacionadas coa biblioteca e outras actividades de carácter artístico.

G. AVALIACIÓN

A avaliación, que se axusta ao disposto na Orde 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, será: global, continua e formativa. Valerémonos da observación directa e sistemática, como técnica principal para levar a cabo este proceso.

A avaliación servirános para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada nena ou neno. Tomaremos como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas de coñecemento.

Trimestralmente informaremos ás familias por escrito do progreso das nenas e nenos, que iremos observando día a día.

Ó rematar a E.I. emitiremos un informe individualizado de final de ciclo, que pasará a formar parte do expediente escolar de cada neno ou nena.

Avaliaremos ademais dos procesos de aprendizaxe, a nosa propia práctica educativa a nivel persoal e de equipo, e introduciremos ó longo do curso as modificacións necesarias, tanto na programación como a nivel organizativo.

H. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

Adaptaremos a resposta educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo de cada neno/a. O departamento de orientación poñerá en marcha accións e recursos encamiñados á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe mediante a coordinación de cantos axentes interveñan na atención deste alumnado.

I. PARTICIPACIÓN NO PROXECTO LECTOR DO CENTRO.

O Equipo de Educación Infantil, ó longo dos últimos anos veu realizando actuacións para o fomento da lectura, da escritura, e da adquisición das competencias básicas. Polo tanto, valoramos o Proxecto Lector como unha forma moi positiva de potenciar: a capacidade creativa, desenvolver a linguaxe, e incrementar a capacidade de escoita analítica dos nosos alumnos/as; e abordamos a súa realización dende unha perspectiva activa e motivadora.

A hora de ler: normalmente as nenas e os nenos de Educación Infantil realizan un achegamento a Literatura, a través da lectura en voz alta realizada por unha lectora competente –a mestra- fonte de pracer e de aprendizaxe compartido. Esta actividade desenvólvese conxuntamente en todo o Centro, cunha sesión de 20 minutos despois do recreo (12:00 h a 12: 20h).

Outras medidas de actuación, para acadar os obxectivos establecidos neste Plan son:

- A introdución do alumnado no uso das bibliotecas de centro e de aula, como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.
- O emprego de materiais aportados polo alumnado.
- Facendo uso dos programas de “prestamos colectivos”, que ofertan algunhas Bibliotecas; realizando visitas guiadas para coñecerlas mellor, e disfrutando dalgúns actividades organizadas polas mesmas.
- A utilización das tecnoloxías da información, como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

Realizaremos unha avaliación continuada cunha posta en común trimestral para valorar: avances, dificultades, e posibles melloras.

A final de curso reseñaremos na memoria a avaliación final do proxecto aplicado na E.I.

J. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN:

O principal obxectivo dende a Educación Infantil será que os nenos/as comencen a concibililo como unha fonte máis de busca de información, sempre dende unha forma lúdica e que adquiran coñecementos básicos do manexo do ordenador. Para isto dispoñemos dun ordenador por aula e dunha pantalla dixital na nosa aula de xogos. Durante este curso Intentarase aumentar o equipamento informático das aulas.

7.2. EQUIPOS DE PRIMARIA

7.2.1. PRIMEIRO E SEGUNDO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

INTRODUCCIÓN

Neste curso escolar compre recuperar a dinámica das aulas e do ciclo previa á pandemia vivida. Tamén é un curso de transición en canto á lexislación se refire, xa que o primeiro curso estará inmerso no cambio de currículo.

OBXECTIVOS XERAIS

Desenvolver a autonomía persoal dos alumnos/as e a socialización cos compañeiros e mestres.

Apreciar a importancia dos valores ético-sociais e actuar dacordo con eles.

Respectar e valorar as diferenzas culturais das minorías étnicas, do alumnado inmigrante e daquel alumnado que precisa atención especial.

Aprender a traballar en grupo aceptando normas, puntos de vista diferentes, etc.

Potenciar a conservación do medio ambiente e do patrimonio cultural.

Desenvolver unha actitude de interese polo coñecemento das linguas propias da comunidade, da tradición e da nosa cultura.

Adquirir o dominio de aprendizaxes básicas.

Identificar, plantexar e resolver problemas a partir da experiencia diaria, empregando os coñecementos básicos e os recursos materiais dispoñibles.

Fomentar o interese pola lectura nos seus diversos aspectos (lúdico, consultivo, creativo, formativo...)

Desenvolver a capacidade de comunicación tanto no aspecto oral como no escrito.

Utilizar os medios da linguaxe verbal, matemática, plástica e musical nos contextos de comunicación propios.

Desenvolver no alumnado a competencia dixital.

Especial atención á mellora da convivencia na aula así como nos distintos espazos do centro.

METODOLOXÍA

A metodoloxía será flexible, dinámica e participativa.

Coa finalidade de acadar os obxectivos propostos -na totalidade dos alumnos- contaremos co apoio do Departamento de Orientación, profesores de P.T., A.L., apoio a alumnos con discapacidades, así como o reforzo por parte do profesorado de cada área, elaborando e aplicando as actividades de recuperación ou adaptacións curriculares que foran precisas.

En xeral procurarase:

- Poñer especial énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan axiña como estas sexan detectadas.

- A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa, participativa e irá dirixida ao logro dos obxectivos e competencias clave.
- Salientar aquelas aprendizaxes básicas e imprescindibles e seleccionar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias.
- Centrarse na funcionalidade, orientando as aprendizaxes cara á súa aplicación en contextos diferentes, principalmente da vida real.
- Procurar que o alumnado aprenda a aprender.
- Partir do xogo.
- Potenciar a afección pola lectura mediante o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro.
- A iniciación na produción escrita de pequenos textos, motivándoos con exposicións na aula, nos lugares comúns, participando en concursos...
- A mellora do emprego da lingua galega a través do Proxecto de Normalización Lingüística.
- O contacto co medio a través de distintas saídas organizadas.
- O traballo coas novas tecnoloxías no Plan de integración das TICs.

Seguiranse as indicacións pertinentes en aspectos organizativos como distribución do alumnado dentro do grupo estable e a mobilidade no interior da aula ordinaria.

Tamén se adaptará a temporalización, os horarios e ritmos de traballo.

No caso de producirse algunha interrupción na actividade presencial do grupo ou parte del, empregaranse os medios tecnolóxicos precisos para continuar a programación didáctica. Ao mesmo tempo, estableceranse medidas extraordinarias para aquel alumnado sen conexión telemática o sen dispositivos informáticos.

Non se realizarán saídas fóra do centro escolar e velarase polo cumprimento das medidas estipuladas para as actividades complementarias.

MATERIAL

- Textos variados: Guías do profesorado, libros de texto, libros de consulta, revistas, xornais...
- Cadernos de traballo do alumnado.
- Pizarras dixitais.
- Material específico de área: Láminas, mapas, unidades de medida, xogos matemáticos, calculadora...
- Ordenadores da aula ordinaria e do carro móbil de portátiles.
- Recursos de Internet.
- Material diverso aportado individualmente.

AVALIACIÓN

A avaliación será continua e realizarase ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe.

a) CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Valorar o traballo diario do alumnado, avaliando coñecementos, procedementos, habilidades e actitudes tendo en conta os distintos estándares de aprendizaxe.
- Revisar a realización das actividades observando e analizando, ademais, as actitudes.

- Comprobar se se acadaron os obxectivos a través de actividades.
- Programar adaptacións curriculares ou reforzos educativos, segundo corresponda, para aqueles nenos e nenas que non acaden os obxectivos programados.
- Valorar, sobre todo, a adquisición de habilidades básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura e ao cálculo.
- Observar se o alumnado acada o desenvolvemento adecuado das competencias clave.

b) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Probas orais e escritos.
- Traballos individuais e en grupo.
- Seguimento de actividades de libros e cadernos.
- Actitude, interese e participación en actividades dentro e fóra da aula.

c) A AVALIACIÓN PONDERADA

CRITERIOS	PORCENTAXES
Probas escritas e orais.	30%
Cadernos de clase, traballos individuais e colectivos, interese na materia...	50%
Actitude e comportamento	20%
TOTAL	100%
*A cualificación global das materias será a que resulte da avaliación dos apartados anteriormente detallados.	

TEMAS TRANSVERSAIS

Como temas transversais, que teremos presentes nas aprendizaxes de todas as áreas a través das competencias claves, abordaremos sen prexuízo do seu tratamento específico:

- A comprensión lectora.
- A expresión oral e escrita.
- A comunicación audiovisual.
- As tecnoloxías da información e a comunicación.
- O espírito emprendedor, participando en actividades relacionadas coa creatividade, a autonomía, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- A educación cívica, facendo especial fincapé no respecto aos demais e ao medio.
- A prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia.
- Desenvolvemento sostible do medio ambiente.
- Prevención das situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.

7.2.2. TERCEIRO E CUARTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

3º DE E. PRIMARIA.

PROGRAMACIÓN DE 3º DE E. PRIMARIA.

Os profesores do 3º Nivel de E. Primaria elaboran a programación xeral para o curso 22/23 atendendo os criterios pedagóxicos máis adaptados á idade e ao nivel de desenvolvemento dos alumnos e alumnas aos que vai destinada. Cada titor adaptará dita programación ás circunstancias do seu grupo.

As competencias clave e os obxectivos para acadar o adecuado desenvolvemento das mesmas por áreas son:

LINGUA CASTELA E LINGUA GALEGA

1. Competencia artística e cultural. Obxectivos:

- Coñecer algúns dos escritores máis importantes da literatura infantil.
- Utilizar os libros como fonte de enriquecemento e gozo.

2. Competencia matemática. Obxectivos:

- Interpretar datos matemáticos relacionados con data de caducidade, temperatura, composición,...

3. Competencia social e cidadá. Obxectivos:

- Aprender a relacionarse e respectar as normas e as diferenzas entre as persoas.

4. Competencia de coñecemento e interacción co mundo físico. Obxectivos:

- Usar a lingua como vehículo para relacionarse e comunicarse cos demais.

5. Competencia para aprender a aprender. Obxectivos:

- Manexar de forma eficaz os recursos cos que se traballa.

6. Competencia de comunicación lingüística. Obxectivos:

- Iniciarse no manexo do dicionario, comprender e utilizar a súa información.
- Comprender, componse e utilizar diversos textos.

7. Información e competencia dixital . Obxectivos:

- Buscar información a través de internet.
- Uso básico do procesador de textos.

8. Competencia de autonomía e iniciativa persoal e competencia emocional. Obxectivos:

- Ser capaz de expresar as propias opinións e respectar as dos demais.

MATEMÁTICAS

1.- Competencia artística e cultural. Obxectivos:

- Valorar o coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural dos pobos.
- Realizar producións artísticas con formas xeométricas.

2.- Competencia matemática. Obxectivos:

- Recoñer a utilidade das operacións para resolver problemas.
- Utilizar as unidades de medida de lonxitude para enfrontarse a situacións nas que empregar as matemáticas fóra da aula.

3.- Competencia social e cidadá. Obxectivos:

- Valorar a utilidade dos números na sociedade na que vivimos.

4.- Competencia de coñecemento e interacción co mundo físico. Obxectivos:

- Recoñecer a utilidade dos números para expresar cantidades das magnitudes que manexamos diariamente.

5.- Competencia para aprender a aprender. Obxectivos:

- Potenciar o desenvolvemento de estratexias que faciliten a aprendizaxe autónoma mediante o coñecemento das operacións matemáticas.
- Realizar debuxos ou esquemas que axuden á busca da solución a un problema.

6.- Competencia de comunicación lingüística. Obxectivos:

- Incorporar á súa linguaxe habitual a terminoloxía de números, operacións matemáticas, fraccións, sistema métrico e monetario,...

7.- Información e competencia dixital . Obxectivos:

- Iniciarse no uso de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para facilitar a comprensión de contidos matemáticos.
- Utilizar internet como recurso para a busca de información e para a obtención de figuras e representacións xeométricas.

8.- Competencia de autonomía e iniciativa persoal e competencia. Obxectivos:

- Utilizar os recursos adecuados para a resolución de problemas, utilizando distintas operacións matemáticas.

SOCIAIS E NATURAIS

1.- Competencia artística e cultural. Obxectivos:

- Coñecer as manifestacións culturais e valorar a diversidade cultural da nosa contorna.
- Recoñecer as manifestacións culturais do patrimonio cultural galego.

2.- Competencia matemática. Obxectivos:

- Utilizar ferramentas matemáticas: medidas, escalas, táboas e representacións gráficas.

3.- Competencia social e cidadá. Obxectivos:

- Aceptar e elaborar normas de convivencia.

4.- Competencia de coñecemento e interacción co mundo físico. Obxectivos:

- Coñecer o propio corpo e as relacións entre os hábitos e as formas de vida e a saúde.

5.- Competencia para aprender a aprender. Obxectivos:

- Facer resumos, esquemas e mapas.

6.- Competencia de comunicación lingüística. Obxectivos:

- Aumentar o vocabulario específico da área.
- Adquirir a terminoloxía específica sobre seres vivos, obxectos e fenómenos naturais.

7.- Información e competencia dixital . Obxectivos:

- Saber utilizar un ordenador de forma básica.
- Saber buscar en internet de forma guiada.

8.- Competencia de autonomía e iniciativa persoal. Obxectivos:

- Ter habilidade para iniciar e levar a cabo proxectos.

O resto dos obxectivos están consignados nas programacións das diferentes materias e dos especialistas correspondentes.

Os **obxectivos xerais** terán un carácter integrador e servirán de criterio de selección dos **contidos** das distintas áreas que constitúen o currículo e das **actividades** de aprendizaxe.

Para alcanzar os obxectivos propostos atenderase a:

- Coordinación dos distintos profesores que imparten clase no nivel.
- Partir de vivencias e coñecementos previos.

- Traballo en gran grupo, como medio de consensuar posturas, aprender a convivir dentro da diversidade, amosar solidariedade, tolerancia, respecto mutuo.....
- Realizar unha acción titorial directa coas familias ou titores, tratando de implicalos no proceso educativo, neste curso será vía correo electrónico, teléfono ou Abalar.

A **metodoloxía** utilizada será activa, participativa, lúdica, motivadora tendo sempre en conta os intereses e o nivel de desenvolvemento do alumnado.

AVALIACIÓN.

Será continua e formativa.

Realizarase:

- Observando o traballo diario do alumno e o esforzo.
- Avaliando coñecementos, habilidades e actividades.
- Facendo exercicios de comprobación para ver si se acadaron os obxectivos.
- Atenderase ás necesidades educativas especiais programando adaptacións curriculares ou reforzos educativos, segundo corresponda, para os nenos que non acaden os obxectivos programados.
- Farase a coordinación co profesorado de PT e AL sobre a evolución das programacións adaptadas e os reforzos.
- Observando a aplicación das normas básicas de convivencia e relación (dentro e fóra da aula).

PROGRAMACIÓN DO 4º NIVEL DE E. PRIMARIA.

Os profesores do 4º Nivel de E. Primaria elaboran a programación xeral para o curso 22/23 atendendo os criterios pedagóxicos máis adaptados á idade e ao nivel de desenvolvemento dos alumnos e alumnas aos que vai destinada. . Cada titor adaptará dita programación ás circunstancias do seu grupo.

As competencias clave e os obxectivos para acadar o adecuado desenvolvemento das mesmas por áreas son:

LINGUA CASTELA E LINGUA GALEGA

9. Competencia artística e cultural. Obxectivos:

- Expresarse con imaxinación e creatividade.
- Coñecer e valorar contos, lendas e tradicións populares.
- Coñecer e valorar distintas obras de arte.

10. Competencia matemática. Obxectivos:

- Aprender a conceptualizar períodos de tempo e conceptos matemáticos.
- Aplicar os conceptos aprendidos á vida cotiá.

11. Competencia social e cidadá. Obxectivos:

- Aprender a relacionarse e respectar as normas e as diferenzas entre as persoas.
- Levar á práctica todas as normas aprendidas.

12. Competencia de coñecemento e interacción co mundo físico. Obxectivos:

- Usar a lingua como vehículo para relacionarse e comunicarse cos demais.

13. Competencia para aprender a aprender. Obxectivos:

- Manexar de forma eficaz os recursos cos que se traballa.

14. Competencia de comunicación lingüística. Obxectivos:

- Buscar, recompilar e procesar información.
- Coñecer os procedementos necesarios para localizar e consultar libros na biblioteca.
- Producir e comprender textos orais e escritos.
- Profundizar no manexo do dicionario.

15. Información e competencia dixital . Obxectivos:

- Buscar información a través de internet.

16. Competencia de autonomía e iniciativa persoal e competencia emocional. Obxectivos:

- Ser capaz de expresar as propias opinións e respectar as dos demais.

MATEMÁTICAS

1.- Competencia artística e cultural. Obxectivos:

- Valorar o coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural dos pobos.
- Realizar producións artísticas con formas xeométricas.

2.- Competencia matemática. Obxectivos:

- Establecer relacións e equivalencias entre as unidades de tempo.
- Resolver problemas que impliquen manexo de diñeiro.
- Ser quen de utilizar os conceptos relativos a: liñas, ángulos, triángulos, cuadriláteros, circunferencia e círculo.

3.- Competencia social e cidadá. Obxectivos:

- Planificar os produtos que se van a consumir antes de mercar.
- Valorar a utilidade das fraccións como recursos para cuantificar e resolver situacións cotiás.

4.- Competencia de coñecemento e interacción co mundo físico. Obxectivos:

- Utilizar as distintas operacións matemáticas para enfrentarse a situacións cotiás nas que empregar as matemáticas fóra da aula.
- Utilizar o sistema monetario en situacións cotiás fóra da aula.

5.- Competencia para aprender a aprender. Obxectivos:

- Realizar debuxos ou esquemas que axuden á busca da solución a un problema.
- Recoñecer e aplicar a manipulación, a construción e a representación como métodos de investigación e descubrimento en xeometría.

6.- Competencia de comunicación lingüística. Obxectivos:

- Incorporar á súa linguaxe habitual a terminoloxía de números, operacións matemáticas, fraccións, sistema métrico e monetario,...

7.- Información e competencia dixital . Obxectivos:

- Iniciarse no uso de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para facilitar a comprensión de contidos matemáticos.
- Iniciarse no uso de cronómetros e reloxis dixitais.
- Utilizar internet como recurso para a busca de información e para a obtención de figuras e representacións xeométricas.

8.- Competencia de autonomía e iniciativa persoal e competencia. Obxectivos:

- Mostar interese por descubrir diferentes formas de construción e representación dos elementos e figuras xeométricos.

SOCIAIS E NATURAIS

1.- Competencia artística e cultural. Obxectivos:

- Coñecer as manifestacións culturais e valorar a diversidade cultural da nosa contorna.
- Recoñecer as manifestacións culturais do patrimonio cultural galego.

2.- Competencia matemática. Obxectivos:

- Utilizar a linguaxe matemática para cuantificar fenómenos naturais e expresar datos.

3.- Competencia social e cidadá. Obxectivos:

- Desenvolver actitudes de diálogo e de resolución de conflitos.

4.- Competencia de coñecemento e interacción co mundo físico. Obxectivos:

- Coñecer as implicacións da actividade humana no medio ambiente.

5.- Competencia para aprender a aprender. Obxectivos:

- Desenvolver técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar a información.

6.- Competencia de comunicación lingüística. Obxectivos:

- Transmitir ideas en informacións sobre a natureza.

7.- Información e competencia dixital . Obxectivos:

- Saber utilizar un ordenador de forma básica.
- Saber buscar en internet de forma guiada.
- Mellorar nas destrezas para a utilización de esquemas e mapas.

8.- Competencia de autonomía e iniciativa persoal. Obxectivos:

- Ter habilidade para iniciar e levar a cabo proxectos.

O resto dos obxectivos están consignados nas programacións das diferentes materias e dos especialistas correspondentes.

Os **obxectivos xerais** terán un carácter integrador e servirán de criterio de selección dos **contidos** das distintas áreas que constitúen o currículo e das **actividades** de aprendizaxe. Para alcanzar os obxectivos propostos atenderase a:

- Coordinación dos distintos profesores que imparten clase no Ciclo.
- Partir de vivencias e coñecementos previos.
- Traballo en grupo, como medio de consensuar posturas, aprender a convivir dentro da diversidade, amosar solidariedade, tolerancia, respecto mutuo.....
- Transferir os coñecementos á vida cotiá.
- Realizar unha acción titorial directa coas familias ou tutores, tratando de implicalos no proceso educativo, neste curso será vía correo electrónico, telefónico ou Abalar.

A **metodoloxía** utilizada será activa, participativa, lúdica, motivadora tendo sempre en conta os intereses e o nivel de desenvolvemento dos alumnos.

AVALIACIÓN

Será continua e formativa.

Realizarase:

- Observando o traballo diario do alumno e o esforzo.
- Avaliando coñecementos, habilidades e actividades.
- Facendo exercicios de comprobación para ver se se acadaron os obxectivos.
- Atenderase ás necesidades educativas especiais programando adaptacións curriculares ou reforzos educativos, segundo corresponda, para os nenos que non acaden os obxectivos programados.
- Farase a coordinación co profesorado de PT e AL sobre a evolución das programacións adaptadas e os reforzos.
- Observando a aplicación das normas básicas de convivencia e relación (dentro e fóra da aula).

7.2.3. QUINTO E SEXTO DE E. PRIMARIA.

PROGRAMACIÓN DO 3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Comezo o primeiro curso escolar sen as medidas establecidas tras a pandemia da COVID-19, establecidas no ámbito sociosanitario mundial.

Se ata o de agora xa se viña realizando un traballo coordinado co resto do centro, neste curso moito máis, para deste xeito volver a máxima normalidade posible tras a situación que estamos e estivemos a vivir, sempre extremando as precaucións que estea ao alcance de cada un.

Os profesores do 3º Nivel de E. Primaria elaboran a programación xeral para o curso 22/23 atendendo os criterios pedagóxicos máis adaptados á idade e ao nivel de desenvolvemento dos alumnos e alumnas aos que vai destinada. Cada titor adaptará dita programación ás circunstancias do seu grupo.

Ben é certo, que nos atopamos nunha época de transición lexislativa a nivel curricular, en 6º de educación primaria seguimos a rexer polo Decreto 105/2014, 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria en Galicia; e 5º de educación primaria polo novo Decreto de currículo (aprobado pero pendente de publicación no Diario Oficial de Galicia) en relación coa nova lei educativa LOMLOE.

As competencias clave e os obxectivos para acadar o adecuado desenvolvemento das mesmas por áreas son:

LINGUA CASTELA E LINGUA GALEGA

17. Competencia artística e cultural. Obxectivos:

- Coñecer algúns dos escritores máis importantes da literatura infantil.
- Utilizar os libros como fonte de enriquecemento e gozo.

18. Competencia matemática. Obxectivos:

- Interpretar datos matemáticos relacionados con data de caducidade, temperatura, composición,...

19. Competencia social e cidadá. Obxectivos:

- Aprender a relacionarse e respectar as normas e as diferenzas entre as persoas.

20. Competencia de coñecemento e interacción co mundo físico. Obxectivos:

- Usar a lingua como vehículo para relacionarse e comunicarse cos demais.

21. Competencia para aprender a aprender. Obxectivos:

- Manexar de forma eficaz os recursos cos que se traballa.

22. Competencia de comunicación lingüística. Obxectivos:

- Iniciarse no manexo do dicionario, comprender e utilizar a súa información.
- Comprender, compoñer e utilizar diversos textos.

23. Información e competencia dixital . Obxectivos:

- Buscar información a través de internet.
- Uso básico do procesador de textos.

24. Competencia de autonomía e iniciativa persoal e competencia emocional. Obxectivos:

- Ser capaz de expresar as propias opinións e respectar as dos demais.

MATEMÁTICAS

1.- Competencia artística e cultural. Obxectivos:

- Valorar o coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural dos pobos.
- Realizar producións artísticas con formas xeométricas.

2.- Competencia matemática. Obxectivos:

- Recoñecer a utilidade das operacións para resolver problemas.
- Utilizar as unidades de medida de lonxitude para enfrentarse a situacións nas que empregar as matemáticas fóra da aula.
-

3.- Competencia social e cidadá. Obxectivos:

- Valorar a utilidade dos números na sociedade na que vivimos.

4.- Competencia de coñecemento e interacción co mundo físico. Obxectivos:

- Recoñecer a utilidade dos números para expresar cantidades das magnitudes que manexamos diariamente.

5.- Competencia para aprender a aprender. Obxectivos:

- Potenciar o desenvolvemento de estratexias que faciliten a aprendizaxe autónoma mediante o coñecemento das operacións matemáticas.
- Realizar debuxos ou esquemas que axuden á busca da solución a un problema.

6.- Competencia de comunicación lingüística. Obxectivos:

- Incorporar á súa linguaxe habitual a terminoloxía de números, operacións matemáticas, fraccións, sistema métrico e monetario,...

7.- Información e competencia dixital . Obxectivos:

- Iniciarse no uso de calculadoras e ferramentas tecnolóxicas para facilitar a comprensión de contidos matemáticos.
- Utilizar internet como recurso para a busca de información e para a obtención de figuras e representacións xeométricas.

8.- Competencia de autonomía e iniciativa persoal e competencia. Obxectivos:

- Utilizar os recursos adecuados para a resolución de problemas, utilizando distintas operacións matemáticas.

SOCIAIS E NATURAIS

1.- Competencia artística e cultural. Obxectivos:

- Coñecer as manifestacións culturais e valorar a diversidade cultural da nosa contorna.
- Recoñecer as manifestacións culturais do patrimonio cultural galego.

2.- Competencia matemática. Obxectivos:

- Utilizar ferramentas matemáticas: medidas, escalas, táboas e representacións gráficas.

3.- Competencia social e cidadá. Obxectivos:

- Aceptar e elaborar normas de convivencia.

4.- Competencia de coñecemento e interacción co mundo físico. Obxectivos:

- Coñecer o propio corpo e as relacións entre os hábitos e as formas de vida e a saúde.

5.- Competencia para aprender a aprender. Obxectivos:

- Facer resumos, esquemas e mapas.

6.- Competencia de comunicación lingüística. Obxectivos:

- Aumentar o vocabulario específico da área.
- Adquirir a terminoloxía específica sobre seres vivos, obxectos e fenómenos naturais.

7.- Información e competencia dixital . Obxectivos:

- Saber utilizar un ordenador de forma básica.
- Saber buscar en internet de forma guiada.

8.- Competencia de autonomía e iniciativa persoal. Obxectivos:

- Ter habilidade para iniciar e levar a cabo proxectos.

O resto dos obxectivos están consignados nas programacións das diferentes materias e dos especialistas correspondentes.

Os **obxectivos xerais** terán un carácter integrador e servirán de criterio de selección dos **contidos** das distintas áreas que constitúen o currículo e das **actividades** de aprendizaxe.

Para alcanzar os obxectivos propostos atenderase a:

- Coordinación dos distintos profesores que imparten clase no nivel.
- Partir de vivencias e coñecementos previos.
- Traballo en gran grupo, como medio de consensuar posturas, aprender a convivir dentro da diversidade, amosar solidariedade, tolerancia, respecto mutuo.....
- Realizar unha acción titorial directa coas familias ou titores, tratando de implicalos no proceso educativo, neste curso será vía correo electrónico, teléfono ou Abalar.

A **metodoloxía** utilizada será activa, participativa, lúdica, motivadora tendo sempre en conta os intereses e o nivel de desenvolvemento do alumnado.

A actuación na aula ao longo deste curso vai estar marcada pola volta a normalidade logo da situación sociosanitaria que nos tocou vivir nos anos anteriores. Volveremos a traballar por equipos en moitas das actividades realizadas, así como a agrupación das mesas será variada e adaptada a cada unha das características das distintas aulas. Os ritmos de traballo adaptaranse á situación en cada momento.

Neste curso, realizaranse, se fose posible, saídas axeitadas ó Ciclo fora do centro. Intentarase participar en actividades programadas polo centro, os diferentes equipos ou por outros organismos que resulten de interese didáctico e cultural.

AVALIACIÓN.

Será continua e formativa.

Realizarase:

- Observando o traballo diario do alumno e o esforzo.
- Avaliando coñecementos, habilidades e actividades.
- Facendo exercicios de comprobación para ver si se acadaron os obxectivos.
- Atenderase ás necesidades educativas especiais programando adaptacións curriculares ou reforzos educativos, segundo corresponda, para os nenos que non acaden os obxectivos programados.
- Farase a coordinación co profesorado de PT e AL sobre a evolución das programacións adaptadas e os reforzos.
- Observando a aplicación das normas básicas de convivencia e relación (dentro e fóra da aula).

Criterios de promoción

O/A alumno/a promocionará ao seguinte nivel cando o equipo docente do grupo decida a devandita promoción de forma colexiada, primando o criterio do titor/a , por ter acadado o axeitado desenvolvemento de todas as competencias básicas e un grao adecuado de madurez consoante coa súa idade.

Permanecerá un ano máis no nivel cando non teña acadado o adecuado desenvolvemento das competencias básicas imprescindibles establecidas na programación didáctica, para a obtención dunha avaliación positiva nos seguintes casos:

- Non superar os mínimos das áreas de L.Castelá, L.Galega e Matemáticas.
- Non superar os mínimos de L.Castelá e L.Galego.
- Non superar os mínimos de Matemáticas e unha das linguas vehiculares.

7.2.4. ESPECIALIDADE LINGUA ESTRANXEIRA – INGLÉS

Os obxectivos e contidos de cada nivel veñen determinados polo establecido no Decreto 105/2014, do 4 de setembro de 2014, polo que se establece o currículo de E. Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia e a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE) e o Real Decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria, a transformación do sistema educativo, a globalización e o impacto das novas tecnoloxías.

SEGUNDO CICLO DE E. INFANTIL

- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha nova lingua.
- Comprender a mensaxe de textos orais en lingua inglesa (rimas, cancións, contos, descrições, relatos, instrucións, encargos...) accesibles e significativos para o alumnado, relacionados coas súas experiencias e intereses.
- Producir mensaxes orais sinxelas.
- Comprender e reproducir breves producións orais en lingua inglesa.
- Utilizar recursos expresivos verbais e non verbais co fin de facerse entender na lingua estranxeira e saber interpretalos.
- Recoñecer sons, entoación e ritmo da nova lingua.
- Usar os coñecementos conceptuais e procedimentais para aprender inglés (números, cores, etc.).
- Recoñecer e apreciar o valor comunicativo das linguas estranxeiras e as propia capacidades para aprender a utilizalas, amosando una actitude de comprensión e respecto cara outras linguas, os seus falantes e as culturas.

PRIMEIRO E SEGUNDO DE E. PRIMARIA

- Suscitar o proceso de aprendizaxe tomando como punto de partida os coñecementos, experiencias e expectativas previas do alumnado nas diferentes áreas do currículo e no propio contorno.

- Comprender o sentido global de mensaxes orais, centrándose en informacións sinxelas e concretas con vocabulario simple previamente presentado nun contexto, acompañadas de apoio mímico, xestual e visual, referidas á contorna inmediata do alumno.
- Utilizar o inglés de forma oral co profesor e cos compañeiros para utilizar expresións de relación social, saudar, agradecer, pedir algo, para identificarse e describir obxectos e personaxes utilizando o léxico máis elemental.
- Utilizar os recursos expresivos non lingüísticos, xestos, posturas, sons e debuxos, para comprender e facerse comprender na lingua estranxeira.
- Axudar ao desenvolvemento da capacidade comunicativa do alumnado, integrando o uso da propia creatividade, da fantasía e do xogo a través de diferentes actividades

TERCEIRO E CUARTO DE E.PRIMARIA

- Recoñecer o valor comunicativo da lingua inglesa.
- Comprender textos orais sinxelos.
- Empezar a establecer relacións entre o significado, pronunciación e a representación gráfica das palabras.
- Aprender a escoitar e responder de xeito non verbal, utilizando estratexias de comunicación como: xestos, linguaxe corporal e debuxos.
- Coñecer hábitos dos países de fala inglesa.
- Manexo de conversacións moi básicas sobre tópicos seguindo modelos dados e empregando axudas de diversos medios (imaxes, xestos....)

QUINTO E SEXTO DE E. PRIMARIA

- Utilizar a Lingua Inglesa en situacións típicas tanto de forma oral como escrita, apoiadas por estratexias non verbais.
- Recoñecer o valor comunicativo da Lingua inglesa.
- Comprender textos sinxelos tanto orais como escritos.

- Establecer relación entre grafía, fonética e significado.
- Interese por coñecer a Lingua e Cultura inglesas.

TEMAS TRANSVERSAIS

- Educación para a saúde.
- Educación cívica e para a paz.
- Educación vial.
- Educación ambiental.
- Educación na non discriminación, igualdade de oportunidades.
- Educación no uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

METODOLOXÍA

A metodoloxía que aplicaremos estará baseada na adquisición da competencia comunicativa, inclusiva, reactiva e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Procuraremos a atención á diversidade, e partiremos dos coñecementos previos do alumnado para achegarnos aos centros de interese que desenvolven cada unidade didáctica, que desenvolveremos a partir de exemplos orais e escritos en diversos formatos, que logo aplicarán á súa vida persoal e entorno máis próximo. Procuraremos a combinación de traballo individual e traballo en equipo, utilizando o caderno e desenvolvendo proxectos en equipos ao fin de cada unidade.

A aula virtual do centro empregárase como un recurso máis do proceso de ensino-aprendizaxe. Así mesmo empregárase o correo electrónico e a aplicación Abalar Móbil para a comunicación coas familias para respostas individualizadas.

Intentárase participar en actividades programadas polo centro, polos diferentes equipos ou por outros organismos que resulten de interese didáctico e cultural e que cumpran e respecten os protocolos creados para a situación que se está a vivir.

AVALIACIÓN

A Avaliación será continua baseándonos fundamentalmente na observación na aula, é dicir, no traballo diario do alumno, a súa asistencia a clase, actitudes de respecto, tolerancia e non discriminación.

	1º y 2º	3º y 4º	5º y 6º
Observación	30%	20%	10%
Traballo individual	20%	20%	20%
Traballo grupal	20%	20%	20%
Probas escritas	30%	40%	50%

7.2.5. ESPECIALIDADE EDUCACIÓN MÚSICAL.

OBXECTIVOS CURRICULARES DE ÁREA

- Discriminar os parámetros do son en audicións de sons do ámbito.
- Identificar e describir o son das distintas voces e instrumentos.
- Vocalizar, respirar e articular correctamente nas interpretacións vocais.
- Utilizar a voz como medio de expresión.
- Explorar as calidades sonoras de instrumentos de pequena percusión e de instrumentos de láminas.
- Discriminar a duración, figuras musicais, notas, acentos e silencios na interpretación de partituras.
- Gozar coa música e todo o que a rodea nas interpretacións musicais.
- Utilizar o corpo como instrumento adecuando os seus movementos ao ritmo, ao espazo e á coordinación.

BLOQUES DE CONTIDOS:

- **Bloque 1. A escoita.** Procúrase que o alumnado tome conciencia dos sons que do seu ámbito, así como das posibilidades sonoras dos materiais e dos obxectos do seu contexto. Faise fincapé na audición activa de manifestacións musicais de distintas orixes e no respecto no proceso da audición.
- **Bloque 2. A interpretación musical.** O alumnado é protagonista absoluto neste bloque, cuxo obxectivo é a creación de produtos musicais de diferentes estilos, usando diversas técnicas compositivas e con finalidades distintas. Centrémonos tamén en que o alumnado valore o traballo colaborativo, o respecto cara ás demais persoas e a avaliación con intención de mellorar.
- **Bloque 3. A música, o movemento e a danza.** Este derradeiro bloque está destinado ao desenvolvemento da expresividade e a creatividade do alumnado desde o coñecemento e a práctica da danza. Comézase pola coordinación motriz e a conciencia do desprazamento no espazo, e chégase finalmente ao nivel de creación e expresión de sentimentos co movemento.

COMPETENCIAS CLAVES:

As competencias clave do currículo son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

OBXECTIVOS POR COMPETENCIAS

2º CURSO de E.P.

Comunicación lingüística

- Desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción e a articulación.
- Adquirir un vocabulario específico da área.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Seleccionar técnicas adecuadas para calcular os pulsos.

Competencia dixital

- Usar a tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coa música e as artes visuais.

Aprender a aprender

- Observar co obxecto de adquirir información relevante e suficiente.

Competencias Sociais e cívicas.

- Seguir as normas e as instrucións dadas.
- Coidar e conservar os materiais e os instrumentos.
- Mostrar actitudes de respecto cara os demais e cara un mesmo.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

- Fomentar a orixinalidade e a busca de novas formas no proceso creativo.
- Planificar o proceso creativo e esforzarse por acadar resultados orixinais.

Conciencia e expresións culturais.

- Coñecer diferentes códigos artísticos e utilizar as técnicas e os recursos que lle son propios.
- Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.

4º CURSO de E.P.

1. Comunicación lingüística

- Utilizar a linguaxe das cancións como elemento de comunicación oral, dando importancia á articulación, á respiración e ao fraseo correcto.

2. Competencia matemática e competências básicas en ciencia e tecnoloxía

- Poñer en práctica procesos de razoamento para a comprensión de estruturas rítmicas.

3. Competencia dixital

- Buscar, seleccionar e intercambiar información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e disfrute.

4. Aprender a aprender

- Perseverar e esforzarse, aceptando os erros e aprendendo de eles.
- Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.

5. Competencias Sociais e cívicas.

- Practicar o diálogo e a negociación como forma de resolver conflitos ao realizar actividades de xogos por equipos.
- Sensibilizarse cara os problemas causados pola contaminación acústica.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

- Desenvolver o valor da autoestima para realizar con seguridade as actividades.
- Desenvolver habilidades sociais de respecto aos demais.

7. Conciencia e expresións culturais

- Valorar a aportación artística de outras culturas.
- Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.

6º CURSO de E.P.

1. Comunicación lingüística

- Adquirir un vocabulario específico relacionado coa área musical.

2. Competencia matemática e competências básicas en ciencia e tecnoloxía

- Comprender a estrutura musical dunha obra, mediante o análise das súas partes.

3. Competencia dixital

- Ampliar o coñecemento musical coa busca de información en diversos soportes.

4. Aprender a aprender

- Utilizar os coñecementos adquiridos en diferentes situacións.

5. Competencias Sociais e cívicas.

- Participar nas actividades asumindo de forma responsable papel asignado a cada un.

6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

5. Participar en un proceso de creación que esixe confianza nas aportacións propias.
6. Desenvolver o valor da autoestima do respecto, da aceptación e do entendemento cos demais.

7. Conciencia e expresións culturais

- Coñecer e valorar manifestacións musicais de outras épocas e utilízalas para disfrute individual e colectivo.
- Valorar a importancia do silencio para percibir de forma satisfactoria o pracer estético da audición.

METODOLOXÍA

- A metodoloxía será activa e participativa.
- Utilizar o xogo como base da expresión musical.
- Integrar os alumnos nas actividades dunha forma activa e participativa.
- Predispoñer a escoita atenta das audicións propostas.
- Propiciar a improvisación e a creatividade como medio para desenvolver a autoestima.
- Teranse sempre presentes os temas transversais e a interdisciplinabilidade.
- Traballarán con fichas e actividades diversas ata acadar os obxectivos fixados segundo as capacidades dos alumnos e alumnas, segundo o curso.

TEMPORALIZACIÓN

As unidades realizaranse ao longo de todo o curso e íranse alternando coas actividades propias da época do ano (Nadal, Entroido,...) e das efemérides celebradas no centro.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Na avaliación deben considerarse todos os aspectos do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Valorarase especialmente unha mellora no plano da expresión e da comunicación. Mediante a observación de condutas e a análise do traballo diario, así como da avaliación do sistema (materiais, recursos espaciais,...).

É necesaria unha avaliación inicial das manifestacións dos nenos e nenas. Igualmente, é necesaria unha autoavaliación do propio alumnado e do proceso de ensinanza- aprendizaxe a través da expresión vocal e canto, expresión instrumental e a expresión rítmica e o movemento.

Os **intrumentos de avaliación** serán os seguintes:

- Observación directa do traballo diario.
- Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.
- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).
- Valoración cualitativa do avance individual (anotacións e puntualizacións).
- Avaliación de contidos, fichas correspondentes á unidade.
- Fichas elaboradas polos alumnos e alumnas.

SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

Poderá haber probas de avaliación para obter unha nota cuantitativa, ademáis da valoración do traballo diario e o rexistro da evolución e comportamento do alumnado como os principais sistemas de avaliación.

O rexistro e cualificación do traballo diario e a conduta, quedan establecidas en táboas/rúbricas para cada unidade onde se terán en conta estes aspectos:

- Rutinas de escoita activa.
- Gusto e apreciación pola música.
- Participación en danzas grupais.
- Interpretación vocal de cancións.
- Interpretación musical.
- Expresión corporal.
- Participación nas actividades en gran grupo.
- Traballo individual.
- Respeto e valoración das aportacións alleas.
- Interese amosado nas actividades complementarias e extraescolares.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN :

A avaliación na área de música estará baseada na observación do desenvolvemento normal da clase, tendo en conta os seguintes aspectos:

- Comportamento (20%)
- Participación en actividades (20%)
- Traballo de aula (20%)
- Expresión instrumental (20%)
- Actividades libro ou fichas (20%)

Así mesmo, contarán negativamente o non traer o material a clase e as faltas de respecto hacia outros compañeiros e hacia o propio mestre. Cada unha destas faltas será un negativo e aplicarase a seguinte táboa:

Un negativo	-----
Dous negativos	-0.5 puntos na nota de avaliación
Tres negativos	-1 puntos na nota de avaliación
Catro negativos	-1.5 na nota de avaliación
Cinco negativos	-2 puntos na nota de avaliación
Seis negativos	-2.5 puntos na nota de avaliación
.....

A avaliación será continua e as notas da terceira avaliación e da ordinaria serán a mesma.

7.2.5. ESPECIALIDADE EDUCACIÓN FÍSICA

Educación física

A escola debemos entendela como unha institución social que non pode ser concibida á marxe da sociedade á que pertence; o que fai e se practica na escola non pode nin debe escaparse á realidade cultura, social e histórica na que está inmersa.

Dentro da escola a E.F. é unha parte fundamental na educación integral do neno/a o que nos leva a decidir cal é o destino que debemos perseguir. Segundo Seaman de Pown “ a meta de calquera programa de E.F. adaptada ou xeral é para os nenos/as acadar o seu máximo potencial no dominio motor a través das experiencias da Educación Física” por outra banda Pierre de Coubertin expresa o seguinte “ o máis importante do deporte non é gañar, senón participar, porque o esencial da vida non é o éxito, senón esforzarse por conseguilo”

Tendo en conta todo isto destacamos a importancia da materia de E.F. como unha grande axuda para confiar nas propias posibilidades, para aprender e superar os erros, recoñecer os logros superando obstáculos, vencer medos crendo en si mesmos, nas súas capacidades e na cultura do esforzo.

Po todo o anteriormente exposto as mestras de E.F. mostramos a nosa inquedanza ante o que pensamos que é unha incuria a que se está dando a esta materia, considerando a especialidade como un complemento na educación e non como un área de formación fundamental para o desenvolvemento integral do alumnado. Compartir a especialidade con titorías eleva a carga lectiva da mestra que vai sempre en contra da especialidade, hai que ter en conta que a nosa materia complementa ás demais e o noso horario debe estar concorde co esforzo que supón; xa que a planificación das sesións leva implícito colocar e desmontar moitos materiais diversos o que supón tempo que lle estamos restando á esencia da materia entre outras cousas, xa que non hai tempo material para o seu correcto uso. A carga lectiva tamén implica deixar de facer moitos apoios en titorías que axudan en gran medida a coñecer as necesidades específicas dalgún alumnado e a coordinación co resto dos compañeiros/as de E.P.

Deste xeito a distribución da carga lectiva queda do seguinte xeito para as mestras especialistas en E.F no centro:

Marta Lorenzo Cousillas imparte docencia da súa especialidade soamente en 6º de EP coa especialidade de EF no centro e asume a titoría de 2º A.

Paz Santiso Andrade imparte docencia da súa especialidade de 1º a 5º de EP.

Á espera que a administración dote do mestre especialista en EP ao centro que corresponde por catálogo.

No actual curso escolar entra en vigor unha nova lei LOMLOE para 1º-3º-5º de EP e EI polo que corresponde adaptar as programacións ao novo currículo e empregar novos sistemas de programación que se realizarán a partires de agora de xeito virtual co programa PROEMS. Dado que este curso escolar comezou pronto no mes de setembro pode ser que xurdan novas instrucións que modifiquen dalgún xeito estas propostas iniciais que en calquera caso se engadirán máis adiante no momento que estean firmemente asignadas.

1.-OBXECTIVOS XERAIS

- ✓ Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a Educación Física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social. **Facendo fincapé no momento actual tan complicado que se está a vivir resaltando a importancia da extremar a hixiene como fonte de saúde para toda a comunidade.**
- ✓ Coñecer e valorar o seu corpo e a actividade física como medio de exploración e goce das súas posibilidades motrices de relación cos demais e como recurso para organizar o tempo libre. **Fomentando a adquisición de recursos individuais para que poidan aplicar nas súas casas.**
- ✓ Aumentar a confianza en si mesmo e nas súas capacidades, desenvolvendo a autoesixencia, constancia e superación das propias limitacións. **Promover a implicación persoal do alumnado para poder aportar experiencias con actividades propias que poidan realizar os seus compañeiros/as aínda sen ter interacción.**

2.- AVALIACIÓN

Os criterios para a avaliación para 1º-2º-3º-4º establécense no seguinte recadro (á espera da implantación LOMLOE e elaboración das súas programacións)

PORCENTAXES	CRITERIOS
30%	ESFORZO PERSOAL
30%	RESPECTO DAS NORMAS COVID
30%	TRABALLO DIARIO NAS SESIÓNS/AULA
10%	PROBAS TRIMESTRAIS DE XEITO INDIVIDUAL.

Os criterios para a avaliación para 5º e 6º de E.P. establécense do seguinte xeito:

Esfuerzo e participación persoal (40%)

Relación cos demais compañeiros e respecto de normas (40%)

Realización de diferentes actividades das unidades realizadas (20%).

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Os procedementos para a avaliación do alumnado estarán baseados fundamentalmente en:

- O esforzo persoal tendo en conta as súas capacidades persoais.
- Implicación no traballo diario, rutinas, respecto as normas, etc.
- Pequenas probas trimestrais que aumentarán o grao de dificultade na medida do seu progreso madurativo e físico. **Sempre de xeito individualizado.**
- Avaliación personalizada dos nenos observando a progresión dentro das capacidades individuais dos mesmos.
- Ter en conta a asistencia e a actitude na clase.
- Ficha de seguimento do proceso de aprendizaxe na área.

3.METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES.

A metodoloxía na área de E.F. debe ter en conta os seguintes principios básicos:

- Flexible
- Dinámica
- Participativa
- Indutiva
- Integradora
- Lúdica
- Creativa

As instalacións coas que contamos son:

Un patio descuberto con pista de futbito e baloncesto e un patio pechado. **Totalmente insuficientes.**

Pequeno material

Aros, pelotas, balóns brandos, picas, cordas, conos, pelotas escuma, petos, corda longa, ladrillos, pelotas de tenis, balóns de balonmán e fútbol.

Alternativo

Barallaremos a posibilidade de empregar material alternativos como periódicos ou papeis.

Casete, báscula, xices, ficha de anotacións, disco voador, globos, papel continuo, tesoiras, fita adhesiva, pinturas de cores, pratos de plástico, periódicos, indiacas, chapas.

Fixo ou grande

Bancos suecos, colchón, plinto, espaldeiras, colchonetas.

4.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

As medidas de atención á diversidade pasarán por fixar unha boa canle de comunicación dentro do posible porque o uso de máscara vai supoñer un reto moi duro para este tipo de alumnado.

Tentarase ofrecer unha atención individualizada ao alumnado segundo as súas necesidades e o seu ritmo de aprendizaxe, proponendo actividades de reforzo e/ou consolidación para dar resposta ás diversas situacións que xurdan na aula.

7.2.6. RELIXIÓN E MORAL CATÓLICAS.

Elaborarei a programación xeral atendendo os criterios pedagóxicos máis adaptados á idade e ao nivel de desenvolvemento dos alumnos e alumnas aos que vai destinada.

Atenderei á dimensión do ser, do saber e do saber facer, colaborando na educación integral dos meus alumnos.

EDUCACIÓN INFANTIL

Nesta idade tan crucial para o posterior desenrolo da súa personalidade, é cando o neno empeza a comprender o mundo que o rodea e a relacionarse con el. Para lograr esta apertura a todo o que os rodea, pretendo que os nenos e nenas elaboren unha imaxe positiva e equilibrada de si mesmos nun clima de afecto e confianza, potenciando a súa autoestima e interacción social, axudándoos desta forma a tomar conciencia do seu corpo, descubrir o medio físico e social e tamén a capacidade de comunicación e representación da realidade.

Os contidos estritamente relixiosos, abordaranse de forma ocasional, sempre que sexa posible, aproveitando momentos importantes para que a formación non quede descontextualizada, senón formando parte da vida diaria dos nenos. Axudándoos así a descubrir o seu contorno natural, social e o seu sentido de transcendencia, iniciándoos na comunicación con Deus que os ama sen límite.

OBXECTIVOS:

Ao finalizar a educación infantil preténdese que o/a neno/a desenvolva os seguintes obxectivos:

1. Descubrir o propio corpo, como agasallo de Deus, promovendo a confianza e o desenvolvemento das súas posibilidades persoais.
2. Recoñecer na contorna familiar e social manifestacións que expresan a vivencia da fe católica e identifican a comunidade relixiosa á que pertence.
3. Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns que permitan ao neno desenvolver os valores e actitudes básicas de respecto, alegría e admiración.
4. Expresar e celebrar as tradicións, festas e aniversarios máis importantes, exercendo as primeiras habilidades motrices, para relacionarse cos demais e para acceder á oración, os cantos de loanza e o sentido das festas relixiosas.
5. Favorecer a realización de actividades que promovan a participación, a cooperación e a xenerosidade como medio de expresar o amor de Deus e a fraternidade.

6. Descubrir que os cristiáns chaman Pai a Deus Creador de todas as cousas, e saben que está con todos nós, quérenos e perdoa sempre.
7. Coñecer que Xesús naceu en Belén e é amigo de todos e quérenos, morreu por nós e resucitou para estar connosco.
8. Valorar que a Virxe María é a Nai de Xesús e tamén Nai de todos, que forman unha gran familia.
9. Respetar ás persoas e cousas da súa contorna, coidalas e preocuparse delas, como Xesús fixo e ensínanos a facer.

METODOLOXÍA

Para acadar os obxectivos propostos a metodoloxía será flexible e adecuada a cada momento.

Tamén utilizarei a coordinación e control das súas habilidades xestuais e psicomotrices, para expresar actitudes cristiáns de alegría, compañeirismo, perdón, loanza, etc.

Interiorizaremos os contidos a través do xogo, dramatizacións, cancións, diálogos, observación directa do entorno e imaxes...

Exercitaremos a expresión mediante o diálogo, a creatividade, as súas destrezas e habilidades. Sempre fomentando a sensibilidade, a tolerancia, o perdón, o respecto e a colaboración no coidado de tódalas cousas da aula e do seu entorno para facer entre todos un mundo mellor. Fomentando tamén o sentido da gratitude a tódolos que os queren e a Deus, para axudarlles a descubrir a arte de seren felices.

MATERIAL

Ao longo da aprendizaxe utilizarei materiais diversos, como fichas, material audiovisual e informático, contos e outros materiais funxibles, como punzóns, plastilina, ... e outros adecuados aos contidos e unidades didácticas.

AVALIACIÓN

Coñecer ao neno/a e axudarlle no seu crecemento a través da avaliación continua e a observación.

A avaliación será continua, participativa e sistemática, partindo da observación diaria.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Ao finalizar a Educación Primaria preténdese que o alumno/a adquira un sinxelo coñecemento dalgúns feitos de carácter relixioso que ordinariamente rodean ao neno na súa vida.

Para que os nenos intenten dar resposta ás lexítimas preguntas sobre o ser humano e o sentido da vida, tamén para axudarlles a descubrir e expresar todo ese mundo de relixiosidade cristián que impregna e singulariza a nosa cultura occidental (valores, tradicións culturais, crenzas relixiosas, símbolos, arte...). Así como para educar a dimensión moral e social do alumno na responsabilidade, solidariedade e auténtica caridade ; e tendo sempre en conta a idade e características individuais dos nosos alumnos e os seus coñecementos anteriores.

Iranse suministrando progresivamente os feitos e conceptos fundamentais da relixión e moral católica en constante diálogo cos elementos culturais que lle aporten as demais áreas curriculares.

OBXECTIVOS

1. Coñecer, apreciar e respectar o patrimonio cultural-relixioso como expresión da fe católica.
2. Comprender e valorar o sentido sagrado, festivo, cultural e celebrativo das festas e os seus ritos especialmente na liturxia da Igrexa.
3. Coñecer e manexar a Biblia recoñecendo a súa estrutura de forma básica. Identificar o sentido dalgúns textos básicos como Palabra de Deus.
4. Comprender a relación intrínseca entre os valores básicos do ser humano e a acción creadora de Deus Pai.
5. Valorar a novidade do amor de Deus que nos salva do pecado e da morte, polo seu Fillo Xesucristo, apreciando a acción salvífica da Igrexa, Corpo de Cristo.
6. Identificar o significado dalgúns textos básicos da mensaxe cristiá, que faciliten a comprensión da acción do Espírito Santo na Igrexa e no mundo.
7. Descubrir en Xesucristo camiño, verdade e vida o fundamento para un estilo de vida cristián.
8. Identificar a Igrexa nas súas manifestacións, recoñecer a presenza de Deus e a súa graza nos sacramentos, e o servizo eclesiástico prestado polos apóstolos e os seus sucesores.
9. Recoñecer os valores cristiáns xa presentes nas figuras bíblicas máis destacadas da historia da Salvación.
10. Valorar a relación entre a fe e o comportamento cristián, coñecendo as raíces e o sentido da acción e do compromiso cristián.

11. Descubrir a relación entre o destino eterno do home e a realidade temporal na que está vivindo, apreciando a vitoria de Cristo sobre a morte.

12. Descubrir e apreciar a síntese dos elementos básicos da fe cristiá presentes no Credo da Igrexa.

METODOLOXÍA

Para acadar os obxectivos propostos a metodoloxía será flexible, motivadora, dinámica e participativa. Traballaremos adecuándonos ao momento e suscitando a reflexión.

Os procedementos irán enfocados ó saber facer, planificaranse de maneira consciente que permitan a aprendizaxe e para que os alumnos acaden positivamente as competencias clave.

Interiorizarán os datos mediante a lectura, comentario, debuxo, cancións, poesía... Tamén utilizaremos símiles e parábolas propias da linguaxe evanxélica.

Apoiando a información utilizaremos imaxes visuais e acústicas, manexaremos citas bíblicas, reconstruiremos escenas...

Utilizaremos a memorización dalgúns conceptos, a confección de frases, murais e esquemas. Extrapolaremos datos sobre Xesús e María á situación actual.

Tamén iniciarei aos alumnos na valoración crítica dos comportamentos e as súas consecuencias.

Preténdese que os alumnos/as elaboren unha síntese elemental integrando todos aqueles elementos relixiosos que atopan no seu ambiente, (obxectos, tempos, lugares, persoas...) dándolles o seu verdadeiro significado segundo a visión que van percibindo a través da relixión católica. Tamén axudarlles á asimilación sistemática e crítica da cultura. Ofrecéndolles, sentido, verdade e esperanza.

O ensino da relixión realizarase dentro da interdisciplinarietàade, nunha visión global da educación.

MATERIAL:

Ao longo da aprendizaxe dos alumnos utilizarei materiais diversos como: os libros de texto, a Biblia, contos e outros adecuados aos contidos e unidades didácticas. Cadernos de traballo dos alumnos. Tamén usaremos material funxible, audiovisual, informático, láminas, mapas, ...

AVALIACIÓN:

A avaliación nesta área será continua e formativa, realizarase observando o traballo diario do alumno, avaliando coñecementos, habilidades e actitudes. Terase en conta a aqueles nenos que teñan dificultades especiais, facendo adaptacións curriculares e fichas de apoio.

7.2.7.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.

Realizará as función propias da mesma e aquelas encomendadas polo claustro dentro das súas competencias.

7.2.8. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PROGRAMAS E ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega está integrado polas profesoras:

- Representantes de E. Infantil: Sara García do Campo
- Representante de 1º e 2º de E. Primaria:, Ana Chouciño Garrido
- Representante de 3º e 4º de E. Primaria: Mª José Reija Martul, Mª Carmen Castro Vázquez e Paz Santiso Andrade.
- Representante de 5º e 6º de E. Primaria : Carina Gradaille Camba

Coordinadora: Paz Santiso Andrade

Dende o EDLG do Ceip Ramón de la Sagra (A Coruña) traballamos para que o uso e fomento da lingua galega sexa unha realidade tanto na comunidade educativa como na sociedade en xeral. Manter os costumes, tradicións e potenciar o prestixio do galego é algo que non debemos perder como algo primordial no noso labor docente. A realidade lingüística que o alumnado vive a diario ten que ser o acicate que nos leve a mellorar día a día facendo inmersión na nosa lingua de xeito profundo e respectuoso, convivindo en harmonía coas demais linguas que oferta o centro pero nunca deixando que se deteriore unha parte fundamental da nosa realidade social.

▪ OBXECTIVOS

- Reforzar novas incorporacións lingüísticas coa realidade sanitaria que estamos a vivir para que se empreguen correctamente.
- Fomentar celebración das festas tradicionais galegas para que gocen delas e lles dean continuidade no futuro. Dentro do respecto ás normas sanitarias de cada momento.
- Involucrar a toda a comunidade educativa para normalizar o uso do galego de xeito cotiá valorando a lingua como algo propio e intrínseco do pobo galego que debemos manter vivo.

- Potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, arte, tradicións... . no ensino.
- Lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Contribuír a eliminar estereotipos negativos cara ao galego.
- Traspasar o uso da lingua do límite da comunidade escolar ao ámbito familiar e social.
- Promover o coñecemento da figura de Rosalía de Castro e as súas obras.
- Difundir a cultura galega tanto mediante a conmemoración do Día das Letras Galegas, como participando nas iniciativas que axuden á divulgación de diferentes aspectos culturais.
- Incidir na obra e vida do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas: Francisco Fernández del Riego
- Fomentar os valores funcionais, de identidade e diferenzas do idioma e educar na curiosidade polo coñecemento e respecto cara outras culturas.

▪ ACTIVIDADES

Como eixo central deste curso, tomaremos un tema que será escollido pola comunidade educativa entre aqueles que propoñan os distintos niveis.

- Coordinarase co Equipo de Biblioteca para potenciar a lectura en lingua galega. Faremos a proposta de organizar unha exposición de libros “especiais” relacionados co tema escollido para o proxecto anual a seguir por todo o Centro. Sempre que sexa posible e a situación sanitaria o permita.
- Realizar actividades do alumnado con textos de distintos autores para expoñer nas cortizas dos corredores.
- Coordinarase co EACE para desenvolver todo tipo de actividades complementarias.
- Coordinarase co equipo de TIC para a dinamización da lingua galega nas producións audiovisuais e mantemento do blog..

AO LONGO DO CURSO

Durante todo o curso e en coordinación cos diferentes equipos, faremos traballos conxuntos. Estes traballos referiranse tanto a algunhas datas especiais (día das bibliotecas, letras galegas...) como o desenvolvemento dun traballo continuado que nos parece especialmente relevante.

- Desenvolvemento das actividades para todo o centro, sobre o tema do proxecto.
- Difusión de música galega mediante a megafonía para as entradas e saídas.
- Rematar a exposición dos autores homenaxeados na “Praza das Letras” e realizar actividades relacionadas.
- Proposta de o recorrido do Camiño de Santiago para traballar diferentes aspectos: xeográficos, etnográficos, cartelería...

O MAGOSTO

Implicación activa na organización desta tradición proporcionando recursos para a súa celebración.

O SAMAÍN

Nos días previos á celebración desta festa traballarase en todas as aulas distintos aspectos desta tradición.

- As súas raíces, lendas, o significado das cabazas, a súa celebración noutras culturas... sempre axustando os contidos ao nivel de cada curso.

-

O NADAL

- Insistiranse nos aspectos lingüísticos da festa.
- Elaboración dunha felicitación ou adorno de nadal nas aulas con palabras en galego.

DÍA DA PAZ

Colaboraremos co resto dos equipos na organización das actividades.

DÍA DE ROSALÍA

Con motivo do aniversario de Rosalía, o día 23 de febreiro, celebraremos distintas actividades para achegar a figura de Rosalía de Castro a través da súa biografía e pequenos textos para traballar nas aulas. Elaboración de dípticos sobre a súa vida e obra.

DÍA DA MULLER

Coa colaboración doutros equipos organización de actividades que representen a importancia da muller ao longo da historia e da nosa vida.

ENTROIDO

O E.D.L.G. colaborará, insistindo nos aspectos lingüísticos, co resto de equipos na celebración desta festa típica galega.

DÍA DAS ARTES GALEGAS

Celebración o día 1 de Abril do día das Artes Galegas homenaxeando aos trobadores galegos.

A SEMANA DAS LETRAS GALEGAS

Traballar o coñecemento do autor homenaxeado Francisco Fernández del Riego con distintas actividades sobre a súa vida e obra.

Nesta semana farase máis fincapé na literatura galega:

- Realizarase un traballo de investigación sobre o escritor homenaxeado. Aproveitaremos todo o material que se poida recoller.
- Utilizarase todo tipo de materiais; sen esquecer os audiovisuais, polo seu interese motivador polo que contaremos co Equipo de Tics.

7.2.9. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

COMPOÑENTES:

M^a del Pilar Bermúdez Bellón (E.I.)

Rebeca González Antelo (E.I.)

Marta Lorenzo Cousillas (2º E.P.)

Inmaculada Quiñoy Pita (6º E.P.)

M^a Teresa Rodríguez Álvarez (Música)

Alba Rodríguez. Bermúdez (Xefa de Estudos)

M^a Jesús Gantes Pazos (Relixión); Coordinadora.

OBXECTIVOS:

- Promover e coordinar as actividades complementarias e extraescolares.
- Achegar aos nenos e as nenas ao contorno natural, social e cultural por medio de saídas, visitas e festas tradicionais.
- Fomentar a participación e disfrute nas diferentes conmemoracións.
- Actuar en coordinación cos diferentes equipos na celebración das festas tradicionais e demais eventos.

ACTIVIDADES:

Programar a participación nas seguintes festas e celebracións:

- Inicio de curso
- Magosto / Samaín
- Nadal
- Día da Paz
- Entroido
- Semana das Letras Galegas.

- Celebracións de fin de curso
- Saídas lúdico/didácticas fin de curso / fin de primaria

Colaborarase xunto cos diferentes equipos nas celebracións anteriores.

Participación en programas educativos doutros servizos municipais:

- Descubrir a Música (Consortio para a promoción da Música)
- Descubrir os Libros (Servizo Municipal de Bibliotecas)
- Educación Ambiental (Concellería de Medio Ambiente)
- Teatro para centros escolares (IMCE)
- Museos Científicos
- CEGAI

Participación nos programas educativos do Servizo Municipal de Educación do Concello de A Coruña:

Descubrir Coruña

Descubrir o ocio


Participación noutros eventos

Asistencia a outros eventos , saídas ou exposicións temporais que poidan xurdir ao longo do curso e que os profesores consideren axeitados para o proceso de ensino-aprendizaxe.

A participación e programación de cada visita ou saída é decidida polo equipo de profesores/as do nivel correspondente e reflexada na súa programación xeral.

Realización, sempre que se considere oportuno e sexa posible, de saídas de fin de curso ou excursións de fin de etapa.

7.3.0 EQUIPO DE BIBLIOTECA



PXA DA BIBLIOTECA ESCOLAR

CURSO 2022-2023

Empezamos un novo curso coa ilusión de que, por fin, todo volta á normalidade e poidamos levar a cabo todas as iniciativas que Cascarilla nos vaia propoñendo.

XESTIÓN E ORGANIZACIÓN

Por suposto, continuaremos con todos os labores de xestión e organización de espazo e recursos, que nos son propios.

No comezo do curso elaboraremos unha guía para todo o profesorado na que se explican os pasos a seguir para o préstamo de libros en KOHA. Tamén daremos de baixa os exemplares que retiramos no expurgo de finais do curso pasado e seguiremos etiquetando os libros que faltan.

DINAMIZACIÓN. PROMOCIÓN DE RECURSOS. INTEGRACIÓN NO CURRÍCULO.

Os mobles das novidades: Como xa estamos a facer, todos os fondos de nova adquisición estarán expostos nestes mobles durante uns días, antes de pasar ao seu lugar na biblioteca, para facelos visibles ante toda a comunidade. Durante este período non saen en préstamo, pero si se poden levar as aulas para mostrar ao alumnado.

Exposicións temáticas: Tendo en conta o momento do ano escolar a vivir, o equipo de Biblioteca seleccionará fondos, que se colocarán nos mobles cos que a tal efecto contamos. Tamén colaboraremos co resto de equipos no deseño e execución das actividades pertinentes, na procura de facelas útiles e motivadoras, evitando multiplicidades e sobrecargas. Durante o desenvolvemento do noso *Proxecto Documental Compartido* a exposición temática será máis ampla, xa que se adquirirán fondos relativos ao tema, para contarmos cun maior número de recursos.

A bolsiña dos bebés: Continuaremos con esta actividade, que sempre tivo moi boa acollida. Coa chegada dun novo membro cada familia recibe, da man do irmán maior, a Bolsiña que contén fondos e materiais pensados para o momento que están a vivir todos e cada un. A Biblioteca pretende, ademais de definirse como espazo que celebra e acolle, fomentar hábitos lectores desde idades temperás e no marco máis afectuoso posible.

O blog *BiblioCascarilla*: Como calquera outro, serve de mostra das novidades e actividades que se viven desde a B.E. Cremos que a súa maior valía non está no corpo central senón nas seccións da súa marxe: *Proxectos compartidos* e *BaúldeCascarilla*, que comezan a ofrecer unha selección daquilo que imos atopando na rede e que nos parece valioso para o desenvolvemento do currículo escolar e da cultura en xeral. Pretendemos que sexan un andel da biblioteca, que achegue a todos, recursos *on line* escollidos co mesmo coidado que cada un dos libros.

Biblioteca, espazo de compensación: Desde a Biblioteca continuaremos apoiando as titoras na selección de fondos divulgativos que reforcen as aprendizaxes de cada momento do curso, dirixidas prioritariamente ás nenas e nenos máis desfavorecidos socialmente; pretendemos asegurarnos de que, a falta doutros medios, este alumnado conte con prioridade no acceso aos nosos fondos para uso curricular.

FORMACIÓN DE USUARIOS. COMPETENCIA INFORMACIONAL.

Eu son persoal da biblioteca: Con esta frase están rotulados os chalecos que visten as nenas e nenos de 6º de primaria que traballan como colaboradores e que, a día de hoxe, son case todos. Eles recibirán unha formación máis específica no comezo do curso.

PDI no 2º trimestre: O equipo de Biblioteca coordinará o proxecto documental que compartiremos todos a partir de xaneiro. No mes de decembro coordinaremos tamén a *xornada electoral* na que o alumnado decidirá o tema a traballar.

Consideramos que o desenvolvemento do proxecto é unha das actividades que máis potencian a competencia informacional do noso alumnado, achegando prácticas que cremos moi beneficiosas e que, cada vez máis, se incorporan á actividade cotiá no colexio.

Proxectos nas aulas: Por suposto, desde o equipo de Biblioteca tentaremos facilitar recursos que o profesorado demande para o desenvolvemento doutros proxectos que se realizan por iniciativa dos diferentes grupos de aula ou nivel ou, simplemente, para completar os contidos que aportan os libros de texto con cada tema que se estea a traballar.

FOMENTO DA LECTURA. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR.

Préstamo titorizado: O préstamo de fondos ao alumnado faise en horario lectivo e cos titores. Cada aula dispón dun horario na Biblioteca con este fin.

Préstamo ás aulas: Ademais do préstamo individual e daquel que se fai para a execución dunha determinada tarefa nas aulas, durante todo o curso a Biblioteca realiza préstamo de fondos para a *Hora de ler*, que ten lugar nos vinte minutos posteriores ao recreo.

Encontros con autores: Continuaremos a xestionar e ofrecer contacontos especiais, encontros con autores e ilustradores ou con especialistas en determinadas materias, sempre que nos sexa posible e se consideren de interese.

Mochilas viaxeiras: Contamos con dúas mochilas viaxeiras para as unidades de 5 anos e outras tantas para os terceiros e sextos de Primaria. Revisarémolas e comezarán a súa andaina en outubro.

Lemos do ganchete: É o nome que recibe a actividade de apadriñamento lector e/ou lecturas compartidas que estivemos a realizar en anos pasados. Esta foi unha das actividades que botamos moito en falta nos curso pasados. Estaba moi consolidada xa no colexio e facíase extensiva a actividades diversas ao longo do ano, nas que sempre traballaba xunto alumnado de diferentes idades. Retomámola a finais do curso pasado e pretendemos que funcione totalmente neste curso.

Conto por dente: coa caída do primeiro dente os nenos reciben un agasallo do trasno da biblioteca (un minilibro da editorial Kalandraka, cunha nota personalizada, ambos os dous dentro dun sobre co seu nome).

Cascarilla: Este equipo pretende tamén coidar do noso *trasno de Biblioteca* e mantelo como figura motivadora, que achega a todos á lectura e outras actividades, axudándolle na realización das tarefas que acostuma asumir.

CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA

Na selección de fondos impresos: Continuaremos aplicando o criterio de atender moi especialmente a adquisición de libro divulgativo e álbum ilustrado de calidade desde o convencemento das posibilidades que ambos ofrecen para adaptarse ás distintas idades e capacidades.

Tamén, por suposto, adquiriremos aqueles que abonden na sensibilización de todos e todas sobre este tema.

Sección Xogamos? (Biblioteca Creativa): Pretendemos seguir nutrindo esta sección, posta en marcha no curso pasado, que contén xogos didácticos de calidade escollidos pensando no desenvolvemento de todas as capacidades.

CRITERIOS E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN.

Consideramos importante realizar unha avaliación que nos permita valorar, como mínimo no vindeiro curso, os seguintes aspectos:

- Os fondos: calidade; cantidade; temas e formatos a mellorar. (valoración do profesorado e alumnado)
- As actividades de formación de usuarios e fomento da lectura: nivel de satisfacción e de eficacia (alumnado e profesorado)

- O PDI: grao de motivación nos alumnos; aumenta as competencias no acceso á información? Integra cultura impresa e dixital? (profesorado)
- O préstamo individual e ás aulas (alumnado e profesorado)
- A sección *Xogamos*: Resulta útil?

Utilizaremos como instrumentos algunha enquisa dirixida ao alumnado e ao profesorado, pero, sobre todo, a observación e intercambio de puntos de vista con todos e todas.

PERSOA DESIGNADA COMO RESPONSABLE. EQUIPO DE APOIO. HORARIO PREVISTO.

A maioría dos integrantes actuais permaneceremos este curso no Equipo

A responsable actual, **Carmen Pailos Montáns**, continuará co seu traballo.

Durante este curso, as mestras do Equipo de Biblioteca, agás a coordinadora, non dispoñen de horas de adicación á Biblioteca, debido á distribución horaria que se tivo que facer por mor da falta dunha mestra titora de primaria , que figura no catálogo do noso centro e que sigue sen cubrirse ao igual que o curso pasado.


7.3.1. EQUIPO DE TICs.

A importancia das Tecnoloxías da Información e Comunicación ou TIC no ensino é cada vez maior e, tras este período de crise producido pola pandemia do Covid-19, o valor que representa para a comunidade educativa é incuestionable. Coa finalidade de que as tecnoloxías da información e a comunicación sexan un recurso máis dos procesos de ensino-aprendizaxe, elaboramos un plan de introdución e adaptación das mesmas á realidade do noso centro educativo.

As TICs (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) facilitan os procesos de adquisición, transmisión e intercambio de información. A optimización do proceso de aprendizaxe precisa empregar as TICs como unha ferramenta formativa, incidindo na metodoloxía e rexistrando o seu emprego nas programacións educativas. Isto dá paso a un novo concepto pedagóxico: **TACs**(Tecnoloxías da Aprendizaxe e do Coñecemento) que relaciona a tecnoloxía con conceptos como a motivación, a creatividade ou as habilidades multitarefa.

O noso centro educativo centrase durante varios cursos escolares en implementar a tecnoloxía como unha realidade de aprendizaxe aumentada. Principalmente empregaranse as **Tecnoloxías para o Empoderamento e a Participación (TEPs)**.

Este proxecto e integración cultural das educativo, establecendo **dixital** na nosa O plan irase **cambio de modelo de centro educativo** cursos, fomentando o



está deseñado para acadar unha adopción TIC en todos os ámbitos do proceso obxectivos encamiñados a evitar a **fenda** comunidade educativa. perfilando para apoiar a **xestión do centro educativo tradicional ao novo dixital**, que se ven dando dende fai varios transición:

- Da aula de informática á informática na aula e do mestre que ensina informática ao mestre que usa as TICs para ensinar.
- Dos actuais libros de texto aos libros dixitais.
- Da aprendizaxe “*in situ*” á aprendizaxe interactiva.

A situación provocada pola pandemia da Covid-19 deixou patente a importancia e presenza que deben ter as TICs e no ámbito educativo. Por esta razón, o profesorado do centro realizou formacións nos cursos anteriores, tanto presenciais como a través da plataforma FPROFE, co fin de aumentar os seus

coñecementos e perfeccionamento no uso das TICs, sacándolle o máximo proveito á Aula Virtual do centro.

1. OBXECTIVOS.

O obxectivo xeral é dar resposta ás necesidades do alumnado, do profesorado e das familias para acadar unha integración plena, pero sobre todo respectuosa, das TIC no ámbito educativo.

Para iso, desde o equipo propóñense os seguintes obxectivos:

- Desenvolver na comunidade educativa actitudes e propostas encamiñadas á mellora do uso das novas tecnoloxías (TICs) e adquisición de destrezas que favorezan a adquisición da **competencia dixital**.
- Favorecer a utilización da **aula virtual** en todas as etapas educativas.
- Fomentar o uso das aplicacións xestionadas pola Administración Educativa, como **Abalar Móbil**.
- Iniciarse na elaboración de talleres relacionados co uso das novas tecnoloxías, como **STEM, robótica**, etc.
- Propoñer a incorporación a diferentes programas vinculados coas novas tecnoloxías (**E-dixgal**).
- Favorecer e dinamizar o uso da **páxina web** para dar visibilidade a todas as actividades e proxectos realizados no centro á toda a comunidade educativa.

2. RECURSOS.

a. HUMANOS.

O equipo de docentes encargados da dinamización das TICs está formado por catro docentes, un por cada ciclo de educación infantil e primaria. Contan co respaldo do resto do claustro e co apoio técnico dun profesional externo.

b. MATERIAIS.

Os espazos do CEIP Ramón de la Sagra son na súa maioría aulas dixitalizadas que contan cos elementos do kit de aula dixital: EDI, proxector e equipo no posto do profesor e conexión a rede de datos do centro cunha conectividade á rede axeitada. Sen embargo, non existe este kit nas aulas de PT e AL nin

nas de Educación Infantil. No último curso, adquiríronse uns robots educativos, “bee-bots” para o uso do alumnado, especialmente de Educación Infantil e primeiro ciclo de Educación Primaria.

Así mesmo, existe un espazo de usos múltiples no que se acomodaron 12 computadores de sobremesa. Por outra banda, ter en conta que o centro abasteceuse nestes anos doutros 9 portátiles nun carro móbil para albergalos. Estes poderán ser empregados por as diferentes aulas respectando un sistema de quendas.

A biblioteca, espiña dorsal do proxecto educativo de centro, leva anos funcionando como un centro de recursos amplo, tamén no ámbito das TICs. A este efecto, abasteceron o punto interactivo con dispositivos móbiles e manteñen un blog dinámico.

3. ACTUACIONES PRIORITARIAS.

No presente curso escolar as accións prioritarias do equipo serán:

- Desenvolvemento da competencia dixital de todo o alumnado do centro.
- escoita activa e recollida dos intereses do claustro e do alumnado.
- Apoio ao resto de equipos de coordinación docente.
- Selección de recursos dixitais de calidade e a súa posta ao alcance da comunidade educativa no espazo da biblioteca dedicado a tal fin.
- Actualización e mantemento da Aula Virtual e da páxina web do centro.
- Achegar o mundo STEM, da robótica e a da programación ao corpo docente, establecendo un primeiro contacto de formación informal.
- Fomentar o uso das aplicacións xestionadas pola Administración Educativa, como Abalar Móbil.

8. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

1.- COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO

Ao longo do presente curso **2022/2023**, o Departamento de Orientación do CEIP Ramón de la Sagra quedará constituído polo persoal que segue a continuación:

Juan Ignacio Castro Rivas na Xefatura Departamento de Orientación

Laura Martínez Pan especialista en Audición e Linguaxe

Sara García do Campo especialista en A.L. (afinidade Pedagogía Terapéutica) e coordinadora de Educación Infantil.

M^a del Carmen Castro Vázquez especialista en Pedagogía Terapéutica

Sabela Ramos Campos especialista en P.T. compartida con CEIP Sada e os seus contornos

Laura Rodríguez Calderón coordinadora 1º ciclo Educación Primaria

M^a José Reija Martul coordinadora 2º ciclo Educación Primaria

Leticia Recarey Pérez coordinadora 3º ciclo Educación Primaria

2.- OBXECTIVOS

O grande obxectivo será o de cumprir as funcións encomendadas e que engloban a toda a comunidade escolar sendo as prioridades de actuación as que figuran no marco do Plan de Acción Titorial, PXAD e outros documentos de centro.

Respecto ao alumnado, búscase o desenvolvemento adecuado de todas as súas capacidades, facilitar o seu proceso educativo e axudarlles cando xurdan dificultades.

Respecto ao profesorado, prestarlle apoio e asesoramento nas súas funcións.

Respecto ás familias, favorecer o coñecemento dos seus fillos e tratar de acadar unha maior implicación na vida do centro.

3.- FUNCIONAMENTO DO DEPARTAMENTO E RECURSOS

O funcionamento do departamento vai ser coordinado polo xefe do mesmo Juan Ignacio Castro Rivas nas diferentes actividades e actuacións a levar a cabo.

En canto aos recursos humanos salientar que o DO consta de 1 mestra de Pedagogía Terapéutica a tempo completo, 1 mestra de Pedagogía Terapéutica compartida, 1 mestra de Audición e Linguaxe con afinidade a Pedagogía Terapéutica e 1 mestra de Audición e Linguaxe que tamén exerce a Secretaría.

Polo tanto, 1 mestra de Pedagogía Terapéutica e 1 mestra de Audición e Linguaxe non van poder asumir horario completo de atención ao noso alumnado

Celebraremos reunións semanais para a coordinación das nosas actuacións.

Contaremos con recursos de carácter extraordinario coma é o caso de 1 intérprete de lingua de signos española ILSE e con 2 persoas asignadas como persoal auxiliar técnico educativo ATE, que incidirán prioritariamente sobre o numeroso alumnado que presenta NEE dentro da etapa de Educación Infantil.

4.- PROCEDEMENTOS PARA DISTRIBUCIÓN DE ATENCIÓN EDUCATIVA E HORARIOS

Trataremos de responder da maneira máis eficaz que resulte posible ás necesidades que vaian xurdindo ao longo do curso escolar, nos distintos sectores que forman parte da nosa comunidade educativa.

De acordo co **Decreto 229/2011(7 decembro)** *que regula a atención á diversidade na nosa Comunidade Autónoma-* **art. 38.4-** a proposta de organización da atención ao alumnado por parte dos mestres/as especialistas en PT ou AL ou outros profesionais específicos implicados será realizada pola Xefatura do Departamento, en coordinación con eles/as e o profesorado titor.

Ao respecto da distribución horaria da intervención individualizada co alumnado, consideraremos para realizala os **criterios prioritarios** para organizar a atención por parte das mestras especialistas de **Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe** do centro, que quedan recollidos na adaptación para o presente curso do PXAD:

- ❖ Atención ao alumnado con **NEE**, o que segundo o actual marco normativo en atención á diversidade abrangue a aqueles que presenten discapacidade e/ou trastornos graves de conduta (TEA, TXD, TDAH e outros).
- ❖ Alumnado con Adaptacións Curriculares
- ❖ Alumnado con **NEAE** ou que poida presentar outras Dificultades Específicas na súa aprendizaxe, dándolle prioridade a aqueles alumnos/as que xa viñan recibindo atención e/ou presentan maiores dificultades polas súas condicións persoais ou de historia escolar previa.
- ❖ Alumnado con dificultades na comunicación, linguaxe e fala.
- ❖ Alumnado que presente dificultades na linguaxe de menor gravidade, sempre que a planificación horaria o permita e se xustifique previamente a valoración das necesidades en cada caso.

Atenderase tamén a información recollida nos informes diagnósticos ou psicopedagóxicos do **EOE** ou outros servizos, que aporten tanto alumnado que se incorpore por vez primeira ao centro, coma aqueles que sexan obxecto de novas valoracións neste curso por parte do mesmo, o ben polo Departamento en resposta á demanda dos mestres titores/as.

5.- DISTRIBUCIÓN E TEMPORALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS AO LONGO DO CURSO

A temporalización será **aberta e flexible** en función das circunstancias que vaian xurdindo ao longo dos tres trimestres do curso. É por iso, que o **fío condutor** deste Plan Anual estará baseado no traballo colaborativo, coordinado e complementario e máis tamén no diálogo e as relacións o máis fluídas que resulte posible coa nosa comunidade educativa, Administración e Servizos Externos, e en xeral a nosa contorna.

De aí tamén, que no presente curso presentemos a temporalización das actuacións do Departamento de xeito trimestral, suxeito sempre ás adaptacións e modificacións que resulten necesarias:

♣ 1º TRIMESTRE: SETEMBRO- DECEMBRO

- Revisión e concreción do PXAD e Plan de Orientación e Acción Titorial, para o presente curso.
- Constitución do Departamento e acollida ao novo profesorado especialista que forma parte.
- Asistir á reunión inicial da CCP, e as sucesivas ao longo do trimestre, trasladando as achegas a incluír na PXA.
- Incidir e colaborar para acadar unha axeitada adaptación ao novo curso, especialmente na transición do fogar ao nivel de 4º de Educación Infantil e na incorporación a etapa de Educación Primaria.
- Revisión, posta en común e actualización tanto da previsión de alumnado NEAE para o presente curso enviada á Inspección no mes de xuño, coma dos informes individualizados e posibles plans de recuperación do alumnado, tanto coas mestras especialistas en PT e AL coma cos titores/as que o precisen.
- Realización das Programacións do profesorado especialista en PT e AL.
- Planificar a distribución e proposta horaria de atención ao alumnado con NEAE no Departamento.
- Dar a coñecer aos mestres/as titores aspectos fundamentais como: Protocolos da Consellería en relación coa atención á diversidade, relación de alumnado NEAE en cada grupo aula ou Procedemento de demanda de avaliación psicopedagóxica do alumno/a e para a posta en marcha de MAD de carácter extraordinario.
- Colaboración e asesoramento ao profesorado durante o proceso de avaliación e detección inicial de necesidades educativas.

- Tramitación de documentación relativa ás bolsas do Ministerio para alumnado que presenta NEAE, ou ben sobre á posible incorporación a iniciativas como Contratos-Programa
- Realización de entrevistas iniciais coas familias de nova incorporación ou con alumnado NEAE que poida ser atendido no Departamento.
- Establecer reunións no inicio e ao longo do trimestre para intercambiar información e coordinar actuacións cos Servizos Sociais e Sanitarios, Orientadores/as do IES e centros da zona e gabinetes psicopedagóxicos e/ou asociacións de apoio externas con concerto asinado.
- Tramitación das demandas ao EOE
- Coordinación das reunións do Departamento ao longo deste 1º trimestre.
- Informar á Administración das NEAE que se lles presta atención no centro e os recursos neste sentido, cumprimentando a aplicación DRDadi.
- Tomar parte nas celebracións e actividades organizadas no centro ao longo do trimestre.
- Colaborar no deseño e posta en práctica de actuacións e medidas en torno aos Plans de Convivencia e Igualdade do centro.
- Proporcionar asesoramento, colaboración e apoio ao profesorado na elaboración e emprego de materiais e/ou outros recursos específicos necesarios na atención á diversidade do noso alumnado, coma é o caso das emisoras FM ou os apoios visuais entre outros.
- Atender ás demandas de avaliación ou modificación de medidas.
- Comezar o seguimento do alumnado con NEAE xa atendido no Departamento, así coma a revisión ou modificación das medidas de atención propostas en cada caso.
- Prestar apoio e asesoramento ás familias naqueles aspectos evolutivos e académicos que supoñan maior inquedanza, informándolles tamén das medidas adoptadas cos fillos/as.
- Participar na sesión de avaliación e prestar asesoramento e axuda aos titores/as no proceso previo á mesma.

♣ **2º TRIMESTRE: XANEIRO-MARZO**

- Reorganización de medidas de atención e apoios, en función dos resultados da sesión de avaliación do 1º trimestre.
- Actualización de informes psicopedagóxicos do alumnado obxecto de seguimento e atención á posibles novas demandas neste sentido.
- Coordinación das reunións de Departamento ao longo do trimestre.
- Colaboración cos Centros Cívicos da zona, valorando incorporacións ao Programa Familiar ou de Apoio Escolar nos diferentes niveis de Primaria.

- Tramitación de documentación en relación á solicitude de novas medidas de atención ou recursos por parte do Departamento.
- Asistir á reunión de coordinación co IES Otero Pedrayo para intercambiar información do alumnado incorporado á Secundaria logo do 1º trimestre, así coma cara a preparación do Programa de transición con aqueles cursos que o farán neste ano.
- Continuar coa atención ás familias, cara á toma de decisións de novas medidas de atención á diversidade ou prevención de posibles dificultades xurdidas ata o momento.
- Intercambiar información e achegas cos titores/as, cara a propoñer novos materiais e recursos específicos necesarios para o alumnado, e mellorar a atención no Departamento.
- Asesorar e deseñar posibles actuacións encamiñadas á mellora da Convivencia.
- Valorar conxuntamente coas mestras/as de PT e AL a evolución do alumnado NEAE atendido ata o momento, cara a optimizar recursos e materiais necesarios.
- Achegar novas propostas e posibles modificacións no labor do Departamento á CCP nas reunións do trimestre.
- Participar na sesión de avaliación e prestar asesoramento e axuda aos titores/as no proceso previo á mesma.
- Continuar á atención ás demandas do profesorado relación ao proceso de valoración psicopedagóxica dos alumnos/as.
- Tramitar ao EOE as demandas de ditames iniciais de escolarización para aquel alumnado con NEE, que puideran xurdir.

♣ **3º TRIMESTRE: ABRIL-XUÑO**

- Reorganización de medidas de atención e apoios, en función dos resultados da sesión de avaliación do 2º trimestre.
- Asesorar e colaborar cos titores/as no intercambio de información ás familias en torno á solución de posibles dificultades e medidas de atención levadas ao cabo.
- Coordinación das reunións do Departamento ao longo deste último trimestre.
- Realizar seguimento cos Centros Cívicos da zona, valorando ao alumnado atendido nos seus programas cara ao próximo curso, así coma con outros profesionais externos.
- Proseguir coa posta en práctica e valoración de medidas reflectidas no Plan de Convivencia do centro.
- Planificación conxunta co IES Otero Pedrayo da Acollida ao novo alumnado que se incorporará á etapa de ESO.

- Valoración conxunta da información sobre o alumnado de 6º curso de Educación Primaria, colaborando cos mestres tutores/as na realización dos informes finais de etapa.
- Traslado á Administración Educativa tanto do traballo e demandas atendidas polo noso Departamento, cumprimentando a aplicación DRD Orienta, coma coa previsión de alumnado NEAE que precisará atención específica e os recursos humanos que se precisarán no vindeiro curso.
- Colaboración na acollida ás familias do alumnado de 4º E.I. que se incorporará ao noso centro.
- Asistir ás sesións da CCP incidindo no intercambio e achegas en torno á finalización do curso e novas necesidades presentes no alumnado, especialmente aquel que cambia de etapa.
- Posta en común de información e posibles melloras coas mestras especialistas de PT e AL, que se recollerán na memoria das súas intervencións.
- Realización da memoria avaliadora do desenvolvemento deste Plan Anual, que se incorporará á memoria Anual do centro.
- Continuar á atención ás demandas do profesorado relación ao proceso de valoración psicopedagóxica dos alumnos/as e actualización da información ao respecto do alumnado do Departamento.
- Participar na sesión de avaliación final do curso, prestando asesoramento e colaboración aos tutores/as e mestres especialistas en relación á súa organización, e posterior toma de decisións sobre a promoción do alumnado, facendo fincapé nas posibles medidas de atención co alumnado NEAE que recibiu atención.

6.- CANLES PARA A COORDINACIÓN E COMUNICACIÓN COA COMUNIDADE EDUCATIVA

Vaise poñer en marcha as canles para os labores de coordinación e comunicación cos distintos axentes da comunidade educativa e a contorna.

Procederase ao intercambio de información cos propios **alumnos/as** tanto a nivel grupal como individual.

De igual maneira, aplicaremos idéntico procedemento nas xuntanzas individuais tanto cos mestres/as tutores coma o **profesorado** especialista que precise do noso asesoramento, colaboración e apoio no proceso de ensino-aprendizaxe do seu grupo de referencia.

A atención coas **familias** do noso alumnado se desenvolverá de xeito presencial de forma concreta e puntual, sempre baixo **cita previa**.

Para procurar unha comunicación o máis fluída e efectiva posible, dispoñemos das **canles telemáticas** que se veñen empregando: Web e Aula Virtual do centro, contacto telefónico, contas de correo creadas anteriormente ou videoconferencias mediante Cisco Webex entre outras.

Por outra banda, nas xuntanzas dos distintos **Órganos de Goberno e Coordinación Docente** continuaremos a manter o trato presencial

Asemade, será fundamental continuar a liña de traballo coordinado e a colaboración co IES adscrito Otero Pedrayo.

Indicar por último, que pola grande cantidade de necesidades educativas que abrangue o noso alumnado, dende o Departamento de Orientación cómpre manter unha coordinación coordinada e continuada cos **servizos externos** como Educadores/as Sociais Municipais, Servizos Sanitarios, Asociacións de apoio ou Gabinetes psicopedagóxicos; empregando a vía de comunicación máis efectiva en cada circunstancia.

7.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ANUAL

Vaise realizar unha avaliación continua e que incida sobre os procesos, permitindo así procurar unha resposta o máis axeitada posible para o alumnado por parte do Departamento.

Así, en función dos avances ou atrancos atopados a as achegas de información realizadas polas familias, profesionais externos implicados e todo o profesorado, tanto nas sesións de avaliación coma nas coordinacións establecidas ao longo do curso, introduciremos os reaxustes e modificacións necesarias na planificación do noso labor diario coma Departamento.

Ao final de curso realizarase unha memoria cunha síntese reflexiva dos logros acadados, das dificultades atopadas, dos factores que puideron influír e as propostas de continuidade e/ou mellora cara o vindeiro curso.

Establecemos os seguintes indicadores:

VALORACIÓN:

SI: obxectivo acadado / actuación realizada

EP: obxectivo en proceso / actuación en proceso

NON: obxectivo non acadado / actuación non realizada

OBXECTIVOS DO PLAN DE ORIENTACIÓN	VALORACIÓN		
	SI	EP	NON
Participar na elaboración, seguimento e avaliación do PEC e demais documentos do centro, incidindo nos criterios organizativos, metodolóxicos e curriculares de carácter inclusivo para a atención á diversidade do conxunto do alumnado e asesorando nas decisións relativas á potenciación das áreas instrumentais, avaliación, recuperación, criterios de promoción.			
Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade que optimicen a atención educativa proporcionada ao alumnado.			
Contribuír a identificación e detección temperá das dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe e potenciar a posta en marcha de medidas e accións de carácter preventivo.			
Apoiar a convivencia no centro coa implicación de toda a Comunidade Educativa.			
Promover a comunicación, colaboración e coordinación coas familias, potenciando a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos/as e na vida do centro.			
Establecer canles de comunicación e coordinar actuacións cos diferentes servizos e institucións.			
Facilitarlle á Comunidade Educativa os apoios e asesoramento necesarios para favorecer o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado.			
Asesorar e apoiar ao conxunto da Comunidade Educativa para impulsar o desenvolvemento do Centro Educativo en todos os ámbitos.			

ACTUACIÓNS NO PLAN DE ORIENTACIÓN	VALORACIÓN		
	SI	EP	NON
Revisión e concreción do PXAD e Plan de Orientación e Acción Titorial, para o presente curso.			
Constitución do Departamento e acollida ao novo profesorado especialista que forma parte.			

Asistir á reunión inicial da CCP, e as sucesivas ao longo do curso, trasladando as achegas a incluír na PXA.			
Incidir e colaborar para acadar unha axeitada adaptación ao novo curso, especialmente na transición do fogar ao nivel de 4º de Educación Infantil e na incorporación a etapa de Educación Primaria.			
Revisión, posta en común e actualización tanto da previsión de alumnado NEAE para o presente curso enviada á Inspección no mes de xuño, coma dos informes individualizados e posibles plans de recuperación do alumnado, tanto coas mestras especialistas en PT e AL coma cos titores/as que o precisen.			
Realización das Programacións do profesorado especialista en PT e AL.			
Planificar a distribución e proposta horaria de atención ao alumnado con NEAE no Departamento.			
Dar a coñecer aos mestres/as titores aspectos fundamentais como: Protocolos da Consellería en relación coa atención á diversidade, relación de alumnado NEAE en cada grupo aula ou Procedemento de demanda de avaliación psicopedagóxica do alumno/a e para a posta en marcha de MAD de carácter extraordinario.			
Colaboración e asesoramento ao profesorado durante o proceso de avaliación e detección inicial de necesidades educativas.			
Tramitación de documentación relativa ás bolsas do Ministerio para alumnado que presenta NEAE, ou ben sobre á posible incorporación a iniciativas como Contratos-Programa ou ARCO.			
Realización de entrevistas iniciais coas familias de nova incorporación ou con alumnado NEAE que poida ser atendido no Departamento.			
Establecer reunións no inicio e ao longo do curso para intercambiar información e coordinar actuacións cos Servizos Sociais e Sanitarios, Orientadores/as do IES e centros da zona e gabinetes psicopedagóxicos e/ou asociacións de apoio externas.			
Tramitación das demandas ao EOE non atendidas no curso pasado, así coma das posibles novas intervencións en relación ao alumnado ou os recursos extraordinarios que precise.			
Coordinación das reunións do Departamento.			

Informar á Administración das NEAE que se lles presta atención no centro e os recursos neste sentido, cumprimentando a aplicación DRDadi.			
Tomar parte nas celebracións e actividades organizadas no centro ao longo do trimestre.			
Colaborar no deseño e posta en práctica de actuacións e medidas en torno aos Plans de Convivencia e Igualdade do centro.			
Proporcionar asesoramento, colaboración e apoio ao profesorado na elaboración e emprego de materiais e/ou outros recursos específicos necesarios na atención á diversidade do noso alumnado, coma é o caso das emisoras FM ou os apoios visuais entre outros.			
Atender ás demandas de avaliación ou modificación de medidas e recursos que quedasen adiadas, así coma iniciar os procesos das correspondentes ao presente curso escolar.			
Comezar o seguimento do alumnado con NEAE xa atendido no Departamento, así coma a revisión ou modificación das medidas de atención propostas en cada caso.			
Prestar apoio e asesoramento ás familias naqueles aspectos evolutivos e académicos que supoñan maior inqueda, informándolles tamén das medidas adoptadas cos fillos/as.			
Participar na sesión de avaliación e prestar asesoramento e axuda aos titores/as no proceso previo á mesma.			
Realizar seguimento cos Centros Cívicos da zona, valorando ao alumnado atendido nos seus programas cara ao próximo curso, así coma con outros profesionais externos.			
Colaboración na acollida ás familias do alumnado de 4º E.I. que se incorporará ao noso centro.			
Planificación conxunta co IES Otero Pedrayo da Acollida ao novo alumnado que se incorporará á etapa de ESO.			
Valoración conxunta da información sobre o alumnado de 6º curso de Educación Primaria, colaborando cos mestres titores/as na realización dos informes finais de etapa.			

Traslado á Administración Educativa tanto do traballo e demandas atendidas polo noso Departamento, cumprimentando a aplicación DRD Orienta, coma coa previsión de alumnado NEAE que precisará atención específica e os recursos humanos que se precisarán no vindeiro curso.			

PROGRAMACIÓN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

1.- INTRODUCCIÓN

A nosa actuación como mestras que prestan intervención e apoio ás necesidades específicas do noso alumnado, cómpre que estea fundamentada a partir dunha análise das mesmas, unha formulación de obxectivos e o deseño e posta en práctica dunha proposta concreta, procurando así adecuar a resposta educativa segundo as diversas *características persoais, capacidades, ritmos, situacións socioculturais, motivacións e intereses* dos alumnos/as.

Por iso, o presente documento converterase nunha ferramenta básica de traballo coa que as mestras/es especialistas en Pedagogía Terapéutica abordaremos a atención á diversidade e dificultades do noso alumnado.

É por iso que dende PT, continuaremos a traballar de xeito coordinado co Departamento de Orientación e máis cos distintos mestres titores/as, tendo coma referente as variacións e normas establecidas nas instrucións conxuntas do 5 de setembro do 2022. Recomendacións xerais para a xestión do Covid-19 para o curso 2022-2023.

Asemade, servirá como punto de partida da nosa planificación, garantido sempre os principios básicos coma poden ser a *equidade, inclusión educativa e non discriminación* entre outros que se reflicten no **Decreto 229/2011(7 decembro), así como na Orde do 8 setembro 2021.**

Polo tanto, a finalidade desta *proposta conxunta co resto do Departamento de Orientación* será a de colaborar co Equipo Docente e Directivo, á hora de deseñar, elaborar, pór en práctica ou establecer melloras no conxunto de **medidas e actuacións relativas á atención á diversidade**, procurando así maior calidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

No plan de actuación que presentamos, especifícanse *as liñas básicas e prioridades de intervención, os recursos materiais e persoais precisos na mesma e as actuacións a desenvolver por cada un deles.*

Así, tendo conta da nosa realidade educativa, cómpre salientar neste curso escolar, as **necesidades que se recollen** a continuación:

- Coordinación e colaboración entre os distintos profesionais que interveñen no desenvolvemento do alumnado.
- Promoción da inclusión do noso alumnado, impulsando á súa vez o seu desenvolvemento emocional e curricular na aula.
- Procura de contextos de estimulación rica e variada.
- Traballo das técnicas vencelladas coas aprendizaxes instrumentais básicas: lectura, escritura e cálculo, así coma a comprensión, razoamento e resolución de problemas.
- Desenvolvemento integrado das competencias clave.
- Prevención e mellora as dificultades ortográficas e de caligrafía.
- Afondamento nas técnicas básicas de estudo: subliñado, resumos, esquemas...
- Estimulación dos procesos cognitivos de atención, percepción e memoria.
- Motivación do alumno/a para aprender e enfrontarse a actividades novas ou que lle requiren maior esforzo persoal.
- Impulso de oportunidades para a socialización e posta en práctica de normas de convivencia en grupo.
- Dar resposta ás situacións persoais de vulnerabilidade e necesidades do noso alumnado e as súas familias.
- Adaptación de recursos e materiais para a atención do alumnado con NEAE.

2.- OBXECTIVOS

Presentamos os obxectivos que consideramos necesarios traballar no centro a partir das necesidades detectadas. Somos conscientes de que son moitos os aspectos a traballar pero que non son abarcables ao 100% nun período de tempo curto, e hai outros obxectivos que se continuarán traballando ano tras ano. Plasmamos aquí os que consideramos pertinentes a nivel xeral, entre moitos outros:

Referidos ao profesorado:

- Apoiar a actuación do profesorado, proporcionando a información que poida favorecer a súa función docente.
- Prever tempos para a coordinación entre as titoras e o profesorado de apoio.
- Servir de canle na solicitude de axuda e coordinación cos axentes externos, de ser o caso (EOE, Concello, Servizos Sanitarios, Asociacións de Apoio...).

Referidos ás familias:

- Establecer contactos periódicos coas familias do alumnado que recibe o apoio, co fin de seguir unha liña de acción común, coñecendo as prácticas escolares.
- Informar e asesorar, xunto cos mestres/as titores/as, ás familias do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Dar continuidade á planificación de intervención directa, no caso do seguimento do ensino a distancia.

Referidos ao alumnado:

- Dar resposta ás necesidades específicas de apoio educativo do alumnado.
- Identificar precozmente as necesidades específicas de apoio educativo.
- Fomentar no alumnado actitudes de respecto e cooperación no centro e no seu contorno.
- Colaborar na planificación e na realización de actividades grupais.
- Crear uns bos hábitos de estudo, que axuden ao alumnado a centrarse e acadar un aproveitamento do seu traballo.
- Estimular o pensamento e formación de hábitos sociais e condutas, partindo da realidade física e social máis próxima ao alumnado.
- Estimular o achegamento aos fenómenos habituais do medio que nos rodea.
- Iniciar ao dominio das técnicas instrumentais básicas: linguaxe oral, lectoescritura e cálculo.
- escoitar e comprender mensaxes orais e escritas, retendo a información e respondendo axeitadamente a ela.
- Traballar o vocabulario básico e a escritura de palabras.
- Calcular de forma rápida e eficaz.

- Realizar problemas sinxelos e tamén de cálculo mental.
- Saber aplicar aspectos cuantitativos, xeométricos e lóxicos para interpretar a realidade.

Unha vez que nos atopamos na aula de apoio, onde se traballará co alumnado NEAE que polas súas características e necesidades persoais ou recursos que require na intervención educativa diaria, non acada o mellor aproveitamento posible co grupo ordinario de referencia, debemos formularnos cales van ser os obxectivos que nos imos marcar a nivel xeral na aula, independentemente dos individuais de cada alumno.

Entre os **obxectivos** poderíamos citar:

- Potenciar o máximo desenvolvemento das capacidades do alumnado, en calquera das súas formas, apoiando a adquisición de novas aprendizaxes.
- Estimular a linguaxe en diversos contextos empregando diferentes funcións comunicativas.
- Mellorar os procesos cognitivos básicos: atención, percepción e memoria.
- Elaborar, recoller e difundir información necesaria ao alumnado, profesorado e familias para facilitar a identificación e utilización de axudas técnicas e outros recursos que permitan ao alumnado con NEAE acceder ao currículo.
- **Basearnos na avaliación inicial e nas coordinacións co profesorado para acordar liñas de traballo comúns, realizar o horario,...**
- Seguir unha metodoloxía variada, lúdica, motivadora,...
- Manter unha colaboración cos axentes que interveñen na educación do alumnado: pais, profesorado, aportando pautas de actuación conxuntas de prevención, intervención e de colaboración entre os diferentes profesionais.
- Realizar unha avaliación **global e continua** do traballo de e co alumnado, e coma **docentes**, introducindo as adecuacións pertinentes á programación formulada.

3.- PLANIFICACIÓN XERAL DE ACTUACIÓNS

Establécese un horario concreto e as medidas oportunas, para levar ao cabo os apoios co noso alumnado, coa distribución das sesións no grupo ordinario de referencia(AO) ou ben na Aula de Apoio(AA), segundo as **circunstancias e características persoais o aconsellen**, priorizando as áreas instrumentais como referencia para o seu establecemento e considerando a dispoñibilidade horaria dos especialistas, tendo conta **de non exceder máis alá dun terzo da xornada escolar diaria** nesta última, segundo establece a **normativa legal** ao respecto.

Por outra banda, no noso centro contamos cunha grande cantidade de alumnado con *diversidade funcional*, entre o que podemos salientar tipoloxías como:

- Alumnado con TEA.
- Alumnado con hipoacusia.
- Alumnado con atraso madurativo e/ou trastornos do desenvolvemento.
- Alumnado con dislexia e outras dificultades específicas da aprendizaxe.
- Alumnado procedente do estranxeiro ou outras CC.AA.
- Alumnado con necesidades polas súas condicións persoais ou de historia escolar previa.
- Alumnado con dificultades na comunicación e linguaxe.
- Alumnado con TDAH en diversas presentacións.
- Alumnado con dificultades nas áreas instrumentais ou lectoescritura.

En canto ás NEAE, este alumnado será atendido polo profesorado que teña docencia no seu grupo, tanto a nivel individual como grupal, e saíndo da súa aula o menor tempo posible. De ser necesario realizarase unha modificación do currículo, xa sexa Reforzo Educativo (RE) ou ben Adaptación Curricular Significativa (ACS), regulados na **Orde do 8 de setembro de 2021**.

Igualmente, co alumnado con NEAE que teña que ser atendido fóra da aula ordinaria, procurarase sempre respectar o maior rendemento, aproveitamento posible, de acordo as súas **necesidades, ritmos e características** e integración na aula.

En canto ás **ACCIÓNS PRIORITARIAS**, ante a cantidade de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que se presentan este curso, o Departamento de Orientación xunto coa Xefatura de Estudos e os mestres/as titores/as titoras, contando coa información do curso anterior e **as liñas establecidas para o curso no PXAD**, formularemos uns criterios de priorización das intervencións. Estes **criterios** son:

- Atenderase en primeiro lugar ao alumnado con NEE **asociadas a discapacidade e/ou trastornos graves da conduta, da comunicación ou linguaxe**.
- Atenderase con maior prioridade ao alumnado que ten unha modificación significativa do currículo, neste caso con **ACS**.
- Prevención de posibles dificultades na etapa de Educación Infantil.

- Posteriormente, atenderase a dar continuidade ás medidas de RE do alumnado que xa tiveran este tipo de apoio no curso anterior, tal como se recolle nos correspondentes informes.
- Algúns aspectos serán traballados directamente polo profesorado de apoio, pero, no caso de que xurdan outros casos nos que o mestre/a titor/a pida consello ou axuda, aportaráselle pautas de apoio para poder abordalos. Deste xeito, a participación na intervención implicará, **tanto ao mestre/a titor/a, como ao resto do profesorado que imparte docencia ao alumnado con NEAE.**

Estas medidas quedan abertas a posibles modificacións posteriores, en función das necesidades que poidan xurdir.

4.- METODOLOXÍA /ACTIVIDADES /TEMPORALIZACIÓN /RECURSOS

a. Metodoloxía empregada.

As estratexias metodolóxicas que adoptamos, parten do **Proxecto Educativo** (PE). Tendo en conta que a nosa intervención ten como principal protagonista ao alumnado con NEAE, será preciso considerar aquelas estratexias metodolóxicas que resulten máis axeitadas para este alumnado. Isto esixe concretar as decisións respecto ás estratexias de ensino-aprendizaxe, agrupamentos, espazos e tempo.

Estas decisións, que aquí esbozamos de forma xeral, deben ser concretadas en cada **Programación de Aula** ou Programa de Intervención posto en marcha para cada alumno/a en particular, en función das necesidades que presente.

A nivel xeral, para traballar co alumnado con necesidades, teremos en conta certos aspectos, entre os que podemos destacar:

- O carácter individualizado.
- O carácter lúdico, sobre todo, canto máis pequenos sexan os nenos/as.
- A adaptación dos tempos segundo as necesidades, características, ritmos evolutivos e estilos de aprendizaxe dos nenos/as.
- Os contidos se presentarán segundo un enfoque máis globalizador.
- Partirase das necesidades, coñecementos e intereses dos nenos, así como das Programacións de Aula respectivas e a información aportada polo profesorado de referencia.
- As aprendizaxes a introducir serán funcionais e significativas, facilitando a súa xeneralización.
- Ir do máis simple ao máis complexo e do máis concreto ao máis abstracto, seguindo un orde crecente de dificultade e ofrecendo diversas axudas e que se suprimirán progresivamente.

- Partirase dunha avaliación inicial que nos sinale a situación de partida, considerando así os coñecementos previos do alumnado co que imos traballar.
- Potenciar a utilización de técnicas que promovan a axuda entre alumn@s, e a participación activa do alumnado con necesidades.
- Establecer momentos nos que conflúan diferentes actividades dentro da aula.

Na aula de Apoio, utilizaremos unha metodoloxía concreta para abordar os distintos aspectos que debamos atender, presentando e planificando o traballo de forma secuenciada.

Os ámbitos de coñecemento abordaranse co alumnado, considerando as dificultades destes e partindo dende os máis próximos e sinxelos de comprender ata chegar a aspectos máis xeneralizables, que serán distribuídos ao longo do curso por trimestres, do mesmo xeito que a Programación de Aula.

b. Actividades.

A metodoloxía a empregar ten que ser moi variada, e as actividades propostas serán o máis activas e atractivas posible e, sobre todo, encamiñadas á maior integración na propia aula. O alumnado debe ser atendido indistintamente polo mestre/a de área e/ou polo especialista, ao igual que o resto da clase.

- Diseñar e levar a cabo un programa de intervención individualizado para cada alumno/a ao que lle demos apoio.
- Diseñar actividades de avaliación previas, que lle permitan ao alumnado expresar as súas experiencias, inquiredanzas e percepcións. Con este propósito deberanse elaborar por parte do profesorado criterios e instrumentos de observación axeitados.
- Poñer en práctica actividades que fomenten un ambiente satisfactorio na aula.

c. Agrupamentos.

- **Adoptar criterios de flexibilidade en relación co agrupamento do alumnado na aula de apoio, máximo 5 alumnos (orde 8 de setembro do 2021)**, tendo en conta o curso no que se atopan e área a abordar ou os niveis de competencia curricular acadados.
- Tamén se traballarán a nivel **individual** aqueles aspectos que se consideren **prioritarios**.

d. Espazos e tempo

En canto á temporalización para a aula de apoio, cabe sinalar que contamos con alumnos/as con necesidades de carácter permanente cos que traballaremos durante todo o curso, tendo como referencia a ACS na que se establecen os criterios de avaliación, promoción e liñas básicas de intervención; mentres que as restantes necesidades que atenderemos virán derivadas desde o DO, a partir das necesidades detectadas no proceso previo de avaliación psicopedagóxica. A súa

permanencia na aula de apoio vai depender de moitas variables como o tipo de necesidade, a súa evolución, da correcta adecuación do noso traballo ou programación ás mesmas...etc.

En resumo, estableceremos unha serie de **tempos** ao longo da planificación das nosas intervencións, como:

- Un tempo necesario e importante de adaptación e de coñecemento mutuo, vital para establecer un ambiente de empatía co alumnado, coñecer o seu contorno, os seus gustos,...
- Un segundo momento de adquisición de **rutinas** de aula, como pode ser: chegar á aula, saudar, bromear, coñecer o exercicio- tipo a realizar, adquirir certa soltura na súa execución-, despedida.
- Un terceiro momento nas intervencións que ocorre cando, unha vez automatizadas as accións da aula, é necesaria unha xeneralización e automatización das aprendizaxes.

En canto á temporalización para atender ás distintas necesidades, é diferente segundo cada caso concreto, tendo sempre presente que obedecerá a criterios de **flexibilidade**, en función das reorganizacións e circunstancias que poidan ir xurdindo no curso escolar.

Asemade, dividimos as nosas **actuacións** en tres momentos fundamentais:

1) PRIMEIRO MOMENTO----- AVALIACIÓN INICIAL:

- Recompilación de información de diferentes fontes: profesorado, familia, informes e expedientes do alumnado, probas do nivel ou competencia curricular etc.
- Revisión de material aula- centro para o traballo diario, para tratar de que dea resposta ás necesidades a atender.
- Reorganización das aulas de apoio detectando, posibles carencias en relación aos recursos para o traballo diario.
- Organización e coordinación dos apoios.
- Deseño das intervencións.
- Realizar os programas de intervención.

2) SEGUNDO MOMENTO --- ACTUACIÓNS DURANTE O CURSO:

- Deseñar materiais que favorezan o desenvolvemento do alumnado nas diferentes áreas.
- Propoñer a adquisición de novos materiais.

- Coordinación entre os membros do D.O., titores/as, familias e outros profesionais externos implicados, coma por exemplo gabinetes psicopedagóxicos ou Asociacións de Apoio.
- Seguimento continuo da intervención co alumnado, modificando ou mantendo obxectivos, estratexias, tempos, recursos...
- Avaliación continua das aprendizaxes adquiridas.

3) **TERCEIRO MOMENTO --- ACTUACIÓNS FINAIS:**

- Avaliación final do grao de consecución dos obxectivos previstos para o alumnado.
- Colaboración na avaliación final e decisións de promoción ou permanencia.
- Valorar a adecuación das medidas desenvolvidas.
- Proponer a continuidade ou a modificación de ditas medidas.
- Recollida de aspectos organizativos e/ou curriculares máis eficaces para mantelos de cara ó vindeiro curso.
- Elaborar a memoria final.

Así, salientar que no centro contamos con **dúas aulas de apoio:**

- **Aula A:** priorizamos nesta aula o traballo con alumnos que presentan necesidades máis específicas, xa que debido ás súas dimensións, podemos estruturala por “espazos de traballo”.
- **Aula B:** debido ás súas dimensións reducidas, empregamos esta aula para traballar con un ou dous alumnos/as como máximo.

Indicar, que ambas aulas A e B van a ser compartidas por especialistas de PT e AL debido á falta de espazos.

e. Recursos

1.Humanos

Entre os recursos persoais, ademais dos mestres/as especialistas e xeralistas, contamos cos seguintes profesionais:

- 1 Orientador
- 2 Mestres/as de AL, un deles afín a PT e outra que compatibiliza a atención co labor de Secretaria do centro.

- 2 Mestras de PT, un compartido co CEIP Sada e os seus contornos.
- 2 Persoal Auxiliar Técnico Educativo.
- 1 intérprete de Lingua de Signos Española.

Outros posibles recursos externos do entorno cos que poderíamos contar son: Equipo de Orientación Específico, Servizo de Atención Temperá do SERGAS, ASPANAES e outras Asociacións de apoio á diversidade funcional, Servizos Sociais do Concello etc.

Cómpre salientar que, xa dende o pasado curso malia o aumento do volume de matrícula do alumnado con **dificultades específicas da aprendizaxe e/ou NEAE**, vimos contando cunha **importante falta de recursos humanos dentro do Departamento de Orientación do centro**, o que trae novamente consigo que unha parte do alumnado non poida recibir a atención precisa, ou ben, vexa moi reducido o tempo total de atención individualizada nas sesións.

2. Materiais

Entre os recursos materiais distinguimos:

- **Material ORDINARIO.**- Fomentárase o uso de material ordinario, coa finalidade de aproveitar todas as posibilidades deste material.
- **Material ADAPTADO.**- Nos casos e momentos no que se precise para acceder aos contidos e acadar os obxectivos.
- **Material ESPECÍFICO.**- Para a selección dos materiais establecemos uns criterios básicos: adoptar os principios de normalización e integración ao seleccionar o material; ter en conta as necesidades, preferencias e capacidades do alumnado e preferir aqueles que poidan ser utilizados por un maior número de alumnado.

Deste xeito, podemos atopar:

- Material para exercitar a psicomotricidade: bonecos de abroche e táboas de costura, material encaixable etc.
- Material para exercitar os sentidos: obxectos de diversas cores, formas, tamaños, pesos e cheiros, papeis de diversas texturas (celofán, seda, de burbulla...); sons do medio social (sons illados e encadeados) e espello.
- Material para experimentar: reloxo, reloxo de area, imáns, lupas, caixa de diversos materiais (madeira, metais, gomas, plásticos...), metros.

- d. Apoios intuitivos: miniaturas, cromos, láminas, barallas de cartas, disfraces, caretas, fotografías (de animais, plantas, parques, selvas, minerais, da familia, da escola, da localidade rural, da localidade urbana, tendas, mercados, medios de transporte).
- e. Xogos didácticos: crebacabezas, lottos, memori, xogos (oca, parchís, bingo, dados), dominó (de número, identidade e de correspondencia).
- f. Material de aproximación á linguaxe oral: libros de imaxes, xogos de imaxes, bingos de palabras etc.
- g. Material de aproximación á lectura: placas de picado, pictogramas, letras de vogais e de consonantes de diferentes materiais, tamaños e cores, paneis e paneis imantados .
- h. Material para o desenvolvemento das capacidades lóxico- matemáticas: ábacos, lottos, xogos de parellas, obxectos para ordenar, xogos de cartas, (calendario (onte/ hoxe, estacións), metros, adhesivos, corpos xeométricos, bloques lóxicos, regretas e diversos xogos de ordenador tipo “Brain games”.
- i. Material de expresión plástica: plastilina, témperas, lapis de cores, pintura de dedos.
- j. Material de expresión musical: globos, instrumentos musicais.
- k. Material de xogo simbólico: representacións de vestidos e complementos (perrucas, bolsos, colares, barbas, bigotes...), reproducións de alimentos, útiles de aseo persoal, miniaturas relacionadas co contorno natural (animais de granxa, domésticos), miniaturas relacionadas co medio urbano (sinais de tráfico, coches, semáforos...), reproducións de obxectos relacionados cos servizos de consumo (mercado, moedas, billetes, produtos...),etc.
- l. Material audiovisual: reprodutor de audio.
- m. Material informático: computador, impresora, e software educativo, tablet.
- n. Material de reforzo de contido curricular: de comprensión lectora, razoamento e resolución de problemas, etc.

5.- CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Ao longo do curso e, principalmente, a través da observación farase unha **avaliación continua**, valorando o traballo realizado, a resposta amosada polo alumnado ou a nosa actitude, entre outros aspectos.

A presentación da tarefa permitirá axustar obxectivos e contidos, modificar aspectos metodolóxicos e didácticos e incidir en calquera cuestión que se considere necesaria.

Por outra banda, sinalar que a avaliación non abranguerá só ao alumnado dado o seu xeito **global, incidindo nos propios procesos e non unicamente nos resultados acadados.**

Así, os aspectos básicos a valorar na mesma poderían ser: as relacións co profesorado, as coordinacións que se levan a cabo, as relacións de comunicación e traslado da información establecidas entre profesionais etc.

Asemade, manteremos xuntanzas periódicas co orientador, familias, profesorado e titores/as de aula, para intercambiar información e valorar o traballo realizado e as posibles necesidades que poidan ir xurdindo.

A **avaliación final** valorará todos os ámbitos do proceso de ensino-aprendizaxe que desenvolvemos, e deixaremos constancia disto por escrito, tanto dos aspectos positivos que poidan servirnos de orientación para futuras actuación, como dos negativos, que nos farán reflexionar sobre a necesidade de mellora, entendéndose ambos dous coma ferramentas cara a **toma de decisións no vindeiro curso.**

Este proceso, levarase a cabo no remate do curso sendo punto de partida para realizar a memoria final de PT que reflicte a análise cualitativa dos resultados e propostas de mellora que se consideren necesarias.

PROGRAMACIÓN XERAL DE AUDICIÓN E LINGUAXE

No presente curso o centro conta con dous **mestres de Audición e Linguaxe**, unha mestra que conta con liberación horaria por posto en equipo directivo de secretaria e outra afín coa especialidade de Pedagogía Terapéutica.

Neste curso lectivo continuarase cos apoios iniciados o curso anterior, exceptuando aquel alumnado que promocionou para a seguinte etapa, e incluíranse os casos de nova escolarización así como aqueles pendentes de valoración que o precisen.

No mes de setembro, o Departamento de Orientación reunirse para revisar os informes do curso anterior e realizar a avaliación inicial do alumnado proposto. Deste xeito poderemos identificar cales son as súas dificultades actuais e establecer os horarios de apoio segundo as necesidades detectadas. Diseñárase un **horario** flexible, suxeito a cantas modificacións se estimen oportunas ao longo do curso, en función da avaliación e evolución dos nenos e nenas. Así poderá haber altas, e por tanto, poderanse incorporar outros casos con necesidades. Ou ben, en caso de non contar coas horas lectivas suficientes para todas as necesidades, primar as situacións máis prioritarias. Todos estes aspectos realizaranse en continua coordinación co orientador do centro.

O **alumnado** atendido en Audición e Linguaxe é diverso, tanto en idade como nas características comunicativas e cognitivas que presentan. En termos xerais, as necesidades que presentan estes escolares derivan de: alteración na articulación de fonemas, retraso no desenvolvemento da linguaxe, hipoacusia, trastorno do espectro autista e dificultades na apredizaxe da lectoescritura.

O noso **obxectivo xeral** é acadar unha competencia comunicativo-lingüística o máis funcional posible, sexa no uso da linguaxe oral ou no uso dun sistema aumentativo ou alternativo de comunicación, segundo o requiran as características e necesidades específicas de cada caso.

Os **contidos** a traballar cos nenos e nenas poden incluír todos ou algún ámbito da linguaxe, tanto a nivel expresivo como comprensivo. Como son:

- **Prerrequisitos cognitivos:** atención, imitación, seguimento de instrucións, percepción e memoria visual, percepción e memoria auditiva, razoamento lóxico e velocidade de procesamento.
- **Bases funcionais:** praxias (habilidade motora de beizos, lingua, meixelas, padal e mandíbula), respiración, sopro e relaxación.
- **Nivel fonético-fonolóxico:** cualidades da voz (altura, intensidade e timbre), articulación dos fonemas da lingua de xeito illado (posición directa e inversa), articulación dos grupos consonánticos, discriminación auditiva (diferenciación dos sons do noso idioma), conciencia fonolóxica, discriminación de fonemas, palabras e oracións; habilidades metafonolóxicas, segmentación da linguaxe; memorización de palabras, frases, poesías e trabalinguas, elementos lingüísticos e non lingüísticos da linguaxe oral (pronunciación, ritmo e entoación; xesto, postura e movemento corporal).
- **Nivel semántico:** vocabulario (ampliación, sentido propio e figurado), léxico cotiá, vocabulario por centros de interese, familias léxicas, campos semánticos, homonimia, sinonimia, antonimia, polisemia, modismos, locucións, frases feitas, semellanzas, diferencias, adverbios e comprensión de ordes.
- **Nivel morfosintáctico:** estruturas básicas da lingua (palabra e oración), a palabra (clases, flexións e concordancias), marcadores morfosintácticos (xénero e número), conxugacións verbais, construción gramatical, nexos de cohesión entre enunciados, orde de organización e das ideas expresadas.
- **Nivel pragmático:** emprego da linguaxe en indistintas situacións, uso das diversas intencións comunicativas (expresar sentimentos, narrar, describir, informar, convencer, imaxinar, solicitar información...), desenvolvemento da capacidade de participación nas situacións de interacción habituais

(diálogos, debates, conversas...), adecuación da propia expresión ao contexto, representación de roles, funcións da linguaxe, interpretación de mensaxes, normas conversacionais, recursos e estratexias de intercambio comunicativo (atención, escoita, concentración, quendas de palabra, adecuación da resposta...); valoración e utilización da linguaxe como instrumento para satisfacer as propias necesidades de comunicación, e para planificar e realizar tarefas concretas.

• **Lectura e escritura:** decodificación e codificación, acento, entoación, pausas, dirección e sentido da escritura (linealidade, distribución no papel, separación de palabras...), prerequisites da lectoescritura, conciencia fonolóxica (niveis silábico, intrasilábico e segmental), asociación e regras de conversión grafema-fonema, lectura visual, lectura lúdica, lectura de textos en voz alta empregando a pronunciación, o ritmo e a entoación axeitados; utilización de estratexias que permiten resolver dúbidas na comprensión de textos; comprensión de textos e interpretación de mensaxes non explícitas; resumo de textos escritos.

Á hora de establecer as liñas xerais de **actuación pedagóxica** que guiarán o noso traballo diario cos alumnos/as, terase en conta os principios xerais recollidos no Proxecto Educativo de Centro.

Na elección da **metodoloxía** será indispensable coñecer como aprende o neno ou nena, partindo das súas necesidades e tendo en conta os seus intereses. A metodoloxía terá un carácter fundamentalmente activo, motivador e participativo. A aprendizaxe debe ser significativa, integrando os contidos novos cos que xa domina, para conseguir avances significativos e enriquecedores. As aprendizaxes deberán ter un enfoque globalizador e ser funcionais, é dicir; aplicables á vida cotiá e polo tanto favorecedores da súa xeneralización. Será fundamental a coordinación cos titores para lograr unha intervención exitosa.

As **actividades** presentadas serán variadas, con carácter lúdico e motivador. Estas deben dar a oportunidade de practicar a conduta implícita no obxectivo a acadar. Terán que proporcionar certo grado de satisfacción para o escolar. Diseñaranse varias actividades para traballar o mesmo obxectivo, sempre potenciando a participación activa do alumnado e adecuadas ás características intrínsecas de cada un.

Os **recursos materiais** empregados deben outorgar un carácter atractivo e lúdico á intervención, ser favorecedores da participación do alumnado e útiles para poder propoñer actividades de diverso grado de dificultade. Para iso contaremos tanto con material manipulativo coma tecnolóxicos.

En canto á **temporalización e agrupamentos** sinalar que terán un carácter flexible para poder adaptar a nosa intervención ás características dos escolares e ás necesidades do centro. Nas sesións relativas ás correccións articulatorias, e sempre que sexa posible, primará a intervención fora da aula.

O número de **sesións** semanais asignadas para cada caso dependerá fundamentalmente do tipo e grado de dificultades presentadas. Estas sesións terán unha duración de 50 minutos ou poderán ser divididas en medias sesións de 25 minutos no caso do alumnado de infantil ou no tratamento das dislalias.

A **avaliación** e seguimento do alumnado levarase a cabo de xeito sistemático e individualizado, o que nos permitirá revisar e mellorar a nosa intervención de maneira continuada, orientar ao alumnado e mellorar os métodos empregados.

A avaliación dos alumnos e alumnas levarase a cabo en tres fases:

- Ao comezo do curso realizarase unha **avaliación inicial** de cada caso, consistente na exploración da capacidade de comunicación, atención, respiración, articulación, fluidez verbal, percepción auditiva e visual, estruturación e uso da linguaxe comprensiva e expresiva, pragmática, historia familiar e escolar.
- Ao longo do curso, realizaremos unha **avaliación continua** de obxectivos programados, mediante o rexistro dos aspectos traballados iniciados, conseguidos ou por conseguir; que nos permitirá constatar e valorar os resultados obtidos, así como a nosa propia actuación, observando se se adapta ou non ás posibilidades e necesidades de cada neno e nena.
- Por último, realizaremos a **avaliación final**, consistente na exploración e valoración dos mesmos campos avaliados inicialmente. Ao final de curso elaboraremos un informe sobre cada caso que será entregado á orientadora do centro.

Para finalizar, sinalar a importancia da **coordinación** entre os titores, PT, familia, mestres especialistas e outros profesionais que atendan ao noso alumnado.

9.- PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

O Equipo Directivo desenvolverá o seu labor de xeito coordinado na procura de dar cumprimento aos obxectivos reflectidos tanto na presente PXA como no propio Proxecto Educativo; traballando dacordo ao establecido no horario (Anexo), e proxectando tranquilidade e motivación para emprender novas accións educativas polos diferentes membros da comunidade educativa.

10.- XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

HORARIO XERAL DO CENTRO

O horario que rexerá durante este curso será das 8:45h ás 14:10h de setembro a xuño ámbolos dous incluídos.

A distribución horaria será a seguinte:

Á hora de entrada do profesorado é ás 8:45h e a hora de saída a partires das 14:10h, agás os de garda de autobús que poderán saír unha vez suba o alumnado ao autobús.

O profesorado terá os luns as reunións propias establecidas das 16:00h ás 17:00h, así como as titorías en horario das 17:00h ás 18:00h.

Este calendario inclúe outros días diferentes dos luns, para poder dar resposta ás avaliacións dos diferentes niveis. As actividades extraescolares, desenvolveranse de luns a venres ámbolos dous inclusive, en horario das 16:00h ás 18:00 horas, haberá un equipo de dous profesores que permanecerá de garda durante este tempo (un presencial e outro dispoñible nesa franxa horaria dependendo do número de asistentes ás actividades).

- Sempre que haxa monitores/as encargados nas actividades, o profesorado de garda estará só de apoio, aínda que terán as seguintes funcións en caso de ser necesario:**

Representar ao Centro ante calquera incidente que se produza.

Informar ao Equipo Directivo das observacións que considere oportunas.

Informar á Xefatura de Estudos si se producen problemas de conducta notificados.

No caso dun accidente: poñerse en contacto coa familia e dependendo da gravidade contactar co 112.

Colaborar coa coordinador/a de extraescolares no que necesiten e dentro das súas competencias profesionais.

11. HORARIO DO PROFESORADO - QUENDAS DE VIXIANCIA – GARDAS DE ENTRADAS E SAÍDAS – QUENDAS DE RECREO. ANEXO

11.1.- ENTRADAS E SAÍDAS (ANEXO)

Todo o profesorado disporá da chave dun portalón para poder acceder ao Centro noutro horario distinto do lectivo.

ORGANIZACIÓN DE ENTRADAS E SAÍDAS HORARIO LECTIVO

Consideracións iniciais:

1º. O horario lectivo co alumnado será das 9:00h ás 14:00h agás educación infantil, que será dende ás 9:00h e saída escalonada.

2º O horario presencial do profesorado no centro será das 8:45h ata ás 14:10 – 14:15h.

3º. O profesorado deberá estar na súa aula ás 8:55h que será cando o alumnado poderá ir subindo as súas aulas.

4º No horario de saída, tocarase música ás 13:55h para indicar que ás 14:00h débese saír a entregar ao alumnado. É importante que todas as aulas estén preparadas para saír ás 14:00h segundo a orde que se estableza para que o alumnado de educación infantil e o de transporte escolar non pasen demasiado tempo esperando e poidan chegar as súas casas no tempo establecido.

5º O horario do profesorado de garda asignado a cada día será das 8:40h h ata a entrega de todo o alumnado: do transporte escolar e do alumnado que non foi recollido á hora de saída de cada clase (o procedemento nestes casos será apercibimento, en caso reiterado aviso ás autoridades competentes).

ENTRADAS E SAÍDAS:

As portas de acceso ao centro abriranse ás 8:55h e pecharanse ás 9:10h. A saída abriranse do mesmo xeito segundo o horario de recollida en educación infantil.

O alumnado de 1º, 2º e 3º de E. P. subirán pola marxe dereita das escaleiras de acceso aos andares e baixarán polo mesmo marxe.

O alumnado de 4º, 5º e 6º de E. P. subirán pola marxe esquerda e baixarán polo mesmo marxe.

Os postos de garda do profesorado nestes momentos serán os seguintes:

Na hora de entrada: nas portas de acceso un mestre/a en cada unha delas, no hall de entrada, no descansillo das escaleiras un en cada un deles, e nas plantas de cada sección de aulas outro. En total serán 8 mestres que poderán ser simultáneos cos do transporte.

E. INFANTIL:

- As familias poderán acompañar aos seus fillos/as ata a entrada de infantil. O tempo máximo indispensable.
- A saída se efectuará do mesmo xeito dentro do centro no espazo onde deixan aos seus fillos/as.

E. PRIMARIA:

- O alumnado de 1º e 2º de E. P. poderán entrar pola porta de entrada ao centro (principal), onde serán acollidos polo profesorado que estea de garda e poderán ir subindo ás aulas, onde se atopará o profesorado que imparta clase nesa primeira hora.
- O alumnado de 3º a 6º de E.P. deberán entrar polo portalón de acceso.
- O alumnado que entre pola entrada superior (a do autobús), irán entrando e acudirán a súa aula correspondente.

En todos os casos ás familias deberán quedar fora do recinto escolar.

SAÍDAS:

- Tocaré timbre ás 13:55h e música ás 14:00h, que agás infantil deberán saír todo o alumnado da súa aula para a súa entrega nos puntos que entraron ao centro.
- Na primeira planta sairán na seguinte orde: 3ºA e 3º B, 2ºA e 2º B e 1ºA e 1º B.
- Na segunda planta a orde será: 4º A e B, 5º A e B e 6ºA e B.
Se algún grupo está preparado para saír e a quen lle tocasse non o estivera, o que non está preparado deberá esperar a que saían todos e os grupos que están preparados non esperarán polo grupo que non estea preparado.
- Cada mestre/a que estea nas aulas nese momento será quen os entregue ás súas familias. Os/as titores/as deberán darlle unha lista cos que van a transporte, comedor e quen os recolle polas familias.
- Unha vez que entreguen a todo o alumnado da súa aula, se houber algún que non o viñesen a buscar, entregarase ao profesorado que estea de garda nas saídas (transporte escolar), o cal farase cargo d@ alumn@ ata a súa recollida, debendo deixar constancia ámbos desta incidencia, o titor/a cubrindo a hora na que foi recollid@.

Observacións:

- Posto que haberá familias que entren pola parte de arriba do centro, habilitarase un camiño de entrada e saída polo portalón e a entrada de arriba. Cando se entregue ao alumnado de 3º a 6º de E. P. pasarán por diante do espazo designado entre a escaleira e o portalón, para que poidan ser recollid@s polas súas familias.
- As clases que teñen Educación Física ou Música a última hora lectiva, poderán permanecer na hall de entrada coas súas cousas que xa baixaron ao comezo da clase e iran incorporando as súas quendas.

Quendas de recreo:

En educación infantil haberá 5 – 6 mestres/as segundo a matrícula (en principio cos datos de hoxe só 5).

En educación primaria haberá 6 mestres/as segundo a matrícula, que se colocarán do seguinte xeito para cubrir ás areas de: enfrente do hall de entrada, no portalón, na primeira portería, na segunda, na zona das escaleiras de acceso ao centro, e outr@ de apoio ante calquera incidencia, ante a chamada de calquer compañeir@.

Nas escaleiras de acceso dende a Rda. Camilo José Cela non poderán estar máis aló do quinto escalón e do mesmo xeito, non poderán andar pola rampa de acceso á mesma.

Ao finalizar o recreo, subirán do mesmo xeito que nas entradas e saídas ao centro.

11.2.- RECOLLIDA DO ALUMNADO AO REMATAR AS ACTIVIDADES LECTIVAS, COMPLEMENTARIAS E/OU EXTRAESCOLARES.

(Segundo a Instrucción conxunta 9/2017, da Secretaría Xeral Técnica e da Dirección de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Educación e O.U.)

1. ALUMNADO DE 5º E 6º DE PRIMARIA

O alumnado de 5º e 6º poderá saír só do Centro no horario establecido nas Normas de Organización do mesmo (14:00h), ou de fin da actividade complementaria, extraescolar ou servizo de complementario concreto, sempre que os seus pais, nais ou titores legais ou proxenitores separados con garda e custodia ao seu favor entreguen ao mestre/a titor unha autorización expresa ao efecto, que o mestre/a incorporará ao expediente do alumno/a, eximindo á Consellería de calquera responsabilidade nese sentido.

No caso de que a actividade ou servizo sexan competencia da ANPA, deberán entregar tamén outra autorización á mesma.

Para o alumnado de 5º e 6º sen autorización, será aplicable o punto 2 das devanditas Instrucións.

2. ALUMNADO DE INFANTIL E PRIMARIA

O alumnado será recollido polos pais/nais no Colexio no horario de saída establecido (13:55h – 14:00h) para as actividades lectivas, ou ben no horario comunicado pola ANPA para as actividades extraescolares e servizo de comedor, ou aquel outro que se teña comunicado para eventos concretos.

No suposto de proxenitores separados ou divorciados, a persoa encargada de recoller ao neno será a que teña a garda e custodia, agás nos días de visita que teña asignados o outro proxenitor.

Todos os pais/nais poderán autorizar a outro adulto para recoller aos nenos/as. Igualmente poderán autorizar a outro adulto os proxenitores separados ou divorciados, os días da semana que lles corresponden. Para facer efectiva ésta, deberán incluír unha ficha cos datos persoais da persoa autorizada e entregarlle ao titor/a, quen a incorporará ao expediente dese alumno/a.

Tamén poderán autorizar para a recollida a un irmán/irmá que curse 5º ou 6º de E. Primaria, cubrindo unha ficha, na que se exime á Consellería de calquera responsabilidade, cos datos persoais do alumno/a autorizado/a entregándoa á titora, quen a achegará ao expediente do alumno/a.

No caso de que os responsables de recoller aos alumnos/as non se presenten puntualmente no horario establecido, os nenos/as permanecerán custodiados no Centro durante 10 minutos, nos que se procederá a chamar ás familias. Se estas chamadas resultasen infructuosas, ou continúe a transcorrer o tempo sen que ningún responsable se presente a recoller aos nenos/as procederá a pór en coñecemento dita situación á Policía Local o que pode determinar a condución dos escolares ás súas dependencias, ademais das actuacións que considere a mesma.

Os responsables de recoller ao alumnado terán a obriga de reportar ao Centro calquera demora que poidan sufrir.

12.- PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA.

No presente curso tense previsto continuar nos plans de mellora da biblioteca. En aras de promover innovacións e dinamizacións de experiencias para a comunidade educativa en conxunto, temos tamén os proxectos seguintes:

- Patios vivos, que forma parte do proxecto Mestra de Obra do sistema LUPO.
- Erasmus+. Preparación. Formación.

Todos estes programas poden sufrir unha merma no seu desenvolvemento pola falla dun posto do catálogo de postos dos centros públicos da CCAA de Galicia, e por tanto, non estar en igualdade de condicións que o resto dos centros da mesma categoría.

1.- ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO.

En cumprimento do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG 25/05/ 2010), solicitouse, no momento da matrícula, información ás familias do alumnado de tres anos respecto da lingua materna predominante entre o alumnado.

O resultado da pregunta foi o seguinte;

Novo alumnado matriculado en 4º de E.Infantil	35
Alumnado que ten castelá como lingua materna	18
Alumnado que ten o galego como lingua materna	4
Alumnado que ten as dúas linguas maternas	12
Alumnado que ten outra lingua materna (galego máis portugués)	1
Non contestan	-----

13. DISTRIBUCIÓN DA LINGUA NAS DIFERENTES MATERIAS DE E. PRIMARIA PARA ACADAR O EQUILIBRIO ESTABLECIDO POLO DECRETO 79/2010.

En cumprimento do establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG 25/05/2010) e o Decreto 105/2014, polo que se establece o currículo de E. Primaria na C. Autónoma de Galicia (DOG 09/07/ 2014), e co obxecto de equilibrar ao máximo a distribución da lingua nas materias nas que este punto non está determinado normativamente, nas Concrecións Curriculares do Proxecto Educativo establécense a seguinte distribución de lingua por materias:

- Lingua galega: E. Física e Plástica.
- Lingua castelá: Música, Relixión e Valores sociais e cívicos.
- Materia de libre configuración en 4º e 6º: Incrementarase unha sesión á Plástica en 5º de E. P. e en 6º de E. P. reforzo titoría, impartíndose en galego.

ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE PARA QUE O ALUMNADO DE E. INFANTIL ADQUIRA, DE FORMA ORAL E ESCRITA, O COÑECEMENTO DAS DÚAS LINGUAS OFICIAIS.

Para conseguir que o alumnado adquiera, de forma oral e escrita, o coñecemento das dúas linguas oficiais, aplicarase o previsto no Proxecto Lingüístico do Centro dacordo coa normativa vixente:

Impartirase en galego a metade da xornada e en castelá a outra metade.

Fomentarase a adquisición progresiva da lecto-escritura en galego, comezando pola lingua castelá, pero introducindo vocabulario significativo en lingua galega.

VALORACIÓN DOS PROXECTOS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

A valoración dos proxectos e actividades ten que ser positiva pois a coordinación e o traballo conxunto dos dintintos equipos permite acadar os obxectivos establecidos:

- Potenciar o uso do idioma galego na nosa comunidade educativa.
- Potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, arte, tradicións...etc. no ensino.
- Acadar unha valoración positiva do uso da lingua propia e mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Desenvolver as actividades do Equipo en estreita colaboración co Equipo de Biblioteca do Centro, co obxecto de obter o máximo rendemento do traballo realizado.
- Colaborar o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares no deseño e realización daquelas actividades relacionadas coa historia, cultura e realidade galega.
- Traspasar o uso da lingua do límite da comunidade escolar ao ámbito familiar e social dos nenos e nenas.
- Colaborar co Equipo Tics para incorporar o galego ás novas tecnoloxías.

A coordinación entre todos os equipos do Centro permite a incorporación do galego de xeito natural a toda a actividade e proxectos que se desenvolven durante o curso.

14.- LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO.

Atendendo ao calendario de implantación da LOMLOE, este ano conviven dúas leis educativas no calendario de aplicación da mesma.

15. OFERTA EDUCATIVA DAS DISTINTAS OPCIONS RELIXIOSAS E ACTIVIDADES PREVISTAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE NON OPTE POR ENSINANZAS DE RELIXIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL.

Segundo consta nas Concrecións Curriculares do noso Proxecto Educativo, a organización deste aspecto será a que se indica a continuación:

EDUCACIÓN INFANTIL

Realizárase en horario simultáneo ás ensinanzas de relixión desdoblado o grupo e traballando uns na aula e outros na aula de informática. Serán actividades relacionadas coa biblioteca.

16. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO.

O Plan de Autoprotección do Centro foi elaborado pola empresa GESPLAN o curso 2017-2018, quedando reflectido entón dentro do Proxecto Educativo, e realizándose anualmente un simulacro de evacuación dentro do primeiro trimestre de cada curso escolar.

17. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

A Secretaria do centro coordinará a distribución horaria e o labor deste plantel de persoal, co que se conta actualmente: conserxe (funcionaria municipal), unha administrativa (funcionaria da Consellería), dúas coidadoras (persoal non docente da Consellería), unha intérprete en lingua de signos e tres limpadoras (empresa contratada polo Concello), cos seguintes horarios:

- Conserxe:

Mañáns: de luns a venres de 8:30 a 14:15 horas.

Tardes: Luns: 15:45 a 19:15 horas

De martes a venres: 15:45 a 18:15 horas.

- Administrativa:

Mañáns: de luns a venres de 8:50 a 14:00 horas.

Tardes: Luns: 16:00 a 19:00 horas

- Coidadoras:

A súa xornada laboral de 37,5 horas semanas distribuídas segundo ás necesidades do alumnado dentro do seu convenio laboral.

- Persoal de limpeza:

Unha das limpadoras desenvolve o traballo en xornada de mañá e de tarde e as outras dúas exclusivamente de tarde, cumprindo co seguinte horario:

- Limpadora nº1: de luns a venres de 9:00 a 14:00 e de 18:00 a 21:00 horas.
- Limpadora nº2: de luns a venres de 17:00 a 22:00 horas.
- Limpadora nº3: de luns a venres de 19:00 a 21:00 horas.

18.- HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

O horario de atención ao público será o seguinte:

EQUIPO DIRECTIVO:

- Director: 12:30h á 13:30h. Previa cita.
- Xefa de Estudos: 9:00h á 9:50h. Previa cita.
- Secretaria: 13:10h – 14:00h. Previa cita.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN ADMINISTRACIÓN

De luns a venres de 9:30 á 11:00 e de 12:45 á 13:30 horas.

ATENCIÓN DO PROFESORADO ÁS FAMILIAS

Todos os luns de 17:00 a 18:00 horas. Realizaranse titorías presenciais, telemáticas ou telefónicas segundo as circunstancias de cada familia e titoría.

19.- PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Manter unha comunicación e colaboración constante coas familias para tratar todos os temas que xurdan durante o curso.

Entendemos a relación familia – escola como un dos piares básicos na educación, polo que para fomentala, existen diversas vías de comunicación e participación:

- De xeito formal as familias participan e comunícanse a través da ANPA e do Consello Escolar.
- De xeito informal a través da relación directa que estableza o profesorado, o Orientador ou os membros do Equipo Directivo coas familias mediante titorías, entrevistas, conversas informais, e relacións indirectas empregando notas informativas, taboleiro de anuncios, páxina web, e **mensaxería Abalar Móbil entre outras.**

Respecto da etapa de Educación Infantil, indicar que as mestras dos diferentes grupos e niveis educativos, manteñen unha relación e intercambio de información permanente coas familias, para comentar tanto aspectos xerais do curso coma da evolución do alumnado.

Ao longo do curso todas aquelas entrevistas individuais necesarias, realizaranse todos os luns de cinco a seis da tarde (previa cita); malia que debido á actual situación sanitaria fomentárase que estas se realicen de xeito telemático.

20.- PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

Funcionan 3 roteiros de transporte escolar, dúas compartidas co CEIP María Pita (Pombo e Rico). Recollen alumnado das zonas de Eirís, Os Castros, Pasaxe e Sta Gema, realizando as paradas que se indican a continuación:

EMPRESAS E PARADAS DO TRANSPORTE ESCOLAR

EMPRESAS E PARADAS DO TRANSPORTE ESCOLAR		
(1ª parada aproximadamente ás 8:25 horas)		
Nova empresa	Nova empresa	Nova empresa
Santa Gema	Avda da Pasaxe/Materno	Ponte Pasaxe
Fábrica de Armas	Avda da Pasaxe/Conserveira	Palavea (bus 22)
Oncolóxico	Avda da Pasaxe/Gasolinera	Alcampo (bus 1A)
La Calleja	Os Castros	
Bar “Las Cadenas”	Pr. da Concordia	
	Avda. de Oza 164	
	Avda. de Oza 124	
	A Gaiteira- Citroën	

As saídas e chegadas do alumnado transportado sempre están vixiadas por profesorado de garda, o horario aparece reflectido no anexo horario.

Debido á limitación do número de prazas nos autobuses compartidos co CEIP María Pita, Pombo e Rico, pode ser preciso denegar algunhas autorizacións extraordinarias en ambos centros para adaptar o número de usuarios ao de prazas dos respectivos autobuses. Aplícanse os criterios establecidos nas Instrucións remitidas pola Consellería para o transporte escolar. Segundo estas Instrucións, denegaríanse o número de autorizacións necesarias, para que os usuarios con dereito ao transporte teñan asegurada unha praza no mesmo:

- En primeiro lugar, as autorizacións extraordinarias do alumnado que non teña o seu domicilio nas cercanías da ruta do autobús.
- En segundo lugar, as autorizacións extraordinarias para o alumnado das paradas máis cercanas, e dentro do alumnado destas paradas, os maiores.

PROTOCOLO DE TRANSPORTE ESCOLAR

A referencia ao citado documento, queda recollida nas Normas de Organización e Funcionamento do centro con data 26-6-2014.

Todos os interesados/as en facer uso deste servizo complementario deberán presentar solicitude, teñan ou non dereito lexítimo ao mesmo, dentro do prazo establecido ao final de cada curso.

Unha vez rematado o prazo, non se poden recoller novas solicitudes e só podería haber altas en caso de que a Inspección escolarice a un alumno/a da zona que viva máis de dous kms, é dicir, que sexa usuario lexítimo.

A incorporación dun usuario lexítimo a metade de curso, podería supor a baixa doutro autorizado excepcionalmente, no caso de que as prazas no autobús non fosen suficientes.

A finais de cada curso, comunicarase a todas as familias a necesidade de presentar a solicitude para utilizar o servizo no curso seguinte, así como o prazo establecido para o mesmo.

Recolleranse as recibidas en prazo, e cursaranse ante a Xefatura Territorial as solicitudes de autorización excepcional.

As listaxes de alumnado usuario de transporte, publicaranse ao inicio de cada curso nas cristaleiras do Centro.

A autorización excepcional só supón dereito a utilizar o transporte durante o ano académico para o que se ten autorización **no caso de que non se precisasen máis prazas**. Se durante o curso, por incorporación de novas matrículas de alumnado con dereito ao servizo, estas fosen necesarias, podería revocarse a autorización excepcional a algún alumno/a. A orde para as baixas sería sempre: en primeiro lugar, alumnado da parada de menos distancia ao Centro, e entre os usuarios desta, os maiores.

Todo o alumnado usuario de transporte está obrigado a facer uso do mesmo **todos os días, nas dúas viaxes**, pois do contrario, segundo establece a normativa, perdería esta condición e sería dado de baixa. Só estarán exentos desta esixencia os alumnos/as de comedor, no servizo de mediodía, e os “Madrugadores”, no da mañá. Polo tanto non se poderá facer uso do autobús determinados días fixos á semana.

TARXETAS DE TRANSPORTE

Ao principio de curso entregarase a cada usuario un folio a cor con diferentes tarxetas de transporte impresas e unha funda para colgar as mesmas.

As liñas de transporte diferéncianse pola cor das tarxetas:

- 1ª Ruta: Tarxetas de cor verde.
- 2ª Ruta: Tarxetas de cor amarela.
- 3ª Ruta: Tarxetas de cor vermella.

Existen, en cada cor, catro tipos de tarxetas con diferentes debuxos:

- Autobús: indica que o alumno/a irá no autobús a mediodía.
- Cubertos: indica que quedará no comedor.
- Familia: Indica que ese día en concreto será recollido pola familia e non irá no autobús a mediodía.
- Nome e teléfonos.

Para evitar problemas, e dada a complexidade do traballo de distribuír adecuadamente ao alumnado ao mediodía, evitando sustos para todos, as familias deberán colocar cada día a tarxeta co debuxo adecuado, pola parte de diante da funda, e a dos teléfonos pola parte de atrás, o que permitirá:

- Que non enviemos á casa a un neno/a que deba quedar a comer.
- Que non o metamos na ringleira de autobús se o van a vir buscar, ou vai a quedar a comedor.
- Que a coidadora do transporte poida chamar á familia por teléfono no caso de que ninguén acuda a recollelo á parada.

Pregamos ás familias que fagan fotocopia, na mesma cor, das tarxetas antes de esgotalas, pois o Centro non repoñerá fundas nin tarxetas.

Cada autobús ten unha cor diferente, que permite ao persoal de garda identificar inmediatamente ao alumnado de cada roteiro.

O uso das fundas coas tarxetas é obrigatorio para poder facer uso do servizo de transporte.

NORMAS ESTABLECIDAS POLA INSTRUCCIÓN 9/2017 SOBRE A RECOLLIDA DO ALUMNADO USUARIO DE TRANSPORTE ESCOLAR NAS PARADAS DO MESMO.

RECOLLIDA NAS PARADAS DE TRANSPORTE ESCOLAR.

O alumnado transportado deberá ser recollido polos seus responsables (pais/nais, proxenitor coa garda e custodia ou con réxime de visitas en días lectivos) os cales comunicarán ao Centro os seus teléfonos de contacto, que serán achegados aos monitores do autobús e ás empresas de transporte.

No caso de que os mencionados responsables autorizasen para substituílos na recollida dos escolares a outros adultos ou irmáns de 5º ou 6º de Primaria, ou maiores, terán que entregar no Centro autorización expresa para facelo. Na autorización constarán os nomes, apelidos e, no seu caso, DNIs dos autorizados. O Centro fará chegar as autorizacións ás empresas de transporte.

Os autobuses esperarán nas paradas o tempo necesario para asegurar a recollida dos nenos/as que, en todo caso, nunca excederá de 5 minutos. Transcorrido este tempo, continuarán co seu itinerario habitual, levando consigo aos escolares non recollidos.

Nos supostos de escolares non recollidos nas paradas correspondentes polos seus responsables ou polos adultos ou menores autorizados, os acompañantes escolares ou encargados das empresas chamarán aos

teléfonos facilitados polas familias dos nenos/as para que acudan ás seguintes paradas da ruta ou ben recollan aos alumnos/as nas dependencias da empresa, nas que permanecerán ao coidado dos acompañantes ou encargados das empresas ata a hora do seu peche diario. Se chegada a hora de peche das instalacións da empresa transportista, as persoas responsables dos nenos/as non se presentan a recollelos, os encargados da empresa de transporte escolar os levarán as dependencias da Policía Municipal ou cuartel da Garda Civil que corresponda, incluída a posibilidade de informar ao Servizo Provincial de Menores correspondente por se puidera darse un delito de abandono.

AUTOBÚS ESCOLAR:

- Habará como sempre, gardas de entradas e saídas e do autobús escolar, que deberán estar no seu posto na totalidade do profesorado asignado ese día para cumprir as súas funcións. Recoméndase en todo caso estar ás 8:40h pola mañá.
- O alumnado que utilice o transporte escolar que chegue antes das 8:55h que será cando se abran as portas e o profesorado deba estar nas súas aulas, permanecerán no hall de entrada ata as 8:55h podendo subir xa a esa hora.
- O alumnado de transporte á chegada irán por parellas (grande/pequen@), e irán así acompañando ata á entrada ao interior do centro.
- A hora de saída, o alumnado usuario do transporte escolar esperará no andar da súa aula en fila ata a súa recollida. Non poderán quedar sos na aula.
- Baixarán primeiro os de 4º, 5º e 6º para ir recollendo por parellas aos de menor idade.

REGULACIÓN DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

Funciona o servizo de comedor escolar financiado e xestionado pola ANPA do Centro.

Neste sentido o novo Regulamento sobre o seu funcionamento, elaborado por dita asociación, e incorporado ao Proxecto Educativo no 2018, adaptarase novamente no presente curso ao disposto no Protocolo Específico para este servizo editado pola Consellería, por mor da actual situación sanitaria.

21. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

As actividades lectivas desenvólvense en xornada única de mañá, de 9:00 a 14:00h. O Centro permanece aberto para o alumnado de 7:30 a 18:00 horas:

- 7:30 - 9:00h.....Programa Madrugadores.
- 9:00 - 14:00h..... Actividades lectivas.
- 14:00 - 15:00h.....Servizo de garda e custodia.
- 14:00 - 16:00h.....Servizo de comedor escolar.
- 16:00 – 18:00h.....Programa de actividades extraescolares.

A partir das 18:00h, fóra do horario de supervisión do profesorado, o Centro poderá permanecer aberto para realizar actividades programadas pola Consellería, ANPA, Concello, Asociacións, etc, previa solicitude por escrito perante a Dirección, sempre que:

- Non se interfira no labor do persoal de limpeza.
 - A entidade se faga cargo dos gastos ocasionados, de ser o caso.
 - Aporte o material e/ou equipamentos necesarios para o desenvolvemento da actividade.
 - Se faga responsable por escrito da reposición de instalación, materiais e/ou equipamentos deteriorados no transcurso da actividade desenvolta, se é o caso.
 - O Centro considere adecuada a actividade dentro do interese para a comunidade educativa e respectando a lexislación vixente.
 - A situación socio-sanitaria o permita.
- **Para a apertura do Centro a partir das 18:00 será imprescindible contar con persoal para a vixilancia das instalacións.**

Ademais das que poidan xurdir ao longo do curso, as instalacións do centro foron ata o momento solicitadas e cedidas para as actividades presentadas pola...

ANPA RASA do CEIP Ramón de la Sagra:

Para desenvolver o programa de actividades extraescolares presentadas no consello escolar de xuño e aprobadas no consello escolar de xuño e setembro de 2022. (Anexo).

22. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTO POLA ANPA.

CONCILIACIÓN E COMEDOR

- Programa madrugadores: xestiona ANPA do centro. Horario de 7:30h ás 9:00h.
- Comedor: xestiona ANPA do centro. Horario de 14:00h a 16:00h.

+ Poderá existir algunha modificación nas actividades dependendo do número de alumnado.

Engádesse anexo II.

23.- PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Ao longo do curso realizaranse avaliación das actuacións realizadas por ver se fose necesario realizar reaxustes sobre o previsto na PXA.

Ao final do mesmo, avaliarase o seu grao de cumprimento, quedando este reflectido na Memoria Anual de centro.

24.- ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PLAN DE CONVIVENCIA PARA O ANO ACADÉMICO

O Plan de convivencia aprobouse en sesión do Consello Escolar celebrada o 30 de xuño de 2011. Dado que o mesmo día no que se aprobou o novo Plan de Convivencia do Centro foi aprobada a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/07/2011), durante o curso 2011-12 acometeuse a tarefa de revisalo para adaptalo á nova normativa, desenvolvida logo no Decreto 8/2015 (8 xaneiro), continuando vixente na actualidade, pendente de actualización coa normativa nova.

As actuacións previstas para o presente curso son:

- Adquisición de valores de cooperación e solidariedade, concebindo o diálogo coma ferramenta fundamental para a resolución dos posibles conflitos no día día.
- Desenvolvemento das habilidades sociais propias para relacionarse dacordo á nova situación sociosanitaria que estamos a vivir, cooperando nos grupos estables de convivencia e expresando ideas, inquedanzas, emocións ou os propios sentimentos.
- **Favorecemento do respecto á diversidade de crenzas, culturas e modos de vida e opinións, coma elemento enriquecedor para desenvolver actitudes comprometidas e solidarias cara aqueles menos favorecidos.**
- Reforzar mediante a acción titorial o desenvolvemento das competencias socioemocionais do alumnado, e máis o cumprimento do Plan de Convivencia, impulsando medidas preventivas para mellorar o clima escolar.

25. PLAN DE MELLORA CEIP RAMÓN DE LA SAGRA CURSO 2022/2023

- Xustificación da necesidade de participación nos programas PROA +.... 2
- Obxectivos propostos..... 2
- Medidas a desenvolver e temporalización..... 3
- Estratexias de coordinación entre centros na transición do alumnado de Primaria a ESO...4
- Implicación das familias do alumnado e doutras institucións.....4
- Colaboración da Administración Local e outras.....5
- Necesidade de novos recursos para o desenvolvemento do programa.....5
- Proceso de seguimento e avaliación interna do programa.....5
- Indicadores.....6

1. XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DE PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA

Unha das razóns fundamentais ás que se atende para xustificar a participación do noso centro dentro das iniciativas PROA + no vindeiro curso escolar 2022/2023, reside na necesidade urxente de dar **continuidade e progresión** ás medidas iniciadas no presente ano escolar.

Asemade, coma reflicten os datos recollidos en aplicacións institucionais como DRADI, no centro Ramón de la Sagra contamos cun **importante volume de alumnado que presenta Necesidades Específicas de Apoio Educativo**, o que require especialmente na etapa de Educación Infantil pero tamén na de Primaria, planificar unha intervención *integral, individualizada e específica* segundo cada caso, para a que non temos ao noso dispor os **recursos humanos necesarios e suficientes** no actual plantel do Departamento de Orientación, de aí a necesidade de contar con **dotacións complementarias** coma a que proporcionan os citados programas, para facela efectiva da maneira máis axeitada e eficiente que resulte posible.

Ao fío da razón anterior, cómpre salientar o **alumnado escolarizado en período extraordinario, incorporándose progresivamente unha vez iniciada a actividade lectiva**.

Se a isto engadimos un **importante volume de matrícula**, que no momento en que presentamos o presente Plan de Mellora, alcanza os **411 nenos/as** nas etapas de Educación Infantil e Primaria, cremos aportar razóns suficientes para que se considere a nosa inclusión dentro do Programa.

Cabe salientar tamén, que dado que a contorna socio-laboral dunha grande parte das familias do noso alumnado está vencellada aos *sectores comercial e de servizos*, as situacións de **vulnerabilidade** entendida nos termos nos que regula a participación no citado Programa, virónse acrecentadas por mor das consecuencias derivadas da situación de pandemia.

2. OBXECTIVOS PROPOSTOS

- Diminuír a taxa de alumnado que promociona con materias pendentes do curso anterior, especialmente no ámbito lingüístico.
- Mellorar a dotación de recursos materiais, tecnolóxicos e humanos, contribuíndo así á compensación de desigualdades entre o noso alumnado e as súas familias.
- Tratar de incrementar o índice de éxito escolar entre o alumnado ao que se dirixe o Programa, facendo especial fincapé nas incorporacións que por distintos motivos, teñen lugar unha vez iniciado o curso escolar.
- Afondar na planificación de metodoloxías activas que faciliten a inclusión e a resposta educativa integral para aquel alumnado que presenta Necesidades Específicas de Apoio Educativo, en especial as relacionadas coas condicións persoais ou de historia escolar ou as *Dificultades Específicas de Aprendizaxe*.
- Potenciar os recursos dispoñibles cos que favorecer á *inmersión* daquel alumnado/a que descoñece unha ou ambas linguas vehiculares na nosa Comunidade Autónoma.
- Contribuír ao correcto asentamento das habilidades instrumentais e hábitos de estudo eficaces entre o noso alumnado.
- Favorecer o reforzamento das competencias clave, e transversais ás áreas curriculares propostas para a etapa de Educación Primaria, incidindo especialmente nas CCL e CMCT.

3. MEDIDAS A DESENVOLVER E TEMPORALIZACIÓN

Cómpre indicar que, a temporalización para o **deseño e posta en práctica** do conxunto de medidas que artellan este Plan de Mellora **2022/2023**, planificarase cun carácter **aberto e flexible** que permita adaptarse da maneira o máis axeitada e eficiente que sexa posible; en función das variacións no contexto sanitario no que nos atopamos, así coma tamén doutras circunstancias **non previstas** que poidan ir xurdindo ao longo do curso, incidindo nas incorporacións progresivas de alumnado e/ou profesorado en diferentes puntos do mesmo.

En referencia ao conxunto de **MEDIDAS** a implementar ao longo do presente Plan, co que xustificamos a nosa participación como Centro de Educación Infantil e Primaria na iniciativa PROA +, cómpre salientar as citadas a continuación:

- Desenvolvemento de *traballos, pequenas investigacións e exposicións* coas que fomentar as **habilidades de alfabetización, tratamento da información e creatividade** no alumnado, no marco do Proxecto Anual de Centro para o vindeiro curso 2022/2023.

- Planificación de *agrupamentos diversos* ao longo da xornada, fomentando a axuda entre iguais e a inclusión do alumnado, respectando os *distintos ritmos, estilos cognitivos e de aprendizaxe e nivel de asentamento das aprendizaxes básicas así coma as situacións socioculturais presentes dentro das aulas*.
- Favorecer a implicación persoal do alumnado na creación ou deseño de **materiais de aula** alternativos, a partir dos que reforzar as competencias lingüística e matemática dun xeito *motivador, manipulativo e contextualizado*.
- Promover a aprendizaxe *significativa, funcional e duradeira* a partir de hipóteses, situacións, conversas e diálogos, noticias ou inquiredanzas propostas polos propios nenos/as usuarios do programa e do grupo de referencia en xeral, como base para o **correcto asentamento de hábitos, aprendizaxes básicas e motivación cara ao esforzo e estudo persoal**.
- Contribuír a mellorar **as relacións interpersoais e cohesión dos grupos**, como base fundamental para crear un *clima de traballo e convivencia* axeitado no día a día, incidindo en que os alumnos/as de recente incorporación ou que presentan necesidades persoais que requiren de *atención específica*, se sintan acollidos, seguros e motivados a continuar aprendendo e progresando no día a día, dando continuidade a propostas iniciadas no curso anterior coma os *xogos* no tempo de lecer, ou outras actividades de animación a lectura que parten da Biblioteca do centro.

4. ESTRATEXIAS DE COORDINACIÓN INTERCENTROS NA TRANSICIÓN Á SECUNDARIA

Tendo conta do contexto de excepcionalidade no que se estiveron a desenvolver estes dous últimos cursos escolares, as estratexias para **impulsar** a coordinación entre o noso centro e o IES adscrito Otero Pedrayo ou ben outros da zona como Monelos ou Elviña nos que soe matricularse parte do noso alumando, serán un **eixo fundamental a impulsar** dentro deste Plan de Mellora.

Por unha banda, cómpre retomar e ampliar novas propostas máis alá das Xornadas de Acollida que se viñan mantendo, reforzando a **participación activa presencial ou en liña** do alumnado de 6º nivel que comezará a nova etapa de Educación Secundaria, recollendo as súas *inquiredanzas, dúbidas, suxestións de mellora, afeccións...e por suposto, as súas necesidades e características persoais*, coma elemento enriquecedor ao enfrontar ese momento educativo e evolutivo tan fundamental.

Así, sería interesante, alén da coordinación establecida para este fin a través dos **Departamentos de Orientación** de ambos centros, achegar aos nosos alumnos/as de 6º ao *interior* do que será o seu novo centro escolar, dando a coñecer e abrindo á participación deles/as en propostas con alumnado doutros grupos PROA ou similares, de ser posible, ou outros programas de innovación en Biblioteca, intercambios lingüísticos ou actividades deportivas ou culturais que estea previsto levar a cabo.

Con todo, para motivar ao noso alumnado no tránsito entre etapas, consideramos esencial a implicación do **profesorado titor/as** de cada grupo-aula, así coma daqueles **mestres/as asignados** pola Administración para implementar o **Programa**, neste caso PROA +, no caso de resultar o centro seleccionado.

4. IMPLICACIÓNS DAS FAMILIAS E OUTRAS INSTITUCIÓNS

Coma se indicaba na xustificación deste Plan, dado que a realidade educativa do noso CEIP ten presente un importante volume de **alumando que presenta Necesidades Específicas de Apoio Educativo ou situacións de vulnerabilidade socieducativa asociadas**, impulsar a colaboración das familias resulta fundamental dende os primeiros pasos do Programa.

Esta necesidade non reside só nos **requirimentos** de información básica e *permisos* necesarios na **fase inicial de organización** deste Programa de Apoio e Recuperación de aprendizaxes, senón tamén do intercambio sobre a súa evolución e **dinámica** ao longo dos trimestres, especialmente en canto á progresión alcanzada polos alumnos/as usuarios ou as posibles modificacións our **reaxustes** que foron necesarios.

Neste sentido, gran parte do alumnado seleccionado para tomar parte no citado Programa, presenta **necesidades educativas ou dificultades específicas da aprendizaxe** vencelladas a procesos cognitivos ou habilidades básicas coma a *lectura, escritura, cálculo e razoamento lóxico-matemático*, sendo de vital importancia para o seu axeitado desenvolvemento, **coordinar a intervención** cos profesionais dos **gabinetes externos ou asociacións de apoio** ás que moitos deles/as acoden periodicamente a recibir *terapia de reeducación ou educativa* complementaria.

5. COLABORACIÓN DA ADMINISTRACIÓN LOCAL E OUTRAS

Tendo conta da importante incidencia das situacións de **vulnerabilidade social, laboral e educativa** entre o noso alumnado e as súas familias, consideramos prioritario para o bo funcionamento deste Plan de Mellora, manter un **seguemento e colaboración** permanente tanto co Servizo Municipal de Educación, como coas Educadoras/Traballadoras dos Centros Cívicos da zona, fundamentalmente o de Monelos.

Por unha banda, isto faise necesario para facilitar a **detección e atención precoz** de necesidades urxentes a nivel asistencial e educativo non só entre o alumnado usuario do Programa, senón de todo o conxunto atendido no noso Centro nas diferentes etapas educativas.

Dicir tamén que **actividades extraescolares ou de reforzo e acompañamento escolar fóra do horario lectivo**, como poden ser os *Obradoiros de estimulación da linguaxe, o Apoio Escolar de 3º-6º de Primaria e 1º curso de ESO*, ou mesmo o **Programa de Apoio e Intervención** a nivel familiar, resultan un recurso

esencial de formación complementaria e educación integral para os nosos nenos/as, mellorando **non só os aspectos curriculares senón tamén os hábitos de estudo, convivencia e socialización con adultos e iguais** en xeral.

Asemade, aínda que en casos máis concretos, fundamentalmente de alumnado **procedente do estranxeiro** resulta imprescindible continuar a colaboración iniciada con **ONG** coma *Mestura-Culleredo-* ou **ACCEM** entre outras, ao ser estas institucións un pilar fundamental na **alfabetización** cando existe un grave descoñecemento das linguas vehiculares no día a día da escola.

6. NECESIDADE DE NOVOS RECURSOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Como xa se veu argumentando ao longo do presente Plan, resulta imprescindible contar con **recursos humanos complementarios a tempo completo no centro, ben con perfil de especialista en Pedagogía Terapéutica ou ben en Primaria**, para facer posible o eficaz desenvolvemento do mesmo en base aos obxectivos e estratexias fundamentais planificadas.

Alén das necesidades no plantel humano, dada a realidade e contexto do alumnado usuario ao que se dirixe esta iniciativa, un pilar fundamental son os **medios materiais e tecnolóxicos** que nos permitan suplir, ao menos en parte a *fenda dixital e vulnerabilidade*, á que vimos facendo referencia no presente documento.

Así, precisaríamos aumentar a **dotación de dispositivos como tablet ou ordenadores portátiles** cos que facilitar e motivar a adquisición de aprendizaxes básicas ao alumnado con condicións especiais a nivel persoal, de diversidade funcional ou pola súa historia escolar previa.

Sería esencial tamén, pola importancia que a **lectura e escritura** teñen no acceso á información como actividade de lecer ou coma base para a adquisición de novos coñecementos, aumentar os recursos da Biblioteca Escolar, para **baixo o enfoque de lectura fácil** poñer ao dispor novos materiais manipulativos, **libros sensoriais, contos en pictogramas, dicionarios visuais, láminas para favorecer a expresión oral...etc** que favorezan o asentamento do hábito lector e a curiosidade por aprender, especialmente aos nenos/as que presentan NEAE.

Por último, indicar a necesidade de **ampliar dotación de xogos que favorezan a aprendizaxe lóxico-matemática** como *barallas e xogos de mesa, corpos xeométricos, mapas en relevo ou texturas, xogos interactivos de preguntas e respostas-Brain box ou similar-*, dado que a CMCT é outro dos eidos aos que cómpre dirixir estratexias de recuperación e reforzo, ao ser unha das áreas con maior desfase curricular entre o alumnado, especialmente aquel que **non promociona** de nivel no pasado curso escolar.

7. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN INTERNA DO PROGRAMA

De igual maneira que o proceso de avaliación da nosa práctica como docentes e máis tamén das aprendizaxes do alumnado usuario, a **valoración do Programa** require dun proceso de **seguemento, reflexión e mellora continúa** tanto da organización e planificación xeral, coma da dinámica de cada grupo-aula e das propostas desenvolvidas en cada un deles ao longo da xornada escolar, en base ao horario previamente establecido dacordo ás necesidades.

Así, a **avaliación interna** estará baseada na información recollida ao longo das semanas e trimestres, coincidindo neste caso coa realizada na Xunta de Avaliación do propio centro, ou de non ser posible, durante o desenvolvemento das *reunións de coordinación docente (CCP)* que corresponda en cada momento.

Dita información, considerará as achegas e intercambios co propio alumnado usuario, mestres/as titores, especialistas, Departamento de Orientación, familias e profesionais externos implicados no proceso; así coma a **observación dos nenos/as e a valoración das propias producións e actividades** desenvoltas ao longo do programa.

Por outra banda, para facer efectivo este proceso de avaliación, terase conta das *enquisas, cuestionarios ou instrumentos de recollida normalizados*, que se poidan achegar aos centros que resulten seleccionados, como documentación complementaria que cómpre cumprimentar acerca do Programa.

8. INDICADORES

Atendendo á finalidade fundamental do Programa que solicitamos dende o noso centro, proporase un **conxunto de indicadores fundamentais** que permitan valorar a progresión e logros acadados polo alumnado no seu proceso de aprendizaxe, o índice de motivación, participación e implicación nas actividades realizadas, así como tamén os atrancos e dificultades atopadas, e como todo Programa que implica deseño e posta en práctica dunha planificación previa, propostas de **mellora** baseadas nestes.

Así, **algúns dos indicadores a ter en conta poderían ser** : *regularidade na asistencia ao centro e as sesións, participación e interese amosado polo alumno/as nas actividades, taxa de éxito nas avaliacións trimestrais, nº de materias pendentes do curso anterior que alcanzan a recuperar, ou ben con que promocionan ao seguinte curso ou etapa ao remate do Programa.*

Logo de definir os indicadores relativos as aprendizaxes acadadas, cómpre facelo respecto da **organización e dinámica do propio Programa**, considerando entre outros aspectos información sobre: *grao de satisfacción das familias respecto do Programa e do alumnado usuario en relación ao docente seleccionado para impartilo, adecuación dos espazos nos que desenvolveu diariamente, grao en que a selección de materiais resultou axeitada para dar resposta ás necesidades do alumnado, especialmente aquel que presenta Necesidades Específicas de Apoio Educativo, motivación do alumnado cara ás propostas realizadas, grao en que as propostas favoreceron a inclusión e integración do alumnado no grupo de referencia.*